

# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CEIP PLURILINGÜE BARRIÉ  
DE LA MAZA - SANTA  
COMBA

CURSO 2020-21

# **ÍNDICE**

## **Introdución**

- 1. Obxectivos**
- 2. Medidas a desenvolver para a súa consecución**
- 3. Recursos previstos para o efecto**
- 4. Concreción anual do PEC**
- 5. Cadro de organización pedagóxica**
- 6. Plan de actuación dos órganos colexiados**
- 7. Plan de actuación do equipo directivo**
- 8. Xornada escolar. Horario do centro**
- 9. Programación e calendario de reunión dos Órganos de Goberno**
- 10. Programación e calendario de reunións dos Órganos de Coordinación Docente**
- 11. Participación do profesorado do Centro en programas de Innovación Educativa**
- 12. Plan de potenciación da lingua galega**
- 13. Libros de texto e demais materiais curriculares establecidos no centro**
- 14. Programa anual de actividades extraescolares e complementarias**
- 15. Plan de autoprotección: modificacións**
- 16. Plan de organización e coordinación das tarefas do persoal non docente**
- 17. Horario de atención ao público**
- 18. Plan para a potenciación e organización das relacións da comunidade coa familia**
- 19. Plan de transporte escolar**
- 20. Regulamento de organización do comedor**
- 21. Plan de utilización das instalacións do Centro. Espazos de uso común**
- 22. Plan de actividades propostas pola ANPA**
- 23. Plan xeral de avaliación do centro**
- 24. Plan de introdución das TIC**
- 25. Programas e plans anuais de lectura**
- 26. Contratos-programa**
- 27. Plan xeral de orientación**
- 28. Proxecto lingüístico de centro**
- 29. Plan específico de APCC para o comedor escolar**
- 30. Proxecto deportivo de centro**
- 31. Proxecto de xornada continuada**

## **INTRODUCCIÓN**

Neste curso 2020/2021 o centro funciona con 6 aulas de Educación Infantil, 12 aulas de Educación Primaria e unha aula específica. Pola pandemia da COVID-19 estableceñse grupos estables de convivencia tanto para a actividade lectiva como para os períodos de lecer.

O alumnado está distribuído como segue:

<b>Etapa educativa.</b>	<b>Nivel</b>	<b>Nº alumnos/as</b>
<b>Educación Infantil</b>	<b>3 anos</b>	<b>40</b>
	<b>4 anos</b>	<b>39</b>
	<b>5 anos</b>	<b>48</b>
<b>Educación Primaria</b>	<b>1º</b>	<b>48</b>
	<b>2º</b>	<b>50</b>
	<b>3º</b>	<b>46</b>
	<b>4º</b>	<b>49</b>
	<b>5º</b>	<b>37</b>
	<b>6º</b>	<b>38</b>
<b>Aula Específica</b>		<b>1</b>
<b>TOTAL.....</b>		<b>396</b>

## **1-OBXECTIVOS.**

### **Edificio e instalacións: melloras e reformas solicitadas.**

1. Infraestrutura e equipamento de competencia autonómica:
  - a. Reforma do ximnasio do centro.
  - b. Cambio de fiestras de madeira restantes no comedor escolar e no patio cuberto. (Unicamente quedan estas de madeira no centro). Cambio das portas de acceso interior ao comedor.
  - c. Reforma baños exteriores.
  - d. Cuberta chuvia para entrada alumnado.
  - e. Dotación de mobiliario para o parque infantil do areeiro (tobogáns, casas...).
  - f. Substitución de equipos informáticos obsoletos do centro.

g. Todas aquelas que xurdan ao longo do curso.

2. Infraestrutura e equipamento de competencia municipal:

- a. Pintado da totalidade dos valados exteriores do centro.
- b. Pintados de aulas, corredores e outras dependencias.
- c. Pintado das liñas do pavillón.
- d. Creación dun parque infantil no patio cuberto e dotación de mobiliario para o mesmo.
- e. Pintado e arranxo das pistas deportivas exteriores.
- f. Arranxo e adecentamento da parte dianteira do pavillón escolar (canalóns, paredes...)
- g. Acolchar as columnas do patio cuberto ante o perigo máis que evidente para o alumnado de Ed. Infantil.
- h. Colgar os radiadores que se atopan descolgados
- i. Coidado de todos os xardíns do centro.
- j. Todas aquelas actuacións que teñen que ver co mantemento e que xurdan ao longo do curso.
- k. Substitucións das portas dos baños exteriores.

**Peticións de material á Consellería:**

- Bloques lóxicos de aprendizaxe de matemáticas (3).
- Bloques de construción (3).
- Equipos de educación física (1).
- Globo terráqueo (1).
- Instrumento para ritmo (1).
- Material de linguaxe (1).
- Equipo e motricidade fina (3).
- Material de introdución lingua estranxeira (1).
- Material de psicomotricidade (1).
- Material de xogos alternativos (1).
- Puzzles (8).
- Teatro de monicreques (1).
- Xogo simbólico (1).
- Equipo de xogos simbólicos de Infantil (1).
- Material de desenvolvemento da linguaxe en educación especial (5).
- Armario librería (1).
- Armario móbil con gabetas (1).
- Percheiro de pé (1).

- Equipo de educación física (2).
- Equipo de motricidade interior (1).
- Radio casete con CD (1).
- Xogos de area e auga (1).
- Andeis metálicos (9).
- Mesa ordenador profesorado (1).
- Armario-librería (1).
- Andeis abertos a unha ou dúas caras (1).
- Mesa rectangular infantil (6).
- Material de linguaxe (1).
- Percheiro 8 ganchos (6).
- Encerado de infantil (1).
- Encerado branco (1).

### **Organización**

- Elaborar e precisar o calendario de reunións e actividades dos distintos órganos e equipos do Centro.
- Elaborar e readaptar os distintos protocolos adaptados ao contexto da Covid 19.
- Planificar o horario de libre disposición do profesorado para favorecer situacións de apoio para alumnos/as que o necesiten.
- Diseñar o plan de continxencia do centro.

### **2- MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN.**

- Manter unha relación cordial con toda a comunidade educativa, establecendo o diálogo e a cooperación como canle para acadar os obxectivos plantexados.
- Facilitar a posibilidade do traballo en equipo pese as dificultades de reunións no contexto da Covid 19, empregando os medios telemáticos para subsanar as dificultades.
- Manter informada á comunidade educativa das melloras que vaian xurdindo e dos atrancos que acontezan.
- Fomentar a mellora da calidade educativa participando en diferentes programas de formación e mellora.

### **3- RECURSOS PREVISTOS PARA O EFECTO.**

- En canto aos medios humanos, a inclusión do profesorado (Claustro), e demais membros da comunidade educativa (Consello Escolar) na toma de decisións para que estes obxectivos se poidan levar a cabo

- Comunicacóns verbais (telefónicas, telemáticas... ) coa Administración Educativa, ANPA, Concello... das diferentes situacións que se desenvolven ao longo do curso académico.
- Comunicacóns por escrito informando de deficiencias, actividades e calquera outra notificación de interese.
- Todas as reunións necesarias para traballar determinados marcos de actuación (de equipos de ciclo, de equipo de dinamización da lingua galega, coordinación pedagóxica, da biblioteca escolar, de tics, de convivencia. claustro, consello escolar, cos/coas nais/pais,...)
- Entrevistas maiormente telefónicas coas nais, cos pais ou titores legais do alumnado ao inicio do curso e na hora de tutoría.
- O emprego da web do centro e o espazo abalar como canle de comunicación coas familias.

#### **4-CONCRECIÓN ANUAL DO PEC**

Establécense os mínimos de concreción curricular para a avaliación positiva nas áreas instrumentais, seguindo coma guía as competencias clave en cada curso

#### **E. INFANTIL**

- Coñecer , controlar e coordinar o seu propio corpo e os elementos que o forman.
- Formar unha imaxe positiva de sí mesmo.
- Respetar as características diferenciais dos demais.
- Participar en diferentes tipos de xogos e outras actividades que se desenvolven na casa e na escola.
- Adquirir hábitos básicos de saúde e benestar.
- Adquirir autonomía nas actividades habituais da vida cotiá.
- Resolver problemas sinxelos da vida cotiá.
- Desenvolver actitudes de axuda, colaboración e cooperación.
- Coñecer algunhas das propiedades e calidades dos obxectos.
- Adquirir habilidades lóxico-matemáticas.
- Establecer relacións cuantitativas e cualitativas entre elementos e coleccións.
- Identificar as cores primarias, secundarias e os seus contrastes.
- Comprender o aspecto cardinal e ordinal dos números.
- Adquirir nocións temporais e espaciais básicas.
- Coñecer e respectar as normas de comportamento da escola e da familia.
- Coñecer e respectar as normas elementais de seguridade viaria.
- Percibir as formas sociais do tempo.
- Orientarse autónomamente nos espazos cotiás.
- Aprender a valorar a importancia do medio natural.
- Desenvolver actitudes de respecto e coidado cara ao medio natural.
- Coñecer e comparar as características que presentan algúns seres vivos.
- Identificar as relacións entre animais e plantas e os produtos que nos proporcionan.
- Realizar clasificacións de animais atendendo a diversos criterios.
- Apreciar os cambios que se producen no medio nas diferentes estacións do ano.
- Amosar interese polos textos escritos e de literatura infantil: contos clásicos, poemas, adiviñas...
- Coñecer algunhas manifestacións culturais do seu medio.

- Ler, interpretar e producir imaxes.
- Expresar desexos, sentimentos, emocións, necesidades... mediante diferentes formas de expresión e de representación.
- Utilizar algunhas das normas que rexen os intercambios lingüísticos.
- Participar nas situacións de lectura e de escritura que se producen na aula.
- Participar en interaccións orais en lingua estranxeira.
- Utilizar adecuadamente o vocabulario.
- Participar nos diálogos que se establezan na clase.
- Relatar feitos, secuencias, vivencias e contos ben ordenados temporalmente.
- Memorizar algúns textos : poesías, adiviñas...
- Comprender as mensaxes que lle comunican os seus compañeiros/as e os adultos.
- Interesarse pola linguaxe escrita .
- Coñecer as diversas técnicas e materiais da expresión plástica.
- Participar nos bailes, danzas, dramatizacións ... que se realizan na clase.
- Interpretar cancións seguindo o ritmo e a melodía.
- Discriminar algúns instrumentos musicais.

## **E. PRIMARIA**

### **1º CURSO EP**

#### LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA

- Capta as ideas principais dos relatos orais e dos textos lidos.
- Coida o seu material e o material común da aula
- É capaz de ilustrar un texto reflectindo o seu contido
- Utiliza os artigos respectando a concordancia
- Identifica accións do presente, do pasado e do futuro.
- É capaz de prestar atención as pautas dirixidas a organización das tarefas
- E capaz de falar o grupo superando a súa timidez
- Expresa vivencias, sentimentos e informacións de forma oral e sinxela aos seus compañeiros.
- Normalmente interactúa nas situacións cotiás da aula(diálogos, exposicións de ideas..)
- Respecta as quendas de palabra e escoita aos compañeiros/as atendendo as súas intervencións sen interrompelos.
- Esfórzase por comunicarse facendo uso da lingua galega.
- Interpreta e comprende textos de uso cotiá.
- É capaz de facer lecturas sinxelas adaptadas a súa idade.
- É quen de escribir frases sinxelas.
- Aplica algunhas das regras de ortografía natural traballadas.
- Coida a presentación das súas producións(limpeza, marxes, caligrafía, ortografía natural).

- Sabe separar as sílabas nas palabras
- Sabe aplicar a categoría de xénero en palabras do seu uso.

## MATEMÁTICAS

- Expressa oralmente os pasos para resolver un problema.
- Mostra actitudes positivas o facer os traballos
- Coida a presentación dos traballos nos cadernos, fichas...
- Coñece, escribe os números ata o 99.
- É quen de resolver series numéricas sinxelas
- Identifica o valor dos números propios do nivel.
- É quen de ordenar cifras de maior a menor e de menor a maior.
- Resolve problemas nos que ten que aplicar a suma
- Resolve problemas nos que ten que aplicar a resta sen levadas.
- Fai medicións con palmos, pasos e pés.
- É quen de pesar obxectos identificando os que pesan máis e menos.
- Identifica algunhas unidades de tempo propias do nivel.- Hora- Minuto-.Día.-Semana -.Mes -Ano.
- Recoñece horas en punto e medias horas en reloxos analóxicos.
- Coñece o valor de algunhas moedas.
- É quen de aplicar os conceptos espaciais básicos.
- Recoñece formas xeométricas básicas nos obxectos do seu contorno.
- Interpreta gráficos sinxelos.

## CIENCIAS NATURAIS

- Aмосa autonomía na selección da información de forma guiada e é quen de comunicala de maneira oral ou escrita dun xeito ordenado e sinxelo.
- É quen de identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas do seu entorno respectando e valorando a diversidade.
- Recoñece as partes fundamentais do propio corpo.
- Relaciona o exercicio físico, a alimentación saudable, e os hábitos de hixiene con ter unha vida saudable
- É quen de explicar as principais diferenzas entre animais e plantas empregando diferentes



soportes

- Identifica e describe de maneira elemental, animais e plantas do seu contorno.
- Normalmente amosa conductas de respecto e coidado cara os seres vivos.
- Normalmente é quen de reutilizar e reciclar obxectos de xeito responsable.
- Coñece e nomea algúns dos oficios das persoas do seu contorno evitando estereotipos sexistas.
- Coñece o traballo dos diferentes traballadores/as da escola.
- Manexa e identifica algúns aparellos e máquinas simples de uso cotián empregándoos con certa seguridade e evitando estereotipos sexistas.
- Identifica as partes fundamentais dun ordenador.

## CIENCIAS SOCIAIS

- Coida a presentación dos seus traballos esforzándose no traballo e coidando o material.
- Describe algúns elementos básicos da súa contorna máis próxima.
- É quen de describir algunhas características do aire e da auga e valora a súa importancia para a vida humana sendo consciente da importancia de respectar o medio natural.
- Nomea e coñece fenómenos atmosféricos máis habituais
- Identifica a importancia que ten o Sol para a existencia da vida no planeta Terra.
- É quen de enumerar tarefas que fai ao longo do día: mañá, tarde e noite.
- Diferenza entre elementos da paisaxe natural e a paisaxe creada polas accións humanas
- Identifica as relacións básicas de parentesco.
- Valora o reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia.
- Normalmente identifica aos membros da comunidade escolar e describe algunhas tarefas que desenvolven respectando o seu traballo.
- Normalmente identifica as partes da casa, represéntaas nun debuxo e coñece e explica o uso que se fai delas
- Coñece diferentes medios habituais de transporte: terrestres, marítimos e aéreos.
- É quen de sinalar algúns feitos relevantes da súa vida localizándoos nunha liña temporal.
- Normalmente sabe o número e o nome de días que ten unha semana. Nomea as estacións do ano e explica algunhas das súas características.

## EDUCACIÓN PLÁSTICA

- Identifica, describe e representa o entorno natural e o entorno artificial empregando

diferentes tonalidades e texturas.

- Manexa as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza, diferentes ferramentas (recortar, pegar, encher,...)
- Utiliza nas súas representacións distintos tipos de liñas (curva, quebrada, recta etc.), formas xeométricas básicas e as cores aprendidas.
- Recoñece as partes principais da figura humana.
- Valora a importancia da limpeza, do coidado do material, os utensilios e da orde para alcanzar o resultado final proposto.

## VALORES

- Manifesta verbalmente características persoais positivas.
- É quen de valorar aspectos mellorables da súa personalidade.
- Manifesta autonomía na súa actividade escolar e axuda aos compañeiros/as que teñan dificultade
- Manifesta emocións, sentimentos, estados de ánimo ou coñecementos dunha maneira corporal expresiva
- Relacionase cos compañeiros/as de maneira respectuosa mostrando afecto.
- Participa en intercambios orais dando opinións e manifestando emocións
- Participa nos diálogos respectando as normas pactadas
- Enumera características positivas dos seus compañeiros/as.
- É quen de dar opinións e emocións despois de visualizar imaxes ou rexistros audiovisuais.
- É solidario con compañeiros/as e mostra actitudes de axuda non competitivas.
- Coñecer e cumprir as normas de convivencia pactadas no grupo e na escola.
- É quen de coidar os materiais facendo un bo uso deles.
- Xoga e participa de actividades sen prexuízos sexistas.
- Valora o respecto das normas aprendidas e traballadas sobre a educación viaria.

## **2º CURSO EP**

### **MATEMÁTICAS**

- ✓ Recoñecer unidades, decenas e centenas.
- ✓ Recoñecer e ordenar os números do 1 ao 999.
- ✓ Ler e escribir números do 1 ao 999.
- ✓ Realizar series de 2 en 2, 3 en 3,... ata 999.

- ✓ Realizar sumas e restas levando cos números traballados.
- ✓ Realizar multiplicacións sinxelas.
- ✓ Recoñecer e construír liñas poligonais (cuadrilátero, triángulo, círculo).
- ✓ Recoñecer agora en punto e media.
- ✓ Ter adquiridos os conceptos de maior e menor.
- ✓ Identificar moedas.
- ✓ Formular problemas sinxelos en que se precise contar, ler, ordenar e escribir números ata o 999.
- ✓ Resolver problemas sinxelos relativos á vida cotián os que sexa necesari o utilizar as operacións de suma e de resta.
- ✓ Interpretar conceptos como esquerda–dereita, diante–detrás, arriba–abaixo, preto–lonxe, próximo–afastado, dirección ou distancia en tarefas de orientación e de representación espacial variadas
  - ✓ Resolver e interpretar problemas onde interveña a lectura de gráficas sinxelas.

Para promocionar o alumno ou alumna debe poder realizar con autonomía cada unha das tarefas descritas nos criterios.

## LINGUA CASTELÁ E GALEGA

- ✓ Discriminar visual e auditivamente letras, sílabas, palabras e oracións.
- ✓ Pronunciar correctamente tódolos sons.
- ✓ Ler con pronunciación, entoación e ritmo.
- ✓ Ler a velocidade axeitada (sen silabear).
- ✓ Ler e comprender un texto simple que teña polo menos seis oracións e ser capaz de responder preguntas sobre o mesmo.
  - ✓ Dominar o trazo.
  - ✓ Identificar e escribir frases ao ditado (coa separación adecuada).
  - ✓ Aplicar normas ortográficas básicas: Maiúsculas, m antes de b e p, br,bl.
  - ✓ Construír frases empregando o vocabulario axeitado.
  - ✓ Memorizar poesías e adiviñas sinxelas.
  - ✓ Presentar os traballos con orde e limpeza (dun xeito intelixible).
- ✓ Participar en situacións comunicativas de aula tomando en consideración os hábitos e as regras que rexen estas situacións.
- ✓ Usar fórmulas e tratamento adecuados para saudar, despedirse, presentarse, escusarse e

solicitar axuda. Comprender textos orais sinxelos de uso habitual procedentes de distintos soportes.

- ✓ Expresar oralmente vivencias, feitos, sentimentos ou emocións.
- ✓ Producir textos sinxelos con variados obxectivos comunicativos.

\*Para promocionar o alumno ou alumna debe poder realizar con autonomía cada unha das tarefas descritas nos criterios.

## **CIENCIAS NATURAIS E CIENCIAS SOCIAIS**

- ✓ Identificar partes do corpo, ósos, músculos e articulacións.
- ✓ Clasificar animais segundo a presenza de ósos, forma de nacer e alimentación.
- ✓ Identificar partes das plantas.
- ✓ Coñecer o ciclo da auga.
- ✓ Identificar o Sol, a Lúa e a Terra.
- ✓ Recoñecer as profesións máis comúns.
- ✓ Utilizar de forma adecuada marcadores temporais: antes / agora, antigo/moderno.
- ✓ Coñecer os días da semana, os meses e as estacións do ano.
- ✓ Ordenar temporalmente algúns feitos relevantes da súa vida.
- ✓ Identificar e describir algúns recursos fundamentais para os seres vivos (auga, aire) e a súa relación coa vida das persoas.
- ✓ Recoñecer e clasificar con criterios elementais os seres vivos máis relevantes do contorno.
- ✓ Valorar positivamente a práctica de determinados hábitos asociados á alimentación e hixiene.
- ✓ Identificar algunha das profesións e medios de transporte comúns no seu contorno e valorar a súa función.

## **EDUCACIÓN EN VALORES SOCIAIS E CÍVICOS**

- ✓ Desenvolver habilidades para a toma de decisións.
- ✓ Recoñecer e expresión de sentimentos e emocións propios e alleos.
- ✓ Valorar de actitudes positivas e solidarias.
- ✓ Recoñecer dos dereitos e deberes das persoas e dos nenos e as nenas.
- ✓ Respetar a participación en relacións interpersoais.
- ✓ Valorar e desenvolver actitudes participativas.
- ✓ Adquirir compromisos e respectar os compromisos adquiridos.
- ✓ Desenvolver hábitos de consumo responsable.
- ✓ Recoñecer e crear normas para relacionarnos.

- ✓ Recoñecer e valorar situacións inxustas.
- ✓ Valorar, respectar e coidar o medio natural.
- ✓ Adquirir hábitos para coidar e protexer a natureza.
- ✓ Identificar e adquirir actitudes de escoita activa e diálogo.
- ✓ Respectar e valorar a importancia da amizade e as relacións interpersoais, sinceras e respectuosas.
- ✓ Adquirir actitudes de respecto e tolerancia cara aos costumes doutras culturas.
- ✓ Valorar o traballo en equipo.
- ✓ Identificar e interpretar de emocións e sentimentos alleos.

## **EDUCACIÓN PLÁSTICA**

- ✓ Identificar os diferentes materiais e formas de expresión plástica.
- ✓ Describir oralmente e de forma sinxela diferentes formas de expresión artística.
- ✓ Identificar, describir e representar o entorno natural e o entorno artificial.
- ✓ Manexar as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza diferentes ferramentas (recortar, pegar, encher,...)
- ✓ Utilizar nas súas representacións distintos tipos de liñas (curva, quebrada, recta etc.) e formas xeométricas.
- ✓ Recoñecer as partes principais da figura humana.
- ✓ Coidar, respectar e utilizar axeitadamente os materiais, os utensilios e os espazos.
- ✓ Elaborar os traballos individualmente e en grupo.

## **3º CURSO**

### **LINGUA CASTELÁ E LITERATURA**

- Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.
- Expresa de forma global, ideas, opinións e sentimentos con certa claridade.
- Aplica as normas socio-comunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais.
- Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación.
- Responde preguntas sinxelas correspondentes á comprensión literal.
- Elabora comprensiblemente textos orais breves e sinxelos do ámbito escolar e social, adecuados ao nivel, imitando modelos.
- Le en voz alta, sen dificultade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade.
- Le en silencio textos sinxelos próximos á súa experiencia.
- Escribe, con axuda e en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, utilizando elementos de cohesión básicos: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas....
- Reproduce textos ditados sinxelos.
- Recoñece e identifica as categorías gramaticais básicas: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar acción.
- Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro, ao producir textos orais e escritos.
- Aplica as normas de concordancia de xénero e número, na expresión oral e escrita.
- Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas.

- Crea, con axuda, sinxelos textos literarios moi sinxelos (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.

## **LINGUA GALEGA E LITERATURA**

- Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo dos medios de comunicación, extraendo o sentido global da mensaxe.
- Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo adecuadamente.
- Elabora e produce textos orais sinxelos (explicacións, breves exposicións, narracións curtas...) presentando as ideas cunha coherencia lineal elemental e responde preguntas aclaratorias elementais sobre o seu contido.
- Elabora un discurso oral coherente, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.
- Identifica as ideas principais dun texto sinxelo (narrativo, descritivo, expositivo).
- Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo.
- Le textos sinxelos en voz alta sen dificultade.
- Le textos, adaptados e próximos á súa experiencia, en silencio, sen dificultade.
- Elabora diferentes tipos de textos (narrativos e descritivos) seguindo un guión establecido.
- Escribe textos coherentes empregando algúns elementos de cohesión.
- Identifica as formas verbais.
- Sinala o xénero e número de palabras dadas e é quen de cambialo.
- Utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas, con especial atención ás maiúsculas.
- Emprega, de forma xeral, os signos de puntuación.
- É quen de identificar o xénero literario ao que pertencen uns textos dados: narrativa, poesía e teatro.

## **MATEMÁTICAS**

- Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema, pregunta realizada).
- Le, escribe e ordena números ata o 10.000.
- Descompón, compón e redondea números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
- Constrúe e memoriza as táboas de multiplicar, utilizándoas para realizar cálculo mental.
- Realiza cálculos numéricos coa operación de multiplicación na resolución de problemas contextualizados.
- Identifica as unidades do sistema métrico decimal. Lonxitude, capacidade, masa ou peso.
- Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.
- Resolve problemas da vida real utilizando as unidades de medida máis usuais.
- Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.
- Coñece e identifica os elementos básicos dos corpos xeométricos (lado, ángulo e vértice).
- Coñece e diferenza a circunferencia do círculo e distingue os seus elementos.
- Distingue entre ángulos agudos, rectos e obtusos.

## **CIENCIAS DA NATUREZA**

- Explica a morfoloxía externa do propio corpo, o seu funcionamento nun sentido global e os cambios nas distintas etapas da vida.
- Recoñece algúns factores causantes das enfermidades máis habituais (caries, catarrós, gripe e obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención.
- Diferencia entre dieta equilibrada e non equilibrada e elabora un menú saudable na escola.
- Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.

- Observa, identifica e recoñece as características das plantas do seu contorno e clasifícaaas con criterio científico.
- Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo e as explica empregando diferentes soportes.
- Coñece algunhas fontes de enerxía, os seus usos e a súa intervención na vida cotiá.
- Explica os cambios de estado da auga en fenómenos naturais e situacións da vida cotián.
- Identifica e explica a enerxía que empregan obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso habitual na vida cotiá.
- Identifica e describe oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan.

## **CIENCIAS SOCIAIS**

- Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas e recoñece algunha das súas características básicas empregando as TIC.
- Identifica a Lúa como satélite da Terra e describe algunha das súas características principais.
- Recoñece as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos.
- Identifica e nomea fenómenos atmosféricos e describe as causas que producen a formación das nubes e as precipitacións.
- Interpreta mapas do tempo sinxelos de Galicia distinguindo os seus elementos principais.
- Escribe ordenadamente as fases nas que se produce o ciclo da auga.
- Localiza nun mapa os principais elementos da paisaxe: unidades de relevo e ríos máis importantes da comunidade autónoma.
- Explica a importancia de coidar a atmosfera e as consecuencias de non facelo.
- Diferencia entre materias primas e produtos elaborados e os asocia cos diferentes sectores produtivos e económicos da contorna.
- Distingue entre prehistoria e historia recoñecendo a importancia das manifestacións escritas como avances que supoñen a transición entre esas épocas.
- Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico do contorno próximo e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.

## **EDUCACIÓN ARTÍSTICA. PLÁSTICA**

- Diferencia e recoñece as diferentes texturas, liñas, formas e cores nas composicións artísticas.
- Amona interese por coñecer formas de expresión de autores/as e a súa obra, empregando as tecnoloxías da información.
- Utiliza cores (primarias e mesturadas) e tonalidades cunha intención estética, manexando diferentes técnicas.
- Manexa material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas e actividades manipulativas.
- Practica o recorte e pega materiais de diferentes texturas.
- Coida e utiliza adecuadamente os recursos de traballo.

## **VALORES SOCIAIS E CÍVICOS**

- Expresa a percepción da súa propia identidade, integrando a representación que fai dun mesmo ou dela mesma e a imaxe que expresan os demais.
- Expresa os sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.
- Desenvolve actitudes de respecto cara aos demais en situacións formais e informais da interacción social.
- Expresar con claridade opinións, sentimentos e emocións.

- Escoita exposicións orais e entende a comunicación desde o punto de vista da persoa que fala.
- Expressa abertamente as propias ideas.
- Respecta e acepta as diferenzas individuais.
- Respecta as normas do centro escolar.

## **4º CURSO EP**

### **Lingua galega e literatura:**

- Elabora un breve resumo dun texto oral.
- Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.
- Sigue unha exposición da clase e extrae o sentido global.
- Elabora e produce textos orais (explicacións sinxelas, exposicións, narracións...) presentando coherentemente a secuencia de ideas, feitos, vivencias e as súas opinións e preferencias, utilizando o dicionario se é preciso.
- Atende as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper.
- Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación e volume.
- Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.
  - Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que acompañan.
- Realiza o resumo dun texto sinxelo.
- Le textos en voz alta, sen dificultade e coa velocidade adecuada.
- Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).
- Elabora diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos) seguindo un guión establecido
  - Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, interliñado... en calquera soporte.
- Identifica o tempo verbal (presente, pasado e futuro) en formas verbais dadas.
- Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.
- Sinala o xénero e número de palabras dadas e cámbiao.
- Coñece e utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas.
- Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual e en diferentes soportes.

### **En lingua castelá:**

- Expressa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos con certa claridade.
- Aplica as normas socio-comunicativas: escoita atenta, espera de quendas, participación respectuosa.
- Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación.
- Participa activamente nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida.
- Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos



diferentes contextos de comunicación.

- Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais.

- Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.

- Le en silencio e en voz alta, sen dificultade e con certa expresividade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade

- Resume textos lidos, de diferente tipoloxía, adecuados a súa idade e reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais.

- Coida, conserva e organiza os seus libros.

- Escribe textos, organizando as ideas utilizando elementos de cohesión básicos e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas.

- Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.

- Reproduce textos ditados.

- Produce os textos establecidos no plan de escritura axeitados á súa idade e nivel.

- Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados.

Utiliza con corrección os tempos simples e compostos nas formas persoais e non persoais do modo indicativo e subxuntivo dos verbos ao producir textos orais e escritos.

- Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto.

- Recoñece a oración simple, distingue suxeito e predicado.

- Utiliza as normas ortográficas básicas nas súas producións escritas.

- Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e de número na expresión oral e escrita.

- Usa os signos de puntuación ao producir textos escritos.

- Realiza lecturas guiadas e comentadas de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.

### **En matemáticas:**

- Comunica verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema de matemáticas ou en contextos da realidade.

- Identifica e interpreta datos e mensaxes de textos numéricos sinxelos da vida cotiá (facturas, folletos publicitarios, rebaixas...).

- Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as centésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.

- Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división (de ata dúas cifras) con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás.

- Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.
- Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.
- Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade e masa en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.
- Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais coma figuradas.
- Identifica e nomea polígonos atendendo o número de lados.
- Recoñece e identifica poliedros, prismas, pirámides e os seus elementos básicos: vértices, caras e arestas.

### **En ciencias da natureza:**

- Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa.
- Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
- Emprega axeitadamente o vocabulario que corresponde a cada un dos bloques de contidos.
- Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.
- Recoñece a importancia dos sentidos para a relación co medio e as formas de coidalos.
- Identifica e adopta hábitos de hixiene, de descanso e de alimentación sa e diferencia prácticas e mensaxes que son contraproducentes para a saúde.
- Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.
- Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica plantas do seu contorno, con criterio científico.
- Utiliza claves e guías para a clasificación científica de animais e plantas.
- Coñece e explica as funcións de relación, reprodución e alimentación.
- Manipula e identifica algunhas máquinas e aparellos sinxelos e habituais na vida cotiá, analizando o seu funcionamento.
- Coñece a enerxía que empregan as máquinas de uso habitual e explica a importancia da ciencia e a tecnoloxía na vida cotiá.

### **En ciencias sociais:**

- Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.
- Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.
- Adoita un comportamento responsable, construtivo e solidario respectando diferentes ideas e achegas nos debates, recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático.
- Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais.
- Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifestan a comprensión de textos orais e /ou escritos de carácter xeográfico, social e histórico.

- Interpreta e elabora sinxelos mapas meteorolóxicos distinguindo os seus elementos principais.
- Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de Galicia.
- Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste.
- Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España.
- Recoñece, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.
- Recoñece a importancia dos restos arqueolóxicos e materiais que produce unha sociedade como fontes para coñecer o noso pasado, con especial relevancia da escritura.
- Explica aspectos relacionados coa forma de vida, organización social e cultura das distintas épocas históricas estudadas.

### - **En plástica:**

- Secuencia unha historia en diferentes viñetas nas que incorpora imaxes e textos seguindo o patrón do cómic.
- Procura información sobre artistas plásticos/as da propia cultura ou alleos, en relación coas características da súa obra.
- Utiliza ceras, rotuladores, tintas, plumas etc. para os debuxos usando liñas grosas, finas, sombras, manchas etc.
- Representa imaxes usando diferentes características da cor.
- Recorta, encarta e pega con precisión, con distintos materiais e texturas, creando formas tridimensionais.
- Realiza trazados con precisión utilizando ferramentas básicas.
- Debuxa persoas e obxectos a través dun eixe de simetría.
- Desenvolve hábitos de orde e limpeza, e usa de forma responsable e axeitada os materiais, os instrumentos e os espazos.
- Presenta as tarefas con orde e limpeza, respectando as normas e as indicacións establecidas, e crea hábitos de traballo.

### **En Valores Cívicos e Sociais:**

- Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas propias calidades e limitacións.
- Aplica o autocontrol á toma de decisións, á negociación e a resolución de conflitos, de xeito guiado.
- Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.
- Sopesa as consecuencias das súas accións.
- Emprega diferentes habilidades sociais.
- Amosa boa disposición para ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.

### **En Comunicación e Expresión.**

- Organiza o seu discurso axeitándose aos diferentes modos discursivos.(Narrar, expoñer, describir e dialogar)
- Participa de xeito creativo na dramatización de textos ou situacións axeitadas á súa idade.

- Respecta as participación dos demais nas actividades propostas
- Experimenta coa capacidade expresiva das partes do corpo.
- Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións e como forma de interacción social..

## **5º CURSO EP**

### **LINGUA GALEGA**

#### **Relacionado coa expresión e comprensión oral:**

- Expresa con claridade situacións de experiencia persoal centrándose nos aspectos máis relevantes e empregando vocabulario rico e variado.
- Emprega ton, xestos, e diferentes recursos para reforzar a comprensión do seu discurso.
- Emprega habitualmente regras de cortesía e educación nas súas produción orais, emprega unha linguaxe positiva e respecta opinión dos demais sen interromper e con actitude de escoita activa.
- Organiza o discurso oral atendendo á criterios de temporalidade, causalidade, realiza adecuadamente introdución ou conclusión do contido exposto..
- É quen de reter as ideas principais dun discurso oral escoitado facendo un breve resume e destacando os aspectos máis relevantes.

#### **Relacionado coa expresión escrita.**

- Escribe con soltura textos cun mínimo coidado na presentación en orde e limpeza, atendendo á necesidade de comprensión do lector e establecendo unha estrutura adecuada do mesmo.
- Emprega nos seus escritos os signos de puntuación con certa soltura atendendo á súa funcionalidade. Forma parágrafos e os marca con recursos gráficos para facilitar a lecturas dos seus textos.
- Diferenza na produción de textos a súa funcionalidade adaptándose na realización do mesmo ás características propias dos mesmos: carta, cartel, conto, poesía, texto instrutivo, noticia, texto informativo.
- Mostra capacidade de interpretación de textos adecuados á súa idade, chegando a comprender intención do texto, función comunicativa, dedución de información, e chegando a facer unha análise máis profundo que a sucesión básica de accións.
- Recoñece e valora diferentes recursos estilísticos e técnicas narrativas nas que descubre a funcionalidade que busca o autor para producir no lector unha visión máis completa do texto.
- Mostra interese pola corrección ortográfica logrando crear textos con corrección ortográfica.

- Participa aportando ideas e valoracións sobre os textos lidos na clase mostrándose analítico e crítico ante os textos dos demais, destacando aspectos que lle aporten valoración positiva, admiración e que poidan valerlle de modelos nas súas producións.
- Mostra interese pola autoformación a través da busca de textos de entretemento e de formación en diferentes disciplinas, dedicándolle tempo para a lectura máis alá da hora de ler.

## **LINGUA CASTELÁ**

- Os mesmos que para Lingua Galega.
- Mostra interese e esforzase en mellorar a súa competencia oral nesta lingua facendo esforzo en non cambiarse de idioma e empregar o vocabulario propio da lingua, etc.

## **MATEMÁTICAS**

- Interpreta textos numéricos propios da vida cotiá como diferentes tipos de gráficos, folletos, listados, facturas, etc.
- Descompón con soltura en diferentes ordenes números naturais e redondea e aproxima.
- Coñece o significado dos números enteiros e opera con eles.
- Emprega técnicas básicas de cálculo mental, completa ordenes, descompón para operar, etc
- Sabe operar con fraccións de igual denominador e con fraccións de diferente denominador empregando o mcm.
- Relaciona diferentes ordenes de medidas do Sistema Métrico Universal e realiza cálculos e problemas con elas.
- Coñece o valor da porcentaxe, relaciónao coa fracción de denominador 100 e resolve problemas nos que teña que operar con porcentaxe.
- Emprega correctamente os algoritmos de cálculo chegando a facer operacións de sumas, restas, multiplicacións e divisións.
- Estrutura e é quen de explicar o proceso de resolución de problemas matemáticos que impliquen máis de dúas operacións, valorando o resultado detectando posibles erros.
- Recoñece o sistema de medida e comparación de figuras planas e en tres dimensións relacionándoas coas medidas de  $m^2$  e/ou  $m^3$ , decatándose dos valores que representan
- Recoñece, identifica e nomea diferentes figuras planas, e corpos xeométricos identificando as diferentes partes dos mesmos empregando terminoloxía adecuada (lados, caras, aristas, lados, ángulos, perímetro, etc)
- Coñece os conceptos básicos da probabilidade, como media, mediana, moda, caso imposible, probable o seguro.
- Recoñece o valor das enquisas e o emprego dos valores matemáticos das mesmas para tentar acadar un análise máis completo da realidade.

## **CIENCIAS DA NATUREZA**

Bloque 1: Iniciación á actividade científica.

- Usar as TIC para a busca de información.
- Buscar de forma guiada información na rede.
- Realizar pequenos proxectos ou investigacións.

Bloque 2: O ser humano e a saúde.

- Identificar os principais aparellos e órganos e as súas funcións.

Bloque 3:

- Coñecer as distintas clases de células e as características
- Coñecer as características dos distintos reinos.

Bloque 4: Materia e enerxía.

- Distinguir as propiedades e cambios da materia.
- Diferenciar entres enerxías renovables e non renovables.

Bloque 5: Tecnoloxía, obxectos e máquinas.

- Diferenciar entre materiais condutores e illantes.
- Coñecer os usos e efectos da electricidade.

## **CIENCIAS SOCIAIS**

Bloque 1: Contidos comúns.

- Traballar en equipo.

Bloque 2: O mundo que nos rodea.

- Coñecer o sistema solar e os planetas.
- Distinguir os movementos terrestres e as súas características.
- Utilizar e interpretar mapas.
- Coñecer o relevo de España.
- Coñecer os ríos de España.

Bloque 3: Vivir en sociedade.

3º E.P	LINGUA GALEGA	<b>Lingua galega 3º + tarefas e destrezas comunicativas</b> , VVAA, editorial Obradoiro, 2020	978-84-9185-226-1	Lingua galega
3º E.P	MATEMÁTICAS	<b>Matemáticas 3º Pieza a pieza</b> , VV AA, editorial Anaya, 2018	978-84-698-4201-0	Lingua castelá
3º E.P	LECTURA	<b>Lecturas comprensivas 11 Atención a la diversidad Leo textos V</b> , José María Martínez Romero, Grupo editorial universitario (Granada), 2019	978-84-17748-98-2	Lingua castelá
3º E.P	RELIXIÓN	<b>Religión católica Nuestra Casa Infantil 3º</b> , editorial SM, VV AA, 2020	9788498547740	Lingua castelá
3º E.P	LINGUA INGLESA	<b>New tiger 3 Activity Book</b> , VV AA, Editorial Manmillian, 2018	9781380011251	Lingua inglesa
3º E.P	LINGUA INGLESA	<b>New tiger 3 Pupils Book</b> , VV AA, Editorial Manmillian, 2018	9781380011138	Lingua inglesa
4º E.P	LINGUA GALEGA	<b>Lingua galega 4º, integrado</b> , VV. AA., editorial celme S. M. 2015	978-84-985-4526-5	Lingua galega
4º E.P	MATEMÁTICAS	<b>Matemáticas 4º, Aula activa</b> , editorial Vivens Vives, 2015	978-84-682-2881-5	Lingua castelá
4º E.P	LINGUA CASTELÁ	<b>Cuaderno lengua 4º, Aula activa</b> , editorial Vicens Vives, 2015	978-84-682-2967-6	Lingua castelá
4º E.P	LINGUA INGLESA	<b>Quinck minds level 4, Pupils Book</b> , Spanish edition, editorial cambridge University Press, 2015	978- 84-83235461	Lingua inglesa
4º E.P	LINGUA INGLESA	<b>Quinck minds level 4, Activities</b> , Spanish edition, editorial cambridge University Press, 2015	978- 84-83235447	Lingua inglesa
4º E.P	RELIXIÓN	<b>Relixión católica 4º</b> , Editorial Rodeira, 2012	978-84-8349-334-2	Lingua galega
5º E.P	LINGUA CASTELÁ	<b>Lengua 5º Más Savia</b> , VV AA, editorial SM, 2018	9788491076292	Lingua castelá
5º E.P	LINGUA GALEGA	<b>Lingua galega 4º integrado</b> , VV AA, Celme, editorial SM, 2014	978-84-98544213.	Lingua galega
5º E.P	MATEMÁTICAS	<b>Matemáticas 5º Más Savia</b> , VV. AA., editorial SM, 2018	9788491077664	Lingua castelá
5º E.P	CIENCIAS DA NATUREZA	<b>Ciencia da Natureza 5º integrado Celme</b> , editorial SM, 2015	978-84-98546040	Lingua galega

5º E. P	CIENCIAS SOCIAIS	<b>Ciencias Sociais 5º integrado Celme</b> , editorial SM, 2015	978-84-98545173	Lingua galega
5º E. P	LINGUA INGLESA	<b>New tiger 5 Activity Book</b> , VV AA, Editorial Manmillian, 2018	9781380011275	Lingua inglesa
5º E. P	LINGUA INGLESA	<b>New tiger 5 Pupils Book</b> , VV AA, Editorial Manmillian, 2018	9781380011152	Lingua inglesa
5º E. P	RELIXIÓN	<b>Relixión católica 5º, Jadesh Tobih</b> , editorial Rodeira, 2014	9788483493731	Lingua galega
6º E. P	LINGUA CASTELÁ	<b>Lingua castelá 6º</b> , VV AA, editorial Anaya, 2015	978- 84- 698-0652-4	Lingua castelá
6º E. P	LINGUA GALEGA	<b>Lingua galega 6º Aula Activa</b> , VV AA, editorial Vicens Vives, 2015	978-84-68216126	Lingua galega
6º E. P	MATEMÁTICAS	<b>Matemáticas 6º Aula Activa</b> , VV AA, editorial Vicens Vives, 2015	978-84-682-15549	Lingua castelá
6º E. P	CIENCIAS SOCIAIS	<b>Ciencias Sociais 6º aula Activa</b> , editorial Vicens Vives, 2015	978-84-682-28525	Lingua galega
6º E. P	LINGUA INGLESA	<b>Quick minds level 6, pupils book</b> , VV AA, editorial Cambridge University Press, 2015	978- 84-83235652	Lingua inglesa
6º E. P	LINGUA INGLESA	<b>Quick minds level 6, activity book, spanish edition</b> , VV AA, editorial Cambridge University Press, 2015	978- 84-83235621	Lingua inglesa
6º E. P	RELIXIÓN	<b>Relixión católica 6º colección Tobih</b> , VV AA, editorial Rodeira, 2013	978-84-8349-367-0	Lingua galega
ALU MNO 1	NEEA	<b>Inferencias refuerzo de la capacidad lectora</b> , E.T.E.L., editorial Lebon, 2019	9788492785636	Lingua castelá
ALU MNO 1	NEEA	<b>Pensamiento creativo</b> , Will husey, editorial Narcea, 2017	9788427723351	Lingua castelá
ALU MNO 1	NEEA	<b>APDI 2, Aprendo a pensar desarrollando mi inteligencia</b> , Carlos Yuste Hernánz, editorial Instituto Calasanz de CC. De la Educación, 1997	9788472781870	Lingua castelá
ALU MNO 1	NEEA	<b>Lengua castellana y literatura 2º de Educación Primaria</b> , j. M. Moreno, editorial ciencias de la educación especial y preescolar, 2017	978841694121	Lingua castelá
ALU MNO 1	NEEA	<b>Matemáticas 2º Educación Primaria adaptaciones curriculares básicas</b> , José Miguel Moreno Ojeda, editorial ciencias de la educación especial y preescolar, 2017	978847869601	Lingua castelá
ALU MNA 2	NEEA	<b>10 sesiones para trabajar los contenidos básicos 3. Lengua y matemáticas</b> , José Martínez Romero, grupo editorial universitario (Granada), 2018	978-84-17201-83-8	Lingua castelá
ALU MNA 2	NEEA	<b>Español poco a poco nivel 2. Libro</b> , Jaime Tenorio Pastoriza, grupo editorial universitario (Granada), 2011	978-84-9915-400-8	Lingua castelá
ALU MNA 2	NEEA	<b>Leo.com nivel 3 Lectura comprensiva y composición escrita para atención a la diversidad</b> , VV AA, grupo editorial universitario (Granada), 2011	978-84-9915-360-5	
ALU MNA 2	NEEA	<b>Español entre amigos. Curso 3. Nivel A2</b> , Paloma Lázaro y Ángel Santamaría, editorial GEU,	978-84-9915-952-2	
ALU MNA 2	NEEA	<b>Diccionario de árabe 100% visual</b> , VV AA, editorial Larousse, 2019	9788417720063	
ALU MNA 2	NEEA	<b>Cálculo y numeración 3.1, Proyecto Hipatia</b> , Cristina Trallero de Lucas / Jose Luis Galve Manzano / José Miguel Moreno Ojeda / Manuel Trallero Sanz / Miguel Ángel Romera Valdehita,	9788416941957	
ALU MNA 2	NEEA	<b>Cálculo y numeración 3.2, Proyecto Hipatia</b> , Cristina Trallero de Lucas / Jose Luis Galve Manzano / José Miguel Moreno Ojeda / Manuel Trallero Sanz / Miguel Ángel Romera Valdehita,	9788416941964	
ALU MNA 2	NEEA	<b>Cálculo y numeración 3.3, Proyecto Hipatia</b> , Cristina Trallero de Lucas / Jose Luis Galve Manzano / José Miguel Moreno Ojeda / Manuel Trallero Sanz / Miguel Ángel Romera Valdehita,	9788416941971	

ALU MNA 2	NEEA	<b>Resolución de problemas 3.1. Proyecto Hipatia</b> , Cristina Trallero de Lucas / Jose Luis Galve Manzano / José Miguel Moreno Ojeda / Manuel Trallero Sanz / Miguel Ángel Romera Valdehita	9788418044045	
ALU MNA 2	NEEA	<b>Resolución de problemas 3.2. Proyecto Hipatia</b> , Cristina Trallero de Lucas / Jose Luis Galve Manzano / José Miguel Moreno Ojeda / Manuel Trallero Sanz / Miguel Ángel Romera Valdehita	9788418044045	
ALU MNA 2	NEEA	<b>Resolución de problemas 3.3. Proyecto Hipatia</b> , Cristina Trallero de Lucas / Jose Luis Galve Manzano / José Miguel Moreno Ojeda / Manuel Trallero Sanz / Miguel Ángel Romera Valdehita	9788418044052	
ALU MNO 1	NEE	<b>Adaptaciones curriculares SERAPIS 3º Primaria Lengua Castellana y Literatura</b> , J M Moreno, editorial ciencias de la educación preescolar y especial, 2016.	9788416941223	
ALU MNO 1	NEE	<b>Adaptaciones curriculares SERAPIS 3º Primaria Matemáticas</b> , 2016.	978847869617	
ALU MNO 1	NEE	<b>Pensamiento creativo</b> , Will Husey, editorial Narcea, 2017.	9788427723351	
ALU MNO 1	NEE	<b>Apdi 3 Aprendo a desarrollar mi inteligencia</b>	8472781924	
ALU MNO 1	NEE	<b>Inferencias refuerzo de la comprensión lectora</b>	9788492785636	
ALU MNO 1	NEE	<b>Estimular la atención 9</b>	978849863793	
ALU MNO 1	NEE	<b>Ejercicios para el refuerzo de las funciones ejecutivas nivel 2</b>	849278544	
ALU MNO 1	NEE	<b>Proyecto Hipatia. Cálculo y numeración 3.1</b>	9788416941957	
ALU MNO 1	NEE	<b>Proyecto Hipatia. Cálculo y numeración 3.2.</b>	9788416941964	
ALU MNO 1	NEE	<b>Proyecto Hipatia. Cálculo y numeración 3.3</b>	9788416941971	
ALU MNO 1	NEE	<b>Resolución de problemas 3.1. Hipatia</b>	9788418044038	
ALU MNO 1	NEE	<b>Resolución de problemas 3.2. Hipatia</b>	9788418044045	
ALU MNO 1	NEE	<b>Resolución de problemas 3.3. Hipatia</b>	9788418044052	
ALU MNA 2	NEE	<b>Método de lectoescritura visual 8</b>	9788416729869	
ALU MNA 2	NEE	<b>Método de lectoescritura visual 7</b>	9788416729869	
ALU MNA 2	NEE	<b>Método de lectoescritura visual 6</b>	9788416729852	
ALU MNA 2	NEE	<b>Pictocaderno de grafomotricidad 5</b>	9788417201937	
ALU MNA 2	NEE	<b>Pictocaderno de grafomotricidad 4</b>	9788417201692	
ALU MNA 2	NEE	<b>Pictocaderno de grafomotricidad 3</b>	9788417201364	

2				
ALU MNA 2	NEE	<b>La verdadera historia de caperucita roja con pictogramas (Bata)</b>	9788484644798	
ALU MNA 2	NEE	<b>Mira toca siente</b>	9788469626818	
ALU MNA 2	NEE	<b>Había una vez...cuentos con pictogramas</b>	9788469847213	
ALU MNA 2	NEE	<b>Cuentos menuditos con pictogramas</b>	97788469621400	
ALU MNA 2	NEE	<b>Aprendo a vestirme 1</b>	9788436548131104	
ALU MNA 2	NEE	<b>Juego sensorial de olores I Odorat</b>	075136	
ALU MNA 2	NEE	<b>Pizarra Led fluorescente Pintafluo A3</b>	PFLUA3	
ALU MNA 2	NEE	<b>Interferencias 2 refuerzo de la comprensión</b>	9788492785681	
ALU MNA 2	NEE	<b>Interferencias 2 refuerzo de la comprensión</b>	9788492785681	
ALU MNA 2	NEE	<b>Ponte en mi lugar</b>	20845	
ALU MNA 3	NEE	<b>Mira toca siente</b>	9788469626818	
ALU MNA 3	NEE	<b>Aprendo a vestirme 1</b>	9788436548131104	
ALU MNA 3	NEE	<b>Pizarra Led fluorescente Pintafluo A3</b>	PFLUA3	
ALU MNA 3	NEE	<b>Maxi lote puzzle encajable cenefa de animales</b>	2434.020	
ALU MNA 3	NEE	<b>Maxi lote las formas árbol</b>	51612.17	
ALU MNA 3	NEE	<b>Encaje los colores de cuatro</b>	1.3692	
ALU MNA 3	NEE	<b>Bandeja panel luminoso A3</b>	8230055	
ALU MNA 3	NEE	<b>Las frutas y sus aromas</b>	8230003	
ALU MNA 3	NEE	<b>Juego de pinzas – figuras</b>	8240128	

\* Pendentes da resolución definitiva de EDIXGAL para o curso 2020/2021. Implica que, de ser aceptado, 5º de Educación Primaria empregará libros dixitais. Polo tanto non se adxudicarán libros no FONDOLIBROS nin deben mercarse libros de texto. Os libros destes cursos existentes no FONDOLIBROS do centro utilizaranse como material complementario.



### 13. **PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

#### **EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

##### **COMPOÑENTES:**

- M<sup>a</sup> Dolores Nieto Caamaño ( coordinadora )
- Nerea Paz Sar
- Bienvenido Suárez Suárez
- Ana M<sup>a</sup> Carballeira Maceiras
- César Ramos Domínguez

#### **1. OBXECTIVOS**

- Informar das actividades complementarias e extraescolares ofertadas polo Concello ou outras entidades e decidir sobre aquelas que son de interese, e informar delas na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Formular propostas ao Equipo Directivo sobre a organización e desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares .
- Informar e facilitar a participación nas distintas propostas, concursos ou actividades convocadas por distintas institucións.
- Colaborar no deseño de actividades conmemorativas e lúdicas (Magosto, Samaín, Nadal, Entroido, fin de curso,..) de acordo aos criterios establecidos polos protocolos.
- Traballar conxuntamente cos outros equipos establecidos; Equipo de Dinamización da Lingua Galega, equipo de Tics , equipo de Biblioteca, equipo da Convivencia e PDC.

#### **2. CALENDARIO DE REUNIÓNS**

Este equipo reunirse todos os terceiros luns de mes de 13:20 a 14:20. De coincidir dito día en festivo ou en día non lectivo, trataranse os puntos de reunión noutro momento.

### **3. PLAN DE TRABAJO**

- Presentación da información recollida e xerada dende o centro ou fóra del, relacionada coas actividades complementarias e extraescolares.
- Presentación do Programa de actividades culturais do centro (ANPA), ou doutras organizacións.
- Presentación doutras posibles actividades para incorporalas ao Programa de Actividades (Concursos, outras visitas, etc.)
- Determinar en que grao se vai cumprindo a Programación Xeral no referido ao Plan de Actividades (actividades culturais, actividades deportivas, conmemoracións).
- Disponibilidade de materiais didácticos, para a previa preparación da visita ou actividade escolar a realizar.
- Colaboración nas propostas de celebración do Nadal, Entroido, Semana das Letras Galegas, Día Mundial do Medio Ambiente, Fin de curso, etc.
- Integrar as actividades de todos os equipos en relación ás actividades complementarias e extraescolares.
- Elaboración da Memoria do Equipo.

### **6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Análise do nivel acadado na realización das actividades propostas no Plan de traballo.
- Valoración da súa adecuación identificando os posibles factores que puideron incidir no caso de medio ou baixo grao de adecuación.
- Participación doutros axentes colaboradores coa Comunidade educativa: Concello, ANPA...
- Nivel de consecución dos obxectivos propostos.
- Propostas de mellora.

### **15. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.**

Farase especial fincapé no apartado 4.1.3.4 e no apartado 6 do Plan de Autoprotección. ( Aprobado en decembro de 2015 ).

## **16.PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE**

### **HORARIO DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVICIOS**

Auxiliar Administrativo: De 9:15 a 16:45 horas.

Horario de atención ao público: De 9:30 a 14:00 horas e de 15:15 a 16:00 horas.

Cociñeiras: Xornada continua de 8:45 a 16:15 horas.

Conserxe: De 8:30 a 13:30 e de 15:00 a 17:30 horas.

Coidadoras: De 9:15 a 16:15 ( os luns ata as 16.30 ) en xornada partida de outubro a maio.

De 8.45 a 15.30 en xornada continuada.

## **17.HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO**

Atenderase ao público, preferentemente por teléfono, e seguindo os protocolos de actuación para o contexto da Covid-19.

## **18.PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA**

Partimos da base de que o centro educativo parte do alumnado e remata na familia ou á inversa e o alumnado coma unha simbiose, coas súas particularidades que pertencen a un centro educativo, polo tanto son membros dunha comunidade que á súa vez se amplía co profesorado, co persoal non docente e coa propia comunidade. Con estas premisas desenvolvemos a idea de que canto máis fagamos partícipes ás familias nas relacións co centro educativo, nun clima de cooperación para solucionar as dificultades nos achegaremos máis cara o éxito do noso alumnado.

Dadas as limitacións establecidas pola pandemia da Covid-19 establecerase información constante na web do centro e a través do espazo abalar.

- Manter informados aos pais/nais, titores/as legais de eventos que xurdan, outros datos de interese a través de circulares informativas e da páxina web do centro.
- Fomentar un clima de diálogo construtivo como elemento resolutorio de conflitos.

## **19. PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR**

Seguiranse as medidas xerais establecidas no protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros educativos en relación ao transporte escolar.

- Está cuberto por 9 rutas con acompañante.
- O alumnado colócase por filas correspondentes a cada ruta, dende 1 ao 9. As/os acompañantes acceden ao recinto escolar voluntariamente, saíndo diante para o acompañamento ata o autobús.
- Cada un/ unha dos/das acompañantes son encargadas/os de manter a orde no autobús (un mal uso do servizo pode facer perder o dereito de usalo determinado número de días segundo sexa unha falta leve ou grave), así como de axudar nas subidas e baixadas, tanto nas paradas como na chegada ao centro.
- Os pais/nais e titores/titoras legais teñen a responsabilidade de estar nas paradas para recoller aos nenos/as. En caso de non recollelos/as eles/elas, deben deixar no centro un documento asinado onde autoricen expresamente a outra persoa a recollelos/as , unha copia deste documento daráselle á acompañante.

## **20. REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR**

Seguirase o protocolo de prevención da transmisión da Covid-19 nos comedores escolares .

O comedor deste centro é de tipo E

O persoal encargado do servizo está formado por:

- Directora: M<sup>a</sup> Dolores Nieto Caamaño.
- Encargado: R. Fernando Pintos Recarey.
- Secretario: César Ramos Domínguez.

Pola pandemia producida polo coronavirus e para cumprir os protocolos establecidos no contexto da Covid-19 establécense dúas quendas de comedor. Na 1<sup>a</sup> quenda xantará o alumnado de EI a 2<sup>o</sup> de educación primaria e na 2<sup>a</sup> quenda o alumnado de 3<sup>o</sup> a 6<sup>o</sup> de educación primaria.

Establécese unha nova dependencia como uso de comedor onde xantarán as e os colaboradoras /es de comedor e as mestras e mestres.

- Autorizáronse 20 persoas como persoal colaborador para atender as dúas quendas.
- Participarán nestas tarefas as dúas coidadoras do centro que atenderán ao alumnado con NEE.
- O persoal laboral está integrado por unha cociñeira e catro axudantes de cociña conforme a lexislación vixente.

## **PROTOCOLO DE COMEDOR ESCOLAR**

O comedor escolar é un servizo complementario de carácter educativo que se integra na vida de diferentes centros educativos. No caso do noso centro é un comedor de xestión directa e que beneficia á meirande parte dos alumnos do mesmo. Serve para o fomento dos bos hábitos hixiénicos, alimentarios e sociais dos nosos alumnos. Búscase que ademais de comer, aprendamos polo que se lle da un valor educativo. Deste xeito algúns dos obxectivos que trataremos de lograr son os seguintes:

### **OBXECTIVOS XERAIS DO COMEDOR**

1. Desenvolver e fomentar hábitos alimentarios saudábeis dende a escola, educar nutricionalmente.
2. Ensinar un comportamento social axeitado neste espazo e ser centro de desenvolvemento de habilidades e de convivencia. (o alumnado dos cursos máis altos comerán repartidos no comedor como o alumnado titor, titora. Téntase crear valores como a cooperación e o desenvolvemento da responsabilidade, así como a meirande convivencia entre todos).
3. Cubrir unha parte importante das necesidades nutricionais dos nenos/as proporcionando menús escolares saudábeis.
- 4 .Proporcionar a parte nutricional correspondente ao xantar proporcionando menús escolares saudábeis.

5. Enriquecer a capacidade de adaptación dos nenos e das nenas aos diferentes alimentos, sabores e texturas.
6. Favorecer a integración do profesorado, nais, pais no proceso de educación nutricional da escola.
7. Procurar que os nenos e nenas teñan unha actitude favorable e de goce ante a comida, facéndolles ver a importancia dese momento do día.
8. Buscar o goce dos tempos de lecer

## **ORGANIZACIÓN DO SERVIZO**

- Cando soe o timbre para xantar, o alumnado acudirá ao comedor escolar en grupos estables de convivencia.
- Dentro do comedor, as colaboradoras e os colaboradores colocaranse co grupo estable asignado.
- Os nenos e nenas con menús adaptados por enfermidade, alerxia, intolerancia ou dieta especial situaranse nas cabeceiras .
- Cada alumno e alumna terá un lugar fixo.
- Serviráselle as cantidades axeitadas de acordo á súa idade tentando que proben todas as comidas pero sen forzalos.
- Aos alumnado de menor idade axudaráselles a cortar, pelar. Ao resto indicaráselles como deben usar os cubertos, panos de mesa...
- Non se debe dar de comer á nenas e aos nenos na boca, buscamos a autonomía de todos as/os usuarias/os do comedor escolar.
- Non poderán entrar na cociña, nin usuarias/os nin colaboradores de comedor. Os utensilios entregaranse polo lugar que indique o persoal de cociña.
- Tentarase que non pidan as cousas a berros senón levantando a man e lembraráselles que coloquen a máscar axeitadamente unha vez rematen de xantar.
- As/os colaboradoras/es servirán a comida e colaborarán na recollida das nenas e na desinfección das mesmas e das cadeiras para o seguinte turno e así sucederá na segunda quenda.
- Cando se saia do comedor sempre se lles aolicará ao alumnado xel desinfectante e tamén se aplicará cando entre o alumnado da 2ª quenda a xantar.

- Respetaranse as saídas e entradas para evitar contactos estreitos.
- O alumnado non poderá saír do recinto escolar sen comunicalo e sen autorización firmada nin sen ser acompañados por un adulto autorizado.
- Vixiarase que non realicen algunha acción que supoña perigo para a súa integridade.
- Respetaranse as zonas de patio establecidas para o tempo de lecer para cada grupo, que serán rotatorias cada quince días como marcan os planos e calendarios establecidos en cada unha das portas de acceso aos patios.
- No caso de que algún/algunha neno/nena se manque ou se atope enfermo/a chamarase ás familias. Se fose un golpe e se se cree que revista gravidade ou non se localice ás familias chamaremos ao 061 poñendo en coñecemento da dirección e do encargado de comedor deste feito.
- Ante sintomatoloxía compatible coa Covid avisarase á dirección do centro para levar á persoa á zona de illamento e poñerse seguidamente en contacto coa familia sempre que sexa alumnado do centro.
- Ante faltas de comportamento reiteradas, comunicarase á dirección do centro e/ou ao encargado de comedor.
- Non se administrará ningunha medicación aos nenos e nenas, deben ser as familias as que o fagan.
- Se algún neno e nena se molla avisarase á casa.
- Se algún alumno ou alumna vai comer á casa non pode entrar ata que se abra a cancela do patio.
- Non pode entrar ningunha persoa allea ao centro no comedor no momento da comida. Só poderán estar dentro os usuarios do comedor e as colaboradoras.

## NORMAS DE HIXIENE

- Manter unha postura correcta e unha solicitude relaxada cando están sentados.
- Comer sen présa e mastigar ben.
- Saber utilizar os cubertos.
- Utilizar o pano de mesa sempre que sexa necesario.
- Evitar falar coa boca chea.
- Manter limpa a mesa e non tirar nada ao chan.
- Lavar e/ou desinfectaras mans antes de entrar a comer e despois de comer antes de acceder aos patios.

## NORMAS DE CONVIVENCIA\*

\*Para conseguir un bo clima de convivencia o ruído é un obstáculo á hora de poder comunicarse dun xeito construtivo. Busquemos o camiño para manter o bo clima reinante no centro entre todos e todas.

Aqueles alumnos e aquelas alumnas que fagan un uso inadecuado ou incurran en faltas graves de disciplina no tempo do comedor (ben sexa no propio comedor ou durante o tempo de lecer do mesmo) poden perder o dereito ao uso deste servizo complementario durante un período específico, como medida correctiva da conduta inapropiada, as condutas penalizadas e as súas consecuencias están recollidas nas NOFC.

## MENÚS

Os menús serán rotatorios, estableceranse seis menús fixos para o outono-inverno que rotarán por semanas e outros seis menús para a tempada de primavera-verán (publicados na páxina web do centro). Búscase que sexan equilibrados e tamén que gusten ao alumnado do centro, aínda que se incluírán texturas novas para educar o sentido do gusto.

Previo informe médico, ao alumnado con algunha enfermidade, alerxia ou intolerancia alimenticia personalízanselle os menús.

Poderá haber algunha modificación do menú cando por falta de persoal de cociña, como por limpeza exhaustiva polo seguimento do PPCC así o faga necesario, ou imprevisto xustificado que non permita poder elaborar os pratos previstos.

## COMIDA SOBRANTE.

A comida sobrannte irá para desperdicios e animais( das axudantes da cociña e da cociñeira), mentres os Servizos Sociais do Concello non organicen un reparto seguro da mesma.

## AVALIACIÓN

Pretendemos unha avaliación continua, reuníndoos con todas as persoas que colaboran no servizo polo menos unha vez por trimestre para valorar como está a situación. De todos os xeitos sempre que alguén observe algunha circunstancia que se deba mellorar, comunicarllo á dirección do centro para tomar as medidas oportunas.

Tentarase favorecer un clima de convivencia entre toda a comunidade educativa desenvolvendo o diálogo como liña que desenvolva os conflitos.



## **21-PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO -ESPAZOS DE USO COMÚN**

Este centro está composto, ademais do aulario, dos seguintes espazos comúns

- 1 aula de informática
- Ximnasio
- Pavillón de deportes utilizado como aula de Ed. Física e actividades complementarias.
- Biblioteca.
- Aulas de inglés.
- Aula multisensorial.
- Casa almacén no exterior.

Alén do horario habitual, o uso que se fai das instalacións escolares é o seguinte:

-A asociación de nais/pais (ANPA) previa solicitude segundo a lexislación vixente, utilizará o comedor, sala de xogos, aulas de inglés para levar a cabo o plan Concilia.

## **22-PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA, CONCELLO E OUTRAS INSTITUCIÓNS.**

Estabélcese para este curso o Plan concilia ( madrugadores e tardes divertidas

## **23 -PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO**

<b>1ª AVALIACIÓN</b>	ED INFANTIL 14 de decembro 1º e 2º curso: 15 de decembro 3º e 4º curso: 16 de decembro 5º e 6º curso: 17 de decembro.	Publicación de cualificacións : 21 de decembro
<b>2ª AVALIACIÓN</b>	ED INFANTIL 17 de marzo 1º e 2º curso: 18 de marzo 3º e 4º curso: 22 de marzo 5º e 6º curso: 23 de marzo	Publicación de cualificacións : 25 de marzo
	<b>ED INFANTIL:</b> 14 de xuño 1º	Publicación de cualificacións

<b>3ª AVALIACIÓN</b>	e 2º curso: 15 de xuño 3º e 4º curso: 16 de xuño 5º e 6º curso: 17 de xuño.	22 de xuño
----------------------	-----------------------------------------------------------------------------------	------------

## 24- PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TIC

### **ÍNDICE**

**INTRODUCCIÓN.....2**

**PUNTO DE PARTIDA DO NOSO CENTRO DURANTE ESTE CURSO E  
NECESIDADES BÁSICAS DETECTADAS.....3**

Punto de partida do centro.....3

Detección de necesidades.....5

**OBXECTIVOS PARA O CENTRO:.....6**

**OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO E A SÚA PRÁCTICA EDUCATIVA:6**

**OBXECTIVOS PARA O ALUMNADO E O SEU DESENVOLVEMENTO  
EDUCATIVO:.....7**

**OBXECTIVOS PARA AS FAMILIAS.....7**

**METODOLOXÍA.....8**

**CARACTERÍSTICAS DA METODOLOXÍA E ESTRATEXIAS A EMPREGAR. 8**

## INTRODUCCIÓN

A educación hoxe ten que partir e adaptarse a unha nova realidade, implicándose na solución dos seus problemas. Pensemos que debido ao grande desenvolvemento que presenta a rede internet, a información está ao alcance da man, en todo momento e case en calquera lugar. Cun simple clic podemos acceder a enciclopedias, blogs, sitios webs, foros, podemos manter conversas con persoas que viven ao noso carón ou que se atopan noutro extremo do mundo... Pero como usuarios desta rede, non só podemos recibir información, senón tamén transmitila, creala, compartila, sermos partícipes da construción desa grande urbe da comunicación. Polo tanto, as TIC convértense nun instrumento cada vez máis indispensable nos centros educativos.

A relación entre as novas tecnoloxías e a educación debería darse dentro dun marco de integración, xa que son dous mundos moi diferenciados ao nacer estas novas tecnoloxías fóra do sistema escolar e desenvolverse alleas a el, polo tanto merece ser considerada a integración das novas tecnoloxías na escola tendo en conta que se trata de dúas realidades ben diferenciadas pero que poden (e deben) complementarse pero sen esquecer en ningún momento que son un instrumento de aprendizaxe.

O tema esixe una reflexión preferentemente educativa, buscando que habilidades e destrezas se poden e se deben acadar no alumnado, ou que utilidades para o centro e aspectos da formación do profesorado han de ser tidas en conta. Cando falamos de integrar as TIC na escola máis que reflexionar sobre como integralas temos que valorar en que aspectos poden mellorar a nosa práctica educativa e as diferentes aprendizaxes dos alumnos, é dicir, debemos deixar que o noso proxecto educativo e pedagógico sexa o que nos guíe sobre cales serán os medios a utilizar en cada momento e non ao revés.

A integración destas novas tecnoloxías ten que facerse buscando, investigando, indagando... sobre todas aquelas posibilidades que ditas tecnoloxías nos ofrecen á hora de dar una nova dimensión ao proceso educativo redefiníndoo nun novo marco de coñecemento que sirva como motivación ao noso alumnado á hora de prepararse para

explorar, experimentar... en busca do coñecemento no que todos os días traballamos mestres e alumnos/as.

## PUNTO DE PARTIDA DO NOSO CENTRO DURANTE ESTE CURSO E NECESIDADES BÁSICAS DETECTADAS

### Punto de partida do centro

Dende hai uns anos o profesorado do noso claustro, involucrouse a nivel colectivo, para formarse e integrar as ferramentas tecnolóxicas na súa práctica educativa a través dos diversos cursos e proxectos formativos que tiveron lugar no centro e, a nivel individual, asistindo a cursos sobre temática TIC.

Durante os últimos cursos este interese demostrámolo en varias liñas de actuación:

- A existencia de blogues educativos
- O uso a pleno rendemento:
  - a.i.1. das pizarras dixitais existentes no centro.
  - a.i.2. dos proxectores.
  - a.i.3. De todos e cada un dos equipos informáticos cos que contamos, claramente insuficientes para dar resposta a unha comunidade educativa que ten case 400 alumnos e un claustro de 33 mestres.
- A dinamización da páxina web como:
  - a.i.1. vía de comunicación entre a comunidade educativa.
  - a.i.2. primeira experiencia de interacción virtual para o alumnado.
  - a.i.3. instrumento á través do cal coñecer as novidades do centro.
  - a.i.4. Ferramenta de traballo para o profesorado.
- A progresiva dixitalización de todo o traballo realizado polo profesorado (programacións de aula, de ciclo...) así como da revista escolar, fomentando entre a comunidade docente o coñecemento destes medios para operar con eles.
- A masiva participación do profesorado do centro nos proxectos formativos arredor das TIC. Durante os cursos os cursos pasados, participamos nun Proxecto de Formación e Asesoramento en Centros (PFAC), "**Introdución ao encerado dixital como recurso de aula**", e en dous grupos de traballo sobre os "**Recursos didácticos baseados no software libre para educación infantil e primaria**", máis recentemente o "**PFPP Barrié nas Ondas**" onde se afondou no uso de toda a tecnoloxía de radio e aplicacións como Audacity ou Zara Radio así como a participación no curso proposto, froito da recente situación de pandemia mundial "**Actualización de ferramentas tecnolóxicas para**

**docentes**". Tamén se realizou formación en distintas plataformas de videoconferencia como Jitsi e Webex. Ademais, no curso pasado participamos nun proxecto piloto de implantación de Snappet nas aulas de 5º e 6º de EP.

- A inclusión do centro no curso 2012-13 no **proxecto ABALAR** que se estivo a impulsar dende a Consellería de Educación e Innovación Educativa, polo que os nosos esforzos estiveron enfocados a un eficiente e correcto desenvolvemento do mesmo no centro. Entre as actuacións levadas a cabo con este propósito está a realización do PFAC "Proxecto Abalar: CEIP Barrié de la Maza", no que participaron 29 mestres do centro (29) e cuxos resultados foron valorados como Excelente polo CAFI.
- O recente seguimento realizando no curso pasado por todo o profesorado do centro, primeiro a través da web e posteriormente, trala formación recibida, mediante a posta en marcha de aulas virtuais.
- A xeralización do uso de Abalar Móbil por parte das familias como canle de comunicación.
- Utilización por parte
- A recente inclusión no curso 2020-21 no proxecto EDIXGAL. Estase a levar a cabo a implantación neste curso académico e traerá consigo a formación de todo o profesorado implicado.

#### ***DetECCIÓN DE NECESIDADES.***

---

A pesar de ter investido moito tempo en formación e prácticas con ferramentas tecnolóxicas, constatamos unha gran diferenza de coñecementos TIC no profesorado do centro, debido en grande parte á mobilidade entre centros. Isto leva aparelado que non nos propoñamos grandes retos, senón acadar unha normalización no eido das tecnoloxías como ferramentas útiles para lograr unha mellor calidade pedagóxica. Por este motivo neste curso académico será preciso ofertar formacións centradas nas necesidades reais máis inmediatas:

- Formación en EDIXGAL.
- Formación avanzada en manexo e xestión de aulas virtuais. Centraremos a formación sobre todo na práctica máis inmediata para co alumnado do centro.
- Formación en Snappet para o profesorado de 3º e 6º de EP así como tamén para todo aquel profesorado interesado.
- Formación específica para os membros do Equipo TIC centrada en:
  1. Manexo avanzado da web do centro (Webs dinámicas).

## 2. Xestión interna de aulas virtuais (creación de cursos e matriculación).

Por outra banda no curso académico 2020/2021 preténdese dar unha volta o uso da aula de informática entre o alumnado do centro para dar respostas ás súas necesidades dentro da nova situación da COVID-19. Aproveitaremos os excendentes de equipos de Abalar do alumnado que se incorpora ao proxecto EDIXGAL para crear un banco de préstamo de equipos para o resto de curso do noso centro.

Necesidade de aulas virtuais para o cumprimento do protocolo COVID deste curso académico.

Implantación de Snappet nos curso de 3º e 6º de EP.

Posta en marcha do proxecto EDIXGAL en 5º de EP.

### **OBXECTIVOS PARA O CENTRO:**

- Mellorar, dentro do posible, as conexións de acceso á rede sen fíos que hai no centro. Xa se realizou no curso pasado unha demanda á UAC en relación a este feito que se esperar sexa resolta ao longo deste curso escolar.
- Dar solución aos problemas co algún do equipo da aula de profesorado.
- Acondicionar os equipos en excedente do proxecto Abalar para xerar equipos de préstamo para todo o centro e conseguir unha aula de informática móbil.
  1. Crear un protocolo de desinfección para estes equipos.
- Dotar de PDIs a aquelas aulas nas que sexa preciso.

### **OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO E A SÚA PRÁCTICA EDUCATIVA:**

- Utilizar a aula de informática móbil (préstamo de equipos) dun xeito habitual e integrado nas actividades diarias de aula.
- Dar resposta ás necesidades de formación do profesorado:
  - EDIXGAL
  - Snappet.
  - Aulas Virtuais.
- Homoxeneizar e actualizar o coñecemento e o uso das Tecnoloxías da Información e Coñecemento por parte do profesorado do centro.
- Revisar, intensificar e normalizar o uso das PDIs do centro.

- Mellorar as competencias necesarias para usar as ferramentas dixitais na práctica docente.
- Acadar un nivel de alfabetización tecnolóxica acorde ao nivel do alumnado.
- Impulsar o uso do servidor de recursos de centro así como tamén de servidores externos como o de [EspazoAbalar](#)
- Seguir introducindo a ferramenta Agueiro ao profesorado do noso centro.

## OBXECTIVOS PARA O ALUMNADO E O SEU DESENVOLVEMENTO EDUCATIVO:

- Formación no acceso a Aulas Virtuais e o seu manexo máis básico.
- Utilizar as posibilidades do ordenador como ferramenta e medio para reforzar ou adquirir as competencias básicas.
- Desenvolver estratexias para a busca, selección e organización dos contidos.
- Desenvolver o sentido crítico respecto á información recibida destes medios.
- Coidar e facer un bo uso do material.
- Utilizar a cámara dixital ou dispositivos móbiles con cámara para realizar as súas propias fotografías e almacenalas axeitadamente en soporte informático.
- Coñecer as aulas virtuais e a páxina web do centro e buscar contidos, información... na mesma.
- Adquirir as nocións básicas de [seguridade na rede](#).
- Obter habilidades TIC prácticas para o seu desenvolvemento ao longo da vida.

## OBXECTIVOS PARA AS FAMILIAS

- Xeralización do uso de Abalar Móbil e desaparición, na medida do posible, do uso de papel.
- Formación para familias a través do acceso en aberto a unha aula virtual propia onde se dará resposta a dificultades técnicas ou contidos apropiados, en relación coas TIC, que deban ser coñecidos: seguridade na rede, aulas virtuais, Abalar Móbil, Webex...

## METODOLOXÍA

A utilización das TIC na aula supoñen un troco importante no papel do profesorado e do alumnado, na organización dos tempos e na metodoloxía. Os efectos pedagóxicos das TIC dependen da planificación didáctica realizada e das actividades que desenvolvamos coa mesma.

Ás veces, as novas tecnoloxías poden ser utilizadas ao servizo de vellas pedagogías. É dicir, facer o mesmo de sempre, pero con computadoras. Polo tanto, á idea de “Unha escola nova” deberíamos engadir “Unha mentalidade nova” e, sobre todo, aberta aos cambios. As razóns para empregar as TIC na aprendizaxe son múltiples:

- Implica novas formas de ensinar e de aprender.
- Promove e favorecer a autonomía do alumnado.
- Facilita a atención á diversidade, pois atende aos distintos estilos e ritmos de aprendizaxe.
- Dota de infinidade de recursos para cada materia e adaptados a cada idade.
- Proporciona a oportunidade de empregar estratexias e actividades máis dinámicas, interactivas e cooperativas.
- Desenvolve a aprendizaxe nun entorno máis interactivo e participativo, con actores e roles diferentes.
- Permite ao alumnado resolver problemas que se lle presenten, identificar situacións nas que o emprego das TIC podería ser relevante, aprender a seleccionar a mellor ferramenta para a tarefa que teñen que facer, etc.

## **CARACTERÍSTICAS DA METODOLOXÍA E ESTRATEXIAS A EMPREGAR**

### ➤ *Ensino centrado no/a alumno/a:*

---

- Negociando os temas e tarefas.
- Partindo do particular para chegar ao xeral.
- Utilizando exemplos e situacións reais.
- Realizando traballos por proxectos.



➤ *Aprendizaxe máis interactiva e autónoma:*

---

- O traballo por parellas e por grupos. Neste curso académico avogarase polo traballo cooperativo pero a través de medios dixitais (e-mail, videoconferencia...)
- Actividades que impliquen a negociación.
- Desenvolvemento de traballo por descubrimento e investigación.
- Adestramento nas estratexias de comprensión e seguimento da clase (amosar falta de comprensión, pedir aclaracións, distinguir o esencial, deducir, etc.)

➤ *Uso de múltiples recursos e materiais, especialmente as TIC:*

---

- Emprego de recursos dixitais e en especial da Web: textos, podcasts, vídeos, etc.
- Uso de ferramentas e espazos da Web.
- Marcadores ou favoritos.
- Blogs, Wikis, apps de creación de contidos (Canva, Prezi...)

➤ *Aprendizaxe enfocado a procesos e tarefas.*

---

As tarefas poden presentarse en distintos formatos, dependendo dos medios que se utilicen e das características do proceso da mesma: Proxecto, Weptask, WebQuest, etc.... O resultado físico da execución dunha tarefa pode ser un mural, unha presentación en Power Point, un documento, unha presentación oral, unha gravación...

## **NORMAS PARA A UTILIZACIÓN DO EQUIPOS DE INFORMÁTICA DE PRÉSTAMO**

- ❓ *O profesorado que queiran usar esta aula deberán:*
- ❓ Anotarse na folla disposta a tal efecto no taboleiro da aula 31, indicando día e hora

de recollida de equipos.

Os grupos de A só poderán escoller equipos de Préstamo identificados como “Préstamo A. Nº. Ademais, cada alumno na aula usará sempre o mesmo equipo. Exemplo: o alumno de 3ºA número 1 da aula usará SEMPRE o equipo de Préstamo A. 1. Deste xeito será sinxelo identificar contactos con equipos de alumnado que poida dar positivo en COVID-19.

O profesorado que faga a reserva encargarse do coidado e mantemento do material e deberá deixar todo tal e como se atopou no momento do seu uso.

No caso de ter algunha incidencia cos equipos notificará a alguén do equipo TIC para poder solucionarla no menor tempo posible.

Será preciso deixar os equipos cargando tralo seu uso.

Supervisar que os alumnos:

✓ Non ingresen en páxinas non autorizadas.

✓ Utilicen [Internet de forma responsable](#) co propósito de aprender, buscar información e seleccionar o máis axeitado para o desenvolvemento de diferentes traballos.

✓ Non instalen software, xogos e cambien a configuración dos equipos sen autorización dos responsables.

✓ O alumnado deberá informar inmediatamente ao docente sobre calquera anormalidade que encontre no seu ordenador asignado.

## **25. PROGRAMAS E PLANS ANUAIS DE LECTURA.**

<b><i>INTRODUCCIÓN.....</i></b>	<b><i>2</i></b>
<b><i>FUNDAMENTACIÓN E OBXECTIVOS.....</i></b>	<b><i>2</i></b>
<b><i>ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA.....</i></b>	<b><i>4</i></b>
<b><i>LIÑAS DE ACCIÓN PRIORITARIAS.....</i></b>	<b><i>5</i></b>
<b><i>SECCIÓNS.....</i></b>	<b><i>6</i></b>
<b><i>RUTINAS DE LECTURA.....</i></b>	<b><i>6</i></b>
<b><i>A NIVEL DE AULA.....</i></b>	<b><i>6</i></b>
<b><i>A NIVEL DE CENTRO.....</i></b>	<b><i>7</i></b>
<b><i>RECURSOS HUMANOS.....</i></b>	<b><i>9</i></b>
<b><i>ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORALIZADAS.....</i></b>	<b><i>10</i></b>
<b><i>FORMACIÓN PARA O USO, TRATAMENTO E PRODUCCIÓN DE INFORMACIÓN.....</i></b>	<b><i>10</i></b>
<b><i>FORMACIÓN DE USUARIOS.....</i></b>	<b><i>10</i></b>
<b><i>PROGRAMAS DE FORMACIÓN PARA A COMPETENCIA INFORMACIONAL E MEDIÁTICA.....</i></b>	<b><i>11</i></b>
<b><i>PROXECTOS DE CARÁCTER INTERDISCIPLINARIO.....</i></b>	<b><i>12</i></b>
<b><i>ACTIVIDADES PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS.....</i></b>	<b><i>13</i></b>
<b><i>SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.....</i></b>	<b><i>13</i></b>

## **INTRODUCCIÓN**

A organización da Biblioteca Escolar ten como obxectivo principal conseguir que a

biblioteca sexa o centro de recursos da comunidade educativa, facilitando o acceso igualitario á información e outros recursos para a aprendizaxe. Tal e como se recolle na *Orde do 25 de maio de 2020 pola que se convoca o Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares en centros públicos non universitarios de titularidade desta consellería para o curso 2020/21*, a nosa biblioteca constitúese como un centro de recursos para a lectura, a información e a aprendizaxe, de carácter dinámico e en constante actualización.

A lexislación básica a ter en conta para desenvolver o presente plan é a *Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro (LOMCE), para a mellora da calidade educativa, no seu artigo 2, destaca a importancia do fomento da lectura e do uso das bibliotecas para favorecer a calidade do ensino. No artigo 113, segue a facer mención específica ás bibliotecas escolares destacando a súa importancia e o seu funcionamento; o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo para a etapa de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no artigo 18, fai referencia ás bibliotecas escolares e ó Proxecto Lector do centro; ou o Decreto 330/2009, 4 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma De Galicia, entre outros documentos lexislativos.*

## **FUNDAMENTACIÓN E OBXECTIVOS**

Tendo en conta o anterior, preténdese transformar a biblioteca escolar nun elemento estratéxico para a innovación pedagóxica, que axude a revitalizar as prácticas educativas, proporcionando ao profesorado e ao alumnado oportunidades para o uso de múltiples recursos que permitan unha progresiva autonomía na aprendizaxe. Por iso, e tendo en conta as limitacións establecidas este ano dada a pandemia da COVID-19, propoñémonos as seguintes liñas de acción:

- Lograr unha maior presenza da biblioteca escolar no traballo de aula.
- Aumentar o número de usuarios en tempos de lecer como medio de goce e desfrute a través da lectura.
- Ofertar formación a todo o alumnado do centro para conseguir lectores selectivos, críticos e efectivos.

- Servir de apoio a toda a comunidade educativa no fomento da lectura nas aulas e nas casas.
- Facer da biblioteca un espazo agradable e da que todos os membros da comunidade educativa consideren como opción para o seu tempo libre.
- Diseñar, organizar e coordinar con outros equipos de traballo do centro unha serie de actividades para o fomento da lectura, a cultura, a busca de información e en definitiva da formación de lectores.
- Atender ás demandas de cada un dos niveis facilitando a información, a formación e a dotación de recursos que precisen para unha mellor planificación da actividade docente.

As anteriores liñas de actuación tradúcense en obxectivos como os seguintes:

- **A implicación de todo o profesorado**, para incorporar a biblioteca como centro imprescindible de recursos para as actividades de estudo cotiás. Favorecer un cambio de estratexia para que a biblioteca deixe de ser o lugar de celebración de algo puntual e pase a ser un recurso fundamental no proceso educativo do centro.
- **Axudar ao profesorado** poñendo ao seu alcance diversos recursos para facilitar a tarefa de busca e tratamento de información, tanto en edición papel como no uso dos novos medios dixitais coa colaboración do equipo de dinamización das TIC.
- Facilitar a **formación de usuarios** para que cada día sexan máis autónomos, saiban manexar os fondos e o seu paso pola biblioteca sexa máis frutífero e gratificante.
- **Axudar ao alumnado** a ser lectores autónomos, que consigan aprender por si mesmos, buscar e comparar a información sendo críticos coas fontes consultadas e facilitarlle a incorporación a novos sistemas multimedia (*tablets*, ordenadores, acceso á robótica, impresora 3D, etc.).
- **Incorporar a tecnoloxía na biblioteca escolar** para facer dela un centro integral

de recursos, mellorando os ordenadores, incorporando a impresora 3D do centro nela, adquirindo dispositivos de lectura dixital como *tablets* ou *ebooks*, etc.

- **Crear no alumnado a necesidade de coñecer** a distribución, o funcionamento e os recursos que nos pode ofertar a biblioteca escolar e crear a motivación suficiente para acudir a ela de forma voluntaria e autónoma cando necesiten buscar información; así como motivalos a querer participar e formar parte das actividades que se levan a cabo nela.

- **Ter presente a atención á diversidade** en todo momento, tanto nas actividades desenvolvidas desde a biblioteca coma á hora de adquirir os fondos.

## **ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA**

Fundamentalmente a Biblioteca Escolar será o centro de recursos do centro en relación ao material bibliográfico, videográfico, sonoro, etc., ao que toda a comunidade educativa poida recorrer para satisfacer as súas necesidades de ocio, de formación ou de información.

Non será, pola contra, o único lugar onde se poida realizar o feito da lectura senón que tentaremos conseguir que todo o centro e todos os lugares do contorno poidan ser lugares de lectura, sendo a Biblioteca Escolar fomentadora e dinamizadora servindo como recurso que pon a disposición de todos os sectores aqueles materiais dos que dispón. Así, establécense os préstamos a aula para que o profesorado poida levar recursos prestados ás súas aulas para enriquecer a biblioteca de aula. Ademais disto, seguiranse levando a cabo os préstamos ao alumnado pero cunha organización distinta á que se levaba facendo os anos anteriores.

En canto aos tempos para a lectura, está establecido no Proxecto Lector do Centro a existencia dunha hora de ler dentro do horario lectivo. Realízase na aulas, e para facilitar o seu cumprimento realizase en todas as unidades do centro despois do recreo, en horario de 11:30 a 11:50 horas.

En anos anteriores a Biblioteca Escolar mantíñase aberta tamén en horario de recreo de mañá de 11:10 a 11:35 horas para o seu libre acceso, establecendo gardas de profesorado para o seu bo funcionamento. Este ano, por mor da COVID-19 suprimiuse ese uso libre da biblioteca, mais cunha boa organización preténdese facer quendas para que se poida seguir acudindo á biblioteca por grupos burbulla e levando a cabo as debidas labores de limpeza e desinfección.

## **LIÑAS DE ACCIÓN PRIORITARIAS**

O equipo de profesorado do CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza, e especialmente o equipo da biblioteca escolar pretendemos que neste plan anual se implique a toda comunidade e logremos avanzar no noso obxectivo de mellorar a capacidade lectora, o goce pola lectura, o emprego da lectura como medio de conseguir o coñecemento e o aprendizaxe, desenvolver o espírito crítico e, en definitiva, crear lectores autónomos e eficientes dando como resultado uns cidadáns activos, formados, críticos e creativos.

Por iso, este ano preténdese facer unha enquisa inicial para coñecer as intereses do profesorado (as temáticas que queren traballar, tipos de libros cos que lles gustaría traballar, etc.) e adquirir as novidades tendo en conta esta información, poñendo a disposición de todo o profesorado un amplo abano de temas relacionados cos contidos que se queren traballar.

Xestionaremos os fondos documentais dos que dispoñemos e ampliaremos na medida do posible o noso catálogo para ofrecer aos usuarios da biblioteca os recursos necesarios acadar as competencias básicas contribuindo así a alfabetización múltiple de todo o noso alumnado.

Tendo en conta as limitacións deste ano, resulta prioritario potenciar o blog do Bibliorrato Xalleiro (o blog da biblioteca escolar), facilitando neste o catálogo da biblioteca, un vídeo tutorial para axudar a buscar no catálogo a través do Proxecto MEIGA, recomendacións de lecturas semanais e temáticas segundo as diversas conmemoracións e celebracións, e moitos outros recursos que vaian xurdindo ao longo do curso escolar. Así, resulta imprescindible que o alumnado e o profesorado collan a rutina de consultar a web do centro e os diversos blogs para desfrutar destes recursos.

## SECCIÓNS

O espazo da biblioteca escolar non se limita só á biblioteca como tal, senón que, como se comentou anteriormente, existen os préstamos a aula para formar as bibliotecas de aula. Estas constitúense a partir dos fondos que cada docente escolla para levar á súa aula e, ademais, cos recursos propostos nas exposicións temáticas. Isto significa que cada mes haberá unha exposición temática itinerante, que este ano en lugar de estar nos corredores estará no interior da biblioteca ou nas súas proximidades, e nestas recolleranse aqueles títulos recomendados segundo as múltiples celebracións, para que o profesorado poda consultalos e levalos á aula, sempre tomando as debidas precaucións e desenvolvendo as labores de desinfección.

Sumado a isto, desde o ano pasado estanse a catalogar todos os recursos do centro no proxecto MEIGA, co fin de centralizar todos os fondos na biblioteca, pero dispoñendo dos mesmos para levar ás aulas ou a diversas dependencias do centro.

## RUTINAS DE LECTURA

As rutinas de lectura que se desenvolven no CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza poden diferenciarse entre aquelas que se levan a cabo a nivel de aula e outras que se desenvolven a nivel de centro.

### **A NIVEL DE AULA**

- **HORA DE LER:** dentro deste tempo cada titor diseña as accións a realizar nese tempo. En principio e como base fundamental está lograr o fomento da lectura individual como medio de disfrute e de formación. Sen embargo poderanse realizar outro tipo de accións:

1. Lecturas compartidas ou debates como pequenos clubs de lectura.
2. Lecturas en voz alta aos compañeiros.
3. Presentación e recomendacións de libros.
4. Lectura no exterior (aproveitando os días de sol).



5. Accións concretas a proposta da Biblioteca Escolar (accións de fomento da lectura realizadas en contornos diferentes á aula clase.)

- BAGLLENAS. Coa intención de facilitar ao profesorado a selección de material e pór á disposición do seu alumnado un material motivador, novo, atractivo promovese o traslado ás aulas dunhas bolsas con material relacionado co nivel para a utilización na hora de ler e en calquera das outras actividades formativas que o titor programe dentro da aula.

- OUTRAS ACCIÓNNS DE FOMENTO DA LECTURA. Todas aquelas que o profesor titor organiza a diario no desenvolvemento da súa programación de aula: lecturas compartidas, recitados, creación de textos para a lectura aos compañeiros, etc.

- EDUCACIÓN INFANTIL. Merece especial atención a etapa de educación infantil debido ás capacidades do alumnado nesta etapa con respecto á lectura, na que as actividades se referirán especialmente ao fomento e ao gusto polos contos e a literatura en xeral a través de:

1. Lectura de adultos: pais, profesores, etc.

2. Visionado de contos audiovisuais, musicados, etc.

3. Goce na observación e lectura de imaxes poñendo á súa disposición álbumes ilustrados.

4. Xogos, dramatización e danza con contos infantís.

### **A NIVEL DE CENTRO**

Realización de diversas accións encamiñadas ao maior uso dos fondos da nosa biblioteca, da utilización da rede como medio de información, a elaboración de textos ou carteis informativos, contos transmitidos a través da radio escolar, vídeo tutoriais, *book tráiler*, etc.

**[?] Que podo ler?** Ao carón da porta da biblioteca haberá un panel que recollerá suxestións de lectura semanais co título dun libro, a súa portada e un breve resumo e motivarase ao alumando a buscalo de forma autónoma no catálogo da biblioteca. Estes carteis serán compartidos tamén no blog do Bibliorrato Xalleiro.

**[?] Contos naRADIOS.** Dado que a radio escolar constitúe o medio a través do cal

divulgar as actividades desenvolvidas no centro, desde a biblioteca empregarémola de distintos xeitos. Neste caso, o alumnado lerá a través da radio contos ao longo do curso, que o resto do centro pode escoitar a través da web da radio escolar. Este pode ser un conto enteiro (se é breve), un resumo dalgún libro, un *book tráiler*, a lectura dun capítulo, etc.

**[?] Celebracións especiais.** Aproveitaremos as celebracións propias do calendario (Samaín, Nadal, semana da poesía, semana da prensa, Día da Muller, etc.) para fomentar valores como a igualdade, a diversidade, o respecto, etc., propoñendo distintas actividades para cada ciclo e preparando expositores con recomendacións de lecturas sobre as distintas temáticas, que se colocarán polos corredores do centro e en zonas comúns.

**[?] Club de lectura.** Seguiremos co club que comezou o ano pasado. Propoñeráse a anotación voluntaria para saber se o alumnado do ano pasado quere seguir formando parte e se hai novas inscricións. A partir da listaxe do alumnado faranse grupos que se reunirán unha vez ao mes para comentar o libro que esteamos a ler e facer actividades dinámicas sobre o mesmo.

**[?] Club de ciencias.** Proxecto anual pendente de creación. Intentará dar solución, a través a ciencia, a problemas reais do noso centro que eles mesmos terán que identificar (por exemplo buscar solución para que todas as papeleiras do centro permitan separar o lixo) con técnicas como robótica, impresión 3D, programación (*Scratch*), circuítos, etc.

**[?] O Quiosco do Barrié.** Seguiremos contando con esta sección para colgar nun mural os traballos do alumnado, as novas da semana, as recomendacións de lecturas, etc.

**[?] Caixa de suxestións.** Manterase esta caixa para que o alumnado deixe as súas recomendacións de libros para mercar. Facilitarase tamén unha caixa virtual nun dos

ordenadores de uso libre, para que eles busquen a imaxe do libro que queren recomendar para mercar e a garden nun cartafol.

❓ **Semana da poesía.** Accións encamiñadas a promover este tipo de lectura, sendo esta xa a IX edición. Opción de organización de obradoiros de creación e recital poético.

❓ **Promoción dun determinado tipo de lectura** como poden ser o cómic, libros de aventuras, de viaxes, etc. Poderán realizarse a través de presentacións, exposicións deste material, propostas de xogos de descubrimento, etc.

❓ **Edición do xornal escolar.** O Lareteiro do Xallas é o xornal escolar que se elabora ao finalizar o curso en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega, do cal se imprimen exemplares para o alumnado de 6º EP que deixa o centro, e cólgase a súa versión dixital na web do centro para que toda a comunidade o poida ver.

## RECURSOS HUMANOS

Nas actividades de fomento da lectura anteriormente expostas contamos con recursos humanos, conformados polo conxunto do profesorado do centro e outros membros da comunidade educativa que poidan facer algunha visita ao centro para contar contos, para firmar libros, etc., sempre e cando as restricións establecidas pola COVID-19 o permitan.

Estas actividades e estes recursos humanos estarán organizados polo equipo de biblioteca escolar. Este ano o equipo estará coordinado por Nerea Paz Sar, mestra de apoio en Educación Infantil. Ademais da coordinadora, este equipo contará cos seguintes integrantes:

❓ M<sup>a</sup> Carmen Mourelle Castro

❓ Fernando Pintos Recarey

❓ M<sup>a</sup> Dolores Pérez Cancela

❓ Aurora Baña Fuentes

- ❓ Paz Pérez Gorgal
- ❓ M<sup>a</sup> Carmen Busto Bouzas
- ❓ Mari Maroño Outeiro
- ❓ Sandra Teixido López
- ❓ M<sup>a</sup> José Lois Ortiz
- ❓ Carmen Cancela Sánchez

Durante as horas de coordinación no período lectivo os integrantes do equipo realizarán tarefas asignadas co fin de asegurar un bo funcionamento da biblioteca escolar. Ademais, na medida do posible, tratarase de organizar o horario para que cada titoría dispoña dunha hora semanal para uso da biblioteca como lugar de investigación, traballo, lectura, etc., tal e como se viña facendo nos anos anteriores, mais tendo en conta as restricións existentes.

## **ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORALIZADAS**

### ***FORMACIÓN PARA O USO, TRATAMENTO E PRODUCCIÓN DE INFORMACIÓN***

Pretendemos que a biblioteca escolar sexa un espazo vivo e dinámico que dea cabida a todas as actividades que se leven a cabo no centro, así como un centro de recursos e servizos para toda a comunidade educativa. É dicir, estamos a falar da biblioteca como centro de coñecemento, como lugar de ciencia e modernidade, non só un lugar que fica no pasado, senón que pretendemos convertela nunha biblioteca 3.0. Así, a biblioteca acolle, organiza, facilita e difunde os fondos existentes e os recursos cos que conta para un uso eficaz dos mesmos.

### ***FORMACIÓN DE USUARIOS***

De cara á formación de usuarios preténdese formar ao profesorado, aos pais e nais e ao alumnado.

- ❓ Na formación ao profesorado, o equipo de apoio á responsable da biblioteca escolar recibirá no mes de setembro, antes de que comecen as clases, unha formación

para aprender a empregar o MEIGA sabendo facer uso de todas as súas funcións. Neste mesmo período o equipo de dinamización da biblioteca recibirá formación básica para facer préstamos e devolucións, e para colocar os libros que se devolven no sitio correspondente, seguindo o código de cores establecido, o cal se facilita nun panel. Pola súa parte, a responsable da biblioteca, ademais, acudirá aos cursos impartidos dentro do PLAMBE para mellorar o funcionamento da biblioteca.

❓ No referente á formación do alumnado, a partir do mes de outubro planificarase unha reunión cos/coas voluntarios/as para colaborar coas tarefas da biblioteca para, como en anos anteriores, aprender a facer préstamos e devolucións, buscar libros no programa MEIGA, coñecer os códigos de cores e números da clasificación dos fondos da biblioteca, etc. Faranse grupos que irán rotando semanalmente para que todos poidan axudar e colaborar.

### ***PROGRAMAS DE FORMACIÓN PARA A COMPETENCIA INFORMACIONAL E MEDIÁTICA***

Debemos recoñecer a importancia das bibliotecas escolares para o desenvolvemento da competencia lectora e da competencia mediática, informacional e dixital. Así, tratarase de ter na biblioteca xornais impresos, seguirase contando coas revistas mensuais e preténdese contar con recursos tecnolóxicos para consultar en Internet a información necesaria e aprender a analizala e facer unha crítica das fontes segundo a súa fiabilidade. Tendo en conta a necesidade da biblioteca de actualizarse tecnoloxicamente, contaremos co coordinador do equipo de dinamización das TIC para poder formar a todos os usuarios da biblioteca nos aspectos necesarios. Así, impartirase formación para poder facer deseños e darlles forma coa impresora 3D, para manexar o programa MEIGA cos ordenadores de uso libre, para empregar os recursos de lectura dixital cos que poidamos

contar (*ebooks* ou *tablets*), aprender a utilizar correctamente os ordenadores de uso libre, etc. Esta formación tratará de facerse durante os meses de outubro ou novembro.

### **PROXECTOS DE CARÁCTER INTERDISCIPLINARIO**

Ao longo do curso 2020/2021, o proxecto “**A nosa voz: a radio**” será o fío condutor de distintas actividades de carácter multidisciplinar no noso centro. A biblioteca será o núcleo central que aportará material e recursos para a pescuda, traballo e elaboración de información; tendo sempre como produto final a súa divulgación a través da radio escolar. A través deste proxecto fomentárase a lectura e a comprensión lectora en todas as áreas e materias e complementará o desenvolvemento do proxecto lector do centro e o traballo de todas as competencias básicas (EI) e clave (EP). Na seguinte táboa móstranse algunhas desas actividades que teñen como espazo común a biblioteca.

	SET.	OUT.	NOV.	DEC.	XAN.	FEB.	MAR.	ABR.	MAI.	XUÑ.
Contos narRADIOs										
Que podo ler?										
<i>Book trailers</i>			Unha vez ao mes							
Maletas viaxeiras										
Maletas inclusión e igualdade										
Xogos de pistas	Unha vez ao mes									
Club de lectura										
Club de ciencias										
Letras galegas										
Mulleres xalleiras										
Xornal O Lareteiro do Xallas										

### **ACTIVIDADES PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS**

No referente á implicación das familias, como se ven comentando, pediremos a colaboración destas para facilitar a ampliación do horario de apertura da biblioteca. Dependendo da situación de inicio do curso e do protocolo que a CCAA estableza pola pandemia COVID-19, na medida das posibilidades tentaremos abrila no recreo de mediodía e tamén na hora de titorías de nais e pais, xa que dadas as circunstancias non sabemos como nos podemos organizar. Tamén se pedirá colaboración para as actividades do venres de contacontos. En canto ás outras bibliotecas, como se ven facendo estes cursos de atrás, colaboraremos coa biblioteca municipal para intercambiar experiencias entre os clubs de lectura, para acudir á charlas ou contacontos organizados polo Concello, o alumnado colaborador coa biblioteca seguirá acudindo á escola infantil a contarlles contos, etc.

## **SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**

É preciso facer unha reflexión continua sobre o seguimento do noso proxecto para dese xeito facer as modificacións e adaptacións necesarias ao longo do desenvolvemento do mesmo. Así tamén estes datos servirannos de base para o plantexamento e organización de plans futuros.

Para levar a cabo esta análise, propoñemos uns aspectos concretos e uns instrumentos de valoración nos que prestaremos especial atención para unha avaliación crítica e positiva.

- Aumento no número de préstamos. Avaliarase a través dos rexistros no Meiga.
- Maior uso da biblioteca por parte de alumnado en tempos de lecer ou dirixidos dende titorías. Avaliarase a través de rexistros Meiga e a observación directa.
- Modificación dos xeitos de traballo nas aulas a través das propostas do plan. Avalíase a través de seguimento de equipo de biblioteca e titorías.
- Maior aproveitamento dos recursos da biblioteca por parte do alumnado. Avaliado a través de resultados en actividades de busca de información e formación usuarios propostas no plan.

- Modificación no espazo físico e organización da biblioteca e se esas modificacións conseguen unha maior funcionalidade. Avaliado a través do seguimento e observación directa.

Na memoria de fin de curso tentaremos valorar en que medida acadamos os obxectivos propostos e os cambios realizados para adecuar as actuacións ás necesidades máis destacadas da nosa comunidade educativa.

## **26- CONTRATOS-PROGRAMA**

### **01a. MELLORA DAS COMPETENCIAS CLAVE. COMPETENCIA MATEMÁTICA.**

#### **a) Razóns que xustifican a necesidade desta actuación.**

Unhas das principais preocupacións na actualidade educativa é a diminución dos bos resultados nas competencias matemáticas do alumnado. Tendo en conta os datos consultados no noso centro, a través de avaliacións trimestrais, informes do Equipo de Orientación,... detectamos que esta diminución estaba presente entre o noso alumnado. Polo tanto tratamos de deseñar un plan de mellora da competencia matemática ( mediante o cálculo, pensamento abstracto, resolución de problemas,...) que será desenvoltoa longo prazo pero que comezará cunha dinámica que vaia potenciando o seu desenvolvemento en todas as áreas.

Destacamos a resolución de problemas como aspecto esencial da educación matemática. Mediante a resolución de problemas favorécese o desenvolvemento das capacidades básicas da persoa sempre e cando estes non sexan vistos como situacións que requiran unha resposta única, senón como un proceso no que o alumno estima, fai conxecturas e suxire explicacións.

#### **b) Obxectivos que se perseguen nesta actuación.**

1) Incrementar o rendemento escolar deste alumnado mediante destrezas, integrando aprendizaxes, aplicando estratexias metodolóxicas innovadoras que motiven ao noso alumnado.

2) Mellorar a toma de conciencia para que coñezan as súas posibilidades e superen as posibles dificultades de aprendizaxe favorecendo a autoestima, intentando mellorar a relación alumnado-centro.



3) Exercitar a atención , concentración e a escoita ante as actuacións dos /das demais , favorecendo a autonomía do alumnado a través de estratexias de traballo en grupo, sendo a coeducación un elemento fundamental na vida do grupo.

4) Desenvolver unha mellor competencia matemática en cálculo, razoamento matemático, e resolución de problemas que poidan posteriormente aplicar á súa vida diaria.

5) Implicar ás familias no proceso educativo das súas fillas e dos seus fillos tanto no facer no fogar como no centro.

### **c) Medidas concretas que se van desenvolver.**

1. Fomento da autonomía do alumnado potenciando a mellora da autoestima e as súas capacidades resolutivas e de seguridade.

2. Potenciación do cálculo mental, o razoamento abstracto e a resolución de problemas aos que o alumnado debe enfrentarse na súa vida diaria.

3. Presentación de diferentes estratexias, ferramentas e métodos para que o alumnado acade unha mellora na competencia matemática.

4. Implicación e colaboración coas familias no fomento de diferentes actividades e tarefas que impliquen

### **d) Alumnado ao que vai destinada esta actuación.**

Participarán nas actividades todos os cursos de infantil e primaria para axudar ao alumnado que presenten dificultades nesta competencia e para favorecer unha melloría naqueles que non presenten grandes dificultades pero poden avanzar. Indique os cursos que participarán nesta actuación.

### **e) Profesorado implicado.**

Participarán todas/os as mestras/es que impartan esta área en colaboración co Departamento de Orientación. Indique os equipos ou departamentos participantes.

### **f) Horario no que se desenvolverá a actuación.**

Dedicarase un tempo específico a traballar aspectos concretos como o cálculo, o razoamento lóxico e a resolución de problemas.

### **g) Orzamento.**

Gastos de funcionamento.

200 € - Bibliografía

500€ - Xogos matemáticos

500€ - Material funxible

900€ - Charlas formativas de novas metodoloxías, estratexias na ensinanza das matemáticas.

### **h) Indicadores.**

✓ Porcentaxe de aprobados na avaliación final en matemáticas. 50%

- ✓ Porcentaxe de mellora dos resultados obtidos na competencia matemática respecto da 1ª avaliación.50%

## **01b. MELLORA DAS COMPETENCIAS CLAVE. COMPETENCIA LINGÜÍSTICA**

### **a) Razóns que xustifican a necesidade desta actuación.**

Ainda que o nivel socioeconómico e cultural da maioría do noso alumnado é medio, detéctase unha carencia lingüística en certos casos que pode ser debida a:

- marxinación social
- pobre ou moi baixo nivel cultural
- baixa estimulación e motivación ante a aprendizaxe nas familias, tendo baixas expectativas na educación
- poucos recursos e moi baixo interese no seguimento escolar dos/as seus/súas fillos/fillas.
- metodoloxías susceptibles de mellora, máis activas, participativas que favorezan a optimización do uso dos recursos do centro (radio escolar, biblioteca...) e a adquisición adecuada da competencia lingüística, cunha especial atención ao fomento da lectura, tratamento de textos de distinta tipoloxía, medidas de fomento da expresión oral (exposicións, dramatizacións, debates) tratamento dos procesos de planificación da escritura (elaboración de textos que inclúan argumentación, exposición de ideas, información, narración, descripcións....

Tendo en conta estes aspectos xorden dificultades moitas veces e en moitos casos para coordinar coa familia o apoio a tarefas persoais e complementarias á xornada docente para que sexan quen de mellorar o seu rendemento, perdéndose nestas circunstancias, que o alumnado sexa capaz de atopar hábitos de traballo persoal, de ter constancia, responsabilidade, etc. Búscase equiparar a todo o alumnado subsanando desigualdades, favorecer a integración, e mellorar as expectativas escolares de todo o alumnado participante. Sen embargo sabemos que para lograr isto non é suficiente con dedicarlle únicamente máis horas de traballo senón que debemos centrarnos noutros aspectos que xeralmente levan asociados unha baixa rendibilidade escolar, xa que son alumnas e alumnos que comezan a admitir a derrota e baixar o nivel de expectativa fronte ao sistema educativo, podendo falar de " indefensión aprendida ".

Por este motivo centraremos o noso traballo en:

- Mellorar o nivel de motivación do alumnado.
- Traballar a autoestima.- Incentivar a responsabilidade e o esforzo.
- Desenvolver a creatividade evitando o medo ao erro e ao fracaso.
- Ensañar diferentes estratexias para mellorar a competencia lingüística.

- Descubrir a funcionalidade de diferentes aprendizaxes. Aplicación dentro da propia realidade do alumnado, tentando incentivar o traballo do alumnado a través de tarefas motivadoras, significativas que se establezan nun ambiente aberto, flexible, relaxado que permita a cada quen ser artífice da súa aprendizaxe.

O desenvolvemento da competencia lingüística do alumnado é indispensable para a aprendizaxe de todas as áreas. Desde todas elas, se debe abordar unha correcta aprendizaxe da lectura e da escritura ligada á expresión oral e escrita. Falar, escoitar-atender, ler e escribir son destrezas que deben traballarse de forma simultánea e en todas as áreas do currículo. Así pois, aprender a ler significa aprender a comprender, inscribir a lectura desde os primeiros momentos en contextos comunicativos, orais e escritos, próximos ao alumnado. A escola é responsable de que o seu alumnado desenvolva as capacidades lingüísticas que lle permitan abordar con éxito a súa vida académica, e debe motivar para que lle guste a lectura e orientar ás familias neste proxecto.

#### **b) Obxectivos que se perseguen nesta actuación.**

- 1- Mellorar o hábito lector e o gusto pola lectura no alumnado en cada unha das linguas obxecto .
- 2-Mellorar a comprensión lectora e aumentar, tanto a produción escrita como a calidade dos escritos, así como lograr ver a funcionalidade deses textos.
- 3-Aumentar as situacións de produción oral do alumnado nas dúas linguas oficiais, mellorando o seu vocabulario e coherencia.
- 4-Incrementar as situacións onde o alumnado deba utilizar a lingua inglesa e adquiera o gusto por escoitar, falar e escribir en inglés.
- 5- Aumentar a autoestima do alumnado, favorecendo hábitos de traballo e a constancia e responsabilidade á hora de enfrontarse ao traballo.

#### **b) Medidas concretas que se van desenvolver.**

- 1.-Gravación de podcast.
- 2.-Debates telemáticos, presenciais, na radio...
- 3.- Narracións e dramatizacións.
- 4.- Exposicións orais.
- 5.- Celebración de certames literarios

#### **c) Alumnado ao que vai destinada esta actuación.**

Participarán nas actividades todos os cursos de primaria para axudar ao alumnado que presenten dificultades nesta competencia e para favorecer unha melloría naqueles que non presenten grandes dificultades pero poden avanzar.

#### **d) Profesorado implicado.**

Participarán activamente nesta actuación todos os mestres e mestras en colaboración cos diferentes equipos do centro.

#### **f) Horario no que se desenvolverá a actuación.**

Nas sesións de lingua galega, lingua castelá e lingua estranxeira.

### **g) Orzamento.**

2100Gastos de funcionamento.

Material funxible: 1000€

Xogos educativos: 500€

Talleres: 600 €

### **h) Indicadores.**

- ✓ Porcentaxe de mellora dos resultados en lingua castelá que se pretende acadar ao final do curso respecto da 1ª avaliación. 50%
- ✓ Porcentaxe de aprobados na avaliación final de lingua castelá. 50
- ✓ Porcentaxe de mellora dos resultados en lingua galega que se pretende acadar ao final do curso respecto da 1ª avaliación. 50%
- ✓ Porcentaxe de aprobados na avaliación final de lingua galega. 50%
- ✓ Porcentaxe de mellora dos resultados en lingua estranxeira que se pretende acadar ao final do curso respecto da 1ª avaliación. 50%
- ✓ Porcentaxe de aprobados na avaliación final da lingua estranxeira. 60%

## **01c. MELLORA DAS COMPETENCIAS CLAVE. COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA**

### **a) Razóns que xustifican a necesidade desta actuación.**

O coñecemento científico e tecnolóxico constitúe un elemento esencial para o funcionamento das sociedades modernas, -e así o recoñecen diferentes organismos nacionais e internacionais que sitúan o desenvolvemento da educación científica e tecnolóxica entre os obxectivos educativos máis importantes deste século.

A competencia científica resulta crucial para a preparación para a vida dos nenos e nenas na sociedade actual. Mediante ela, o individuo pode participar plenamente nunha sociedade na que as ciencias desempeñan un papel fundamental. Esta competencia faculta ás persoas a entender o mundo que as rodea e poder intervir con criterio sobre o mesmo.

A escola debe formar cidadáns e cidadás que, ao longo da súa vida, deberán desenvolverse nunha sociedade cambiante, na que a ciencia e a tecnoloxía experimentarán, unha constante evolución e unha crecente influencia. Polo tanto a educación debe facilitar o logro da competencia en ciencia e tecnoloxía do alumnado que lles permita desenvolver unha comprensión da ciencia e axude a tomar decisións persoais e a participar crítica e responsablemente na toma de decisións en torno a problemas locais e globais.

Desde o noso centro pretendemos fomentar no noso alumnado esta competencia e procurar formar alumnos e alumnas con capacidade de análise crítica e toma de decisións.

**b) Obxectivos que se perseguen nesta actuación.**

1. Impulsar o desenvolvemento do pensamento científico-técnico do alumnado desde as diferentes materias e áreas, guiándoo do concreto ao abstracto e potenciando a reflexión.
2. Impulsar na aula a realización de actividades variadas e o uso de instrumentos didácticos diversificados facendo especial fincapé nas TIC.
3. Impulsar unha metodoloxía participativa na que o alumnado poida expresar a súa opinión, propoñer preguntas que sexan respondidas a partir de actividades de análise sistemática e de indagación.
4. Promover a participación de toda a comunidade educativa en actividades relacionadas con esta competencia.
5. Mellorar a autoestima e implicación nas actividades do alumnado.

**c) Medidas concretas que se van desenvolver.**

1. Iniciación do alumnado en aulas virtuais, Snappet e Edixgal para o acceso a diferentes actividades e busca selectiva de información,
2. Formación do profesorado en aulas virtuais e Edixgal, webs dinámicas,...
3. Presentación e uso de ofimática básica para o alumnado (libre office)
4. Formación para familias en : acceso a aulas virtuais, webex, abalar móbil, conexión wifi con redes móbiles, seguridade na rede,...
5. Formación en seguridade na rede para o alumnado.

**d) Alumnado ao que vai destinada esta actuación.**

Intentaremos que en maior ou menor medida todo o alumnado participe nas actividades propostas.

**e) Profesorado implicado.**

Participará todo o profesorado en colaboración co equipo Tic do centro.

**f) Horario no que se desenvolverá a actuación.**

Empregarase unha sesión para o traballo da competencia tecnolóxica e científica.

**g) Orzamento.**

Gastos de funcionamento.

500€. Material bibliográfico e funxible.

500€- Xogos científicos e de programación

3000€. Equipamento para robótica e ciencia experimental.

**h) Indicadores.**

- ✓ Porcentaxe de aprobados na avaliación final nas áreas/materias relacionadas con estas competencias. 50%
- ✓ Porcentaxe de mellora dos resultados nas competencias básicas en ciencia e tecnoloxía respecto da 1ª avaliación . 50%

## **02. PREVENCIÓN DO ABANDONO TEMPERÁN E DO ABSENTISMO**

**a) Razóns que xustifican a necesidade desta actuación.**

No noso centro, CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza de Santa Comba, contamos cun grupo de alumnos e alumnas en risco de abandono por situación familiar desfavorecida o que provoca ás veces casos de absentismo. Temos tamén alumnado de etnia xitana, inmigrantes de diferentes nacionalidades con dificultades no idioma: Marrocos, Brasil, ..., e alumnado retornado da emigración. Observamos unha menor motivación para aprender neste alumnado o que de seguir avanzando favorece o risco de abandono ou desinterese.

**b) Obxectivos que se perseguen nesta actuación.**

1. Atender ao alumnado con menor motivación e capacidade para aprender en situación de risco de abandono.
2. Favorecer a inclusión dos colectivos máis desfavorecidos como o alumnado retornado e o alumnado en risco de exclusión social.
3. Fomentar a participación de alumnos e alumnas nas actividades do centro.
4. Ofrecer respostas adaptadas ás posibilidades e intereses que favorezan a aprendizaxe e diminúan o desinterese e o abandono.

**c) Medidas concretas que se van desenvolver.**

- 1) Rexistrar as faltas de asistencia axiña para detectar casos de absentismo de forma inmediata e poder facer a intervención para corrixir o problema.
- 2) Establecer medidas preventivas axudándonos da boa relación e colaboración cos servizos Sociais do Concello.
- 3) Establecer a participación deste alumnado en todos os proxectos do centro (PFPP, Proxecto Deportivo de Centro, etc.) Mellorar as súas competencias a través do traballo por proxectos, importanciando traballo cooperativo.
- 4) Realizar actividades interculturais para romper estereotipos: actividades culturais, achega de diferentes culturas gastronómica, costumes, charlas para romper estereotipos culturais.
- 5) Establecer relacións fluídas coas familias para axudarlles e entender as súas problemáticas.

**d) Alumnado ao que vai destinada esta actuación.**

Todos aqueles onde están escolarizados alumnos ou alumnas que cumpran estas características en todos os niveis de EI a 6º.

**a) Profesorado implicado.**

Participará todo o profesorado en colaboración cos diferentes departamentos e equipos: departamento de orientación, Equipo de Dinamización da Lingua Galega, Proxecto Deportivo de Centro, Equipo de Biblioteca, Equipo de PFPP, Equipo de Tecnoloxías da Información e a Comunicación. Indique os equipos ou departamentos participantes.

**b) Horario no que se desenvolverá a actuación.**

Todos os días da semana unha sesión e outras de forma extraordinaria e en moitas outras sesións que se establezan ao longo do curso para desenvolver as actividades.

**c) Orzamento.**

Gastos de funcionamento.

Actividades culturais, obradoiros culturais e gastronómicos, charlas. 2.000 euros.

Material fungible: 500 euros

**d) Indicadores.**

- ✓ Porcentaxe de redución da taxa de abandono escolar respecto do curso anterior. 50%
- ✓ Porcentaxe de redución do número de faltas de asistencia e de puntualidade sen xustificar. 50%

**03. IGUÁLA-T.**

### **a) Razóns que xustifican a necesidade desta actuación.**

Desde o CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza cremos que é preciso traballara na coeducación e nacorresponsabilidade desde as idades máis novas e en todos os niveis educativos, sendo necesaria a implicación de toda a comunidade educativa do centro. Canto antes se empece máis axiña seremos efectivos.

No centro detectouse o seguinte:

- Necesidade de crear un contexto educativo en termos de coeducación e igualdade de oportunidades. Necesidade de construír un espírito crítico que permita identificar este-reotipos de xénero en todos os ámbitos: laboral, familiar, publicidade, cine , música, medios de comunicación, linguaxe, textos, etc.
- Necesidade de facer un uso non sexista dos espazos e dos tempos.
- Asunción igualitaria de roles. Favorecer a discriminación positiva, o feminismo e o empoderamento da muller. Identificar e reconducir actitudes machistas, micromachismos e usos violentos da linguaxe dirixidos á muller.

### **b) Obxectivos que se perseguen nesta actuación.**

- 1.- Identificar e reconducir actitudes machistas, micromachismos e usos violentos da linguaxe.
- 2.- Fomentar a capacidade crítica para identificar estereotipos en todos os ámbitos.
- 3.- Favorecer o uso non sexista dos espazos e dos tempos.
- 4.- Favorecer o uso igualitario de roles.
- 5.- Concienciar da necesidade de apoiar o feminismo e o empoderamento da muller.

### **c) Medidas concretas que se van desenvolver.**

1. Identificaranse condutas, estereotipos,...
2. Formación do alumnado en materia de igualdade de xénero (simboloxía e conceptos)
3. Proposta de actividades dirixidas a concienciar da necesidade do feminismo para compensar actitudes discriminatorias, maltrato sutil, micromachismos,...
4. Analizar a realidade do entorno desde distintos ámbitos ( linguaxe, literatura, publicidade, cine,...) e visibilizar o papel da muller e das mulleres na sociedade
5. Promover o uso de roles, espazos e expectativas segundo o xénero.



**d) Alumnado ao que vai destinada esta actuación.**

Participarán todos os cursos desde E. Infantil a 6º de Primaria, incluída unha aula de Educación Especial. Indique os cursos que participarán nesta actuación.

**e) Profesorado implicado.**

Participará todo profesorado e os equipos do centro: departamento de orientación, Equipo de Dinamización da Lingua Galega, Proxecto Deportivo de Centro, Equipo de Biblioteca, Equipo de PFPP, Equipo de Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

**f) Horario no que se desenvolverá a actuación.**

As actividades desenvolveranse ao longo de todo o curso a razón de dúas horas semanais.

**g) Orzamento.**

Gastos de funcionamento.

500€. Material funxible

350€ Material bibliográfico

1500€ Charlas, obradoiros, contacontos, representacións teatrais,...

**h) Indicadores .**

- ✓ Número de accións encamiñadas á prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.10
- ✓ Número de actividades desenvolvidas para a prevención e abordaxe da violencia de xénero.10
- ✓ Número de actividades desenvolvidas para a promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.10
- ✓ Número de actividades desenvolvidas para a promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.10
- ✓ Porcentaxe de incremento da participación do alumnado no programa respecto ao curso anterior.100%
- ✓ Porcentaxe de participación de alumnas nesta actuación.100%
- ✓ Porcentaxe de participación de alumnos nesta actuación.100%
- ✓ Porcentaxe de participación de docentes (homes) nesta actuación.100%

**04. CON-VIVE.**

**a) Razóns que xustifican a necesidade desta actuación.**

Observamos no noso centro:

-Conflitos: necesidade de aprender a resolvelos en igualdade mediante o diálogo.

-Diferenzas sexistas nos diferentes tipos de xogos; pouca participación en xogos de balón, consideración erróneas e negativas por sexos respecto a determinados xogos.

-Pouca implicación da maioría do alumnado na integración do alumnado con nee nos patios de recreo.

-Necesidade da mellora da intelixencia emocional (saber xestionar as emocións: ira, tristeza,...)

-Un fomento da competitividade no alumnado a través de algunhas familias e carencias na xestión de aspectos que teñen que ver coas relacións entre iguais.

### **b) Obxectivos que se perseguen nesta actuación.**

1. Xerar espazos de diálogo para a solución de conflitos.
2. Concienciar ao alumnado na importancia do respecto e solidariedade entre iguais.
3. Detectar posibles casos de acoso e atallalos con prontitude.
4. Conseguir un clima escolar libre de todo tipo de violencia.
5. Mellorar a integración dos alumnos con nee e dos de nova incorporación.

### **c) Medidas concretas que se van desenvolver.**

1. Formación do alumnado en materia de igualdade de xénero.
2. Creación da aula de convivencia e zonas de mediación.
3. Potenciar as relacións entre iguais e as dos alumnos con nee mediante o xogo nos patios de recreo.
4. Concienciar e implicar ás familias nun cambio de actitude cara a cooperación e o traballo colaborativo entre iguais.
5. Fomentar a educación emocional para a mellora da xestión das emocións.

### **d) Alumnado ao que vai destinada esta actuación.**

Cursos: EI: 4º, 5º e 6º, EP: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º,

### **e) Profesorado implicado.**

Participará todo o profesorado e os diferentes equipos.  
EQUIPO DE ORIENTACIÓN: Ana Mª Carballeira Maceiras

EQUIPO DIRECTIVO: María Dolores Nieto, María Dolores Pérez e César Ramos.  
EQUIPO DO PDC: César Ramos Domínguez  
Equipo de actividades extraescolares: M<sup>a</sup> Dolores Nieto Caamaño  
Equipo de Dinamización da Lingua Galega: Nerea Paz Sar  
Equipo de Dinamización da convivencia: Ana M<sup>a</sup> Carballeira Maceiras

**f) Horario no que se desenvolverá a actuación.**

As actividades levaranse a cabo xeito transversal especialmente en relación ás incidencias que xurdan nos períodos de lecer, nas entradas, saídas e filas.

**g) Orzamento.**

Gastos de funcionamento.

300 € - material funxible

350€- programas de habilidades sociais

1000€- actuación externas ( charlas, obradoiros, obras de teatro,...)

300€- material bibliográfico

**h) Indicadores.**

- ✓ Porcentaxe de aumento do número de casos resoltos pola vía da mediación.20%

## 05. INCLÚE-T

**a) Razóns que xustifican a necesidade desta actuación.**

O noso centro, ao igual que a sociedade, é plural e diverso, polo que é primordial a preparación do noso alumnado para esa sociedade. Deben ser capaces colaborar, aceptar e integrar a todas as compañeirase compañeiros por igual sexa cal sexa a súa diversidade.

Detectouse nalgúns dos nosos discentes:

- apatía por alumnas e alumnos procedentes do estranxeiro, con pouca aceptación nalgúns casos.
- desinterese por coñecer ou colaborar con alumnado con discapacidade
- rexeitamento cara alumnado en risco de exclusión social.

**b) Obxectivos que se perseguen nesta actuación.**

1. Mellorar o nivel de aceptación do alumnado cara novas nenas e nenos que chegan ao centro.
2. Eliminar as diferenciacións erróneas e dañinas que fai o alumnado.
3. Fomentar o respecto pola diversidade

4. Visibilizar e sensibilizar ao alumnado cara o alumnado con dificultades.

5. Crear patios coeducativos e dinámicos.

### **c) Medidas concretas que se van desenvolver.**

Para conseguir os obxectivos citados anteriormente promoveremos actividades tanto dentro como fóradas aulas que buscan un cambio nas actitudes do noso alumnado. Entre as medidas que se adoptarán temos:

1. Actividades para o coñecemento do novo alumnado, das súas culturas, linguas, costumes, xogos,...
2. Medidas que favorezan a empatía e a resposta solidaria, tutoría entre iguais.
3. Creación de patios dinámicos e coeducativos.
4. Deseño universal da aprendizaxe: Creación de ambientes de aprendizaxe onde a norma sexa a diversidade e non a excepción.
5. Traballo da educación emocional, empoderar a todo o alumnado creando entornos acolledores e seguros e con actividades cooperativas e en equipo.

### **d) Alumnado ao que vai destinada esta actuación.**

Participará todo o alumnado do centro desde E. Infantil a 6º de Primaria.

### **e) Profesorado implicado.**

Participarán activamente nesta actuación todas as mestras e mestres así como o Equipo da convivencia, Equipo TIC, Equipos de ciclo e de nivel, Equipo directivo.

### **f) Horario no que se desenvolverá a actuación.**

De xeito transversal nas diferentes materias, nas actividades conxuntas organizadas para desenvolver este programa e nos tempos de lecer.

### **g) Orzamento.**

1500 euros de gastos de funcionamento.

Contratación de formación sobre inclusión, patios dinámicos etc.

Adquisición de xogos neutros

Deseño de patios coeducativos e inclusivos

Talleres, obradoiros sobre a temática.

## **h) Indicadores**

- ✓ Número de accións conxuntas no marco da inclusión con outros centros educativos.2
- ✓ Número de accións e/ou iniciativas encamiñadas á modificación dos proxectos de centro, de cara ao aumento da cultura inclusiva nestes.5
- ✓ Número de actividades específicas de sensibilización de todo alumnado e profesorado coa diversidade funcional e coa inclusión.3
- ✓ Número de protocolos e procedementos realizados e/ou renovados (ex. demanda intervención psicopedagóxica, modelo de realización de AC...) 8
- ✓ Porcentaxe de aumento da cohesión social e educativa no centro.60%
- ✓ Porcentaxe de aumento da implicación das familias nas accións educativas relacionadas con estatística.50%

## **6. EDU EMOCIONA**

### **a) Razóns que xustifican a necesidade desta actuación.**

A dimensión emocional sempre forma parte da interacción interpersonal e condiciona o axeitado procesamento da información, pero nas circunstancias de alerta sanitaria nas que nos atopamos pola COVID-19, estanse producindo importantes cambios nas vidas de todos nós e o presente curso supón unha adaptación excepcional, tanto por parte do profesorado como das familias e, moi especialmente, por parte do noso alumnado. Este cambio non só afecta ao proceso de ensino aprendizaxe, senón que supón múltiples consecuencias emocionais e sociais. A volta á escola debe facernos conscientes dos posibles cambios tamén no ámbito familiar por posibles perdas de emprego ou mesmo de seres queridos, de xeito que provocan emocións que conforman o estado de saúde dos nenos e nenas. Despois de tantos meses na casa, este curso pódese presentar incerto e xerar temores e inquedanzas difíciles de asumir. No acompañamento emocional ao alumnado debemos axudarlles a recoñecelas, regularlas e aceptalas..

### **b) Obxectivos que se perseguen nesta actuación.**

- Reducir o impacto emocional que supón a volta ao colexio por mor das medidas que impoñen os protocolos da COVID-19

- Mellorar a adaptación emocional e social do alumnado desenvolvendo habilidades inter e intrapersoais
- Promover a validación e aceptación das emocións
- Favorecer a cohesión grupal
- Dotar de recursos para a resiliencia
- . Incrementar o diálogo e favorecer as funcións executivas para promover o razoamento e a toma dedecisións.
- Reducir a ansiedade e/ ou preocupación das familias.

### **c) Medidas concretas que se van desenvolver.**

- Identificación dos distintos estados emocionais que poden presentarse
- Medo: ao coronavirus, ao contaxio, á separación das familias...
- Decepción e rabia: a ilusión de ver aoscompañeiros bate con todas as medidas de prevención esixidas.
- Tristeza: pola separación física cos compañeiros e profesorado.
- Apego e ansiedade pola separación portantos meses de permanencia na casa que incrementan a ansiedade pola separacións
- Realización de xogos interactivos na aula e entre distintos grupos do centro de maneira virtual ( Scaperoom, kahoot...)
- Aproveitamento dos espazos abertos. Realización de actividades, sempre que sexa posible, en espazosabertos e ao aire libre.
- Traballo das emocións dende as áreas artísticas que permitan a creación libre, sen interpretación ninxuízo, para a extereorización das emocións.
- Implementación de pautas polo profesorado para a validación de emocións: acompañar na emociónsupón axudarlle a poñerlle nome e transmitirille que é natural sentila e ofrecerlle recursos para afrontalasen evitar nin rexeitar nunca a emoción.
- Realización de dinámicas tipo círculos restaurativos.: esta dinámica permite xestionar os conflitos.

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

Proxecto reforzando o vínculo entre o alumnado e o profesorado, ademais de potenciar un clima favorable para a expresión emocional dende o diálogo e o respecto.

- Promoción de tertulias dialóxicas. Esta dinámica permite a exposición e interacción a través das lecturas, e da súa reflexión, de situacións propias e de emocións, potenciando a autoestima e a miradaintrospectivas.

- Traslado de pautas ás familias: practicar a separación e autonomía, transmitir tranquilidade aoneno/nena; cumprir as promesas; xerar unha visión positiva da escola; despedidas breves, decididas,afables, curtas e sereas e recomendación de contos e outros documentos para ler xuntos

#### **d) Alumnado ao que vai destinada esta actuación.**

Participarán nas actividades todas as alumnas e alumnos do centro.Indique os cursos que participarán nesta actuación.

#### **e) Profesorado implicado.**

Participará o profesorado do centro en colaboración co equipo de Convivencia e o Departamento deOrientación.

#### **f) Horario no que se desenvolverá a actuación.**

O profesorado empregará parte do tempo lectivo para o coidado emocional do seu alumnado así comopara a posta en práctica das diferentes propostas que se farán ao longo do curso.

#### **g) Orzamento.**

Gastos de funcionamento.

400€- Material bibliogáfico

500€- Material funxible

500€- Xogos educativos sobre a temática.

1100€-Obradoiros para profesorado e alumnado sobre educación emocional, charlas,...

#### **h) Indicadores.**

- ✓ Número de accións encamiñadas á implicación do profesorado na formación en educación emocional.5
- ✓ Número de accións encamiñadas á mellora da competencia socioemocional de toda a comunidadeeducativa.5
- ✓ Número de accións encamiñadas á mellora da intelixencia emocional a nivel de centro.5
- ✓ Porcentaxe de incremento do benestar emocional, persoal e social do alumnado.40%

## 09. PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE FÍSICA EN HORARIO LECTIVO.

### a) Razóns que xustifican a necesidade desta actuación.

No noso centro levamos sete cursos traballando nun Proxecto Deportivo de Centro que ten comofinalidade coordinar, dinamizar e organizar diferentes actividades relacionadas coa actividade física e o deporte que implique a todos os axentes da comunidade educativa: alumnado, profesorado, familias, persoal de servizos do centro e contorna do centro educativo.

Devandito proxecto vai sufrindo modificacións cada ano e mellorando un amplo abano de actividades relacionados co exercicio físico e alimentación saudable que tratan de implicar a toda a comunidade educativa e que no ano 2018 levaron a que o noso centro educativo fora galardoado co Premio do Deporte galego á mellor entidade educativa promotora de actividade física e de hábitos saudables. Ten en conta a complexidade deste curso académico derivada pola actual crise sanitaria provocada pola COVID 19 vemos na necesidade de poñer máis énfase en traballar para que a comunidade educativa teña unha ampla oferta de actividades dinámicas relacionadas co exercicio físico e a alimentación saudable, poñendo máis atención nos nenos e nenas xa que veñen de sufrir un período de confinamento e un cambio nas súas rutinas diarias que implica un estilo de vida máis sedentario..

### b) Obxectivos que se perseguen nesta actuación.

1-Incrementar a actividade física efectiva diaria do alumnado ao longo do horario lectivo.

2-Implantar estratexias e metodoloxías de aprendizaxe que permitan a convivencia da práctica de actividade física co desenvolvemento normal das sesións lectivas.

3.Favorecer e promocionar a práctica de actividade física nos períodos de lecer, dentro e fóra do centro.

### c) Medidas concretas que se van desenvolver.

Pretendemos que a comunidade educativa se implique directamente en levar un ritmo de vida activo e unha alimentación saudable, tendo en conta a realidade actual derivada da pandemia mundial que estamos a sufrir. As medidas que adoptaremos serán:



1-Adaptación das actividades motrices no tempo de recreo en consonancia co protocolo oficial da Consellería.

2-Ofrecemento ao alumnado dunha ampla variedade de xogos e actividades susceptibles de ser practicadas no seu tempo de lecer.

3- Colaboración coas familias asesorándoas en materia de exercicio físico e alimentación saudable no contexto actual.

4- Información ao alumnado e comunidade educativa en estilos de vida activos en consonancia coa realidade educativa actual.

#### **d) Alumnado ao que vai destinada esta actuación.**

Todo o alumnado do centro participará nas dinámicas e nas actividades propostas, xa que pretendemos que o contrato programa sexa un elemento máis do proxecto deportivo do centro, o complemento e permita mellorar a ampla oferta de actividades físicas a todo o alumnado do centro. Actualmente contamos con 392 alumnos e alumnas de Educación Infantil e educación Primaria. O alumnado con Necesidades específicas de Apoio Educativo tamén participan directamente, e xa que o centro conta cunha aula específica con mestres e coidadores, estes son os encargados/as de adaptar na medida do posible as actividades para facelas accesibles a todo o alumnado do centro. Indique os cursos que participarán nesta actuación.

#### **e) Profesorado implicado.**

O profesorado participará directa ou indirectamente no programa, ben participando no deseño, organización e posta a punto das actividades e dinámicas ou de forma indirecta na viviancia e seguimento das actividades.

No noso centro xa contamos cun equipo de 12 mestres e mestras que participan na organización de actividades físico-deportivas e de hábitos saudábeis. Indique os equipos ou departamentos participantes.

#### **f) Horario no que se desenvolverá a actuación.**

As actividades e dinámicas formarán parte do horario lectivo do centro mostrando especial atención aos períodos de recreo, tanto da mañá coma da tarde, xa que o noso centro ten un horario en xornada partida. Como comentamos anteriormente tamén se organiza-

rán actividades que a través das novatecnoloxías cheguen a toda a comunidade educativa.

### **g) Orzamento.**

Para ofrecer un ensino de calidade e que o alumnado teña á súa disposición unha ampla variedade de actividades motrices para realizar no tempo de recreo e de lecer é necesario, e tendo en conta as restricións da Xunta de Galicia derivadas da situación actual é necesario a adquisición de material e asolitude de persoal específico para asesorar e formar aos diferentes axentes da comunidade educativa.

Gastos de funcionamento.

3.000 euros adquisición de material.

3.000 euros de actividades de formación.

3.000 euros para gastos varios.

### **h) Indicadores.**

- ✓ Número de accións encamiñadas a favorecer e promocionar a práctica de actividade física nos períodos de lecer, dentro e fóra do centro.10
- ✓ Número de accións encamiñadas a implantar estratexias e metodoloxías de aprendizaxe que permitan compatibilizar a práctica de actividade física co desenvolvemento das sesións lectivas.5
- ✓ Porcentaxe de incremento do cómputo total de actividade física efectiva do alumnado ao longo do día, dentro do horario lectivo.15%
- ✓ Porcentaxe de mellora de hábitos saudables.40%

## **Proxecto ARCO LIÑA 1**

### **a) Obxectivos**

1. Apoiar ao alumnado para a mellora do rendemento académico.
2. Mellorar o éxito escolar e previr o abandono educativo temperá do alumnado de 4º a 6º de EP.
3. Xerar un clima de aprendizaxe que favoreza o traballo en equipo, cooperativo e /ou por proxectos.
4. Diminuír as barreiras de aprendizaxe que dificultan acadar os obxectivos establecidos para os niveis de 4º a 6
5. Apoyar el alumnado para la mejora del rendimiento académico.

### **a) Criterios de asignación**

01. Porcentaxe de alumnado matriculado en 4º, 5º e 6º de educación primaria que promocionou de 3º, 4º e 5º con algunha área non superada. 11 alumnas/os
02. Porcentaxe de alumnado repetidor matriculado en 4º, 5º e 6º de educación primaria. 8 alumnas/os
03. Porcentaxe de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo matriculado en 4º, 5º e 6º de primaria. 20 alumnas/os
  
04. Porcentaxe de alumnado matriculado en 4º, 5º e 6º de educación primaria con avaliación negativa na materia de Matemáticas no curso 2019/20. 8 alumnas/os
  
05. Porcentaxe de alumnado matriculado en 4º, 5º e 6º de educación primaria con avaliación negativa na área de Lingua galega e literatura no curso 2019/20. 7 alumnas/os
  
06. Porcentaxe de alumnado matriculado en 4º, 5º e 6º de educación primaria con avaliación negativa na área de Lingua castelá e literatura no curso 2019/20. 5 alumnas/os
  
07. Escolariza o centro 20 ou máis alumnos/as por grupo tanto en 4º como en 5º e 6º curso? Si

### **c) Alumnado ao que vai dirixido.**

O programa vai dirixido a alumnado de 4º a 6º de primaria que cumpla os criterios marcados na convocatoria.

### **d) Perfil do profesorado solicitado segundo a prioridade do centro.**

1. Mestre externo da especialidade pedagogía terapéutica

### **e) Horario.**

Establecense horas de traballo dentro ou fóra da aula nos niveis de 4º a 6º de EP segundo as necesidades e prioridades de cada titoría.

## 27. PLAN XERAL DE ORIENTACIÓN

### ● INTRODUCCIÓN

#### 1.1. Contexto legal

A modificación limitada da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, pola **Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa** non supón un cambio substancial no ámbito da Orientación Educativa e Profesional.

A LOE (**Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación**), sinala no seu **artigo 2**, que "os poderes públicos prestarán unha atención prioritaria ao conxunto de factores que favorecen a calidade do ensino", entre os que se atopa "a orientación educativa e profesional". A mencionada lei, establece como principios e fins aos que debe atender a actividade educativa, a orientación educativa e profesional. O que vén a poñer de manifesto que a orientación se considera como un dereito e como un principio, así como parte da actividade educativa dos profesores (artigo 91).

A actual **estrutura organizativa da orientación** na nosa Comunidade Autónoma, recolle a actuación coordinada de distintos servizos de orientación, configurándose como:

☐ **Servizos internos:** constituídos pola **acción titorial** (labor levado a cabo polos profesores e titores, constitúese como o 1º nivel da orientación);

☐ **Departamento de Orientación** (2º nivel, coordina as actividades orientadoras nos centros educativos que se determinen por lei).

☐ **Servizos externos:** a través da Xefatura Territorial (**Inspección Educativa e Equipos de Orientación Específicos**) . Este último constitúese como o 3º nivel de orientación, con carácter especializado e subsidiario respecto aos dous anteriores. Sen prexuízo de contar tamén ca colaboración doutros servizos sanitarios, sociais e de outras entidades con convenio.

Por outra banda, entendemos, tal e como explican Rafael Bisquerra Alzina e Manuel Álvarez González que a orientación educativa, psicopedagóxica e profesional é un

proceso de axuda continuo a todas as persoas en todos os seus aspectos, co obxecto de potenciar o desenvolvemento humano ao longo de toda a vida. Trátase dun proceso global que integra aspectos relativos ao desenvolvemento persoal, aos procesos de ensino-aprendizaxe e á toma de decisións. Orientar aos alumnos consiste en axustar a axuda pedagóxica as súas necesidades específicas e atender aos distintos ámbitos nos que se produce o desenvolvemento, intelectual, afectivo e social.

Partimos dunha **orientación continua** (que abrangue toda a escolaridade dos alumnos/ás); **proactiva**, que só é posible se se integra plenamente no proceso de ensino-aprendizaxe, de xeito que o alumnado poida considerarse **axente activo** do seu propio proceso de orientación.

Polo tanto, a orientación é un labor de todo o equipo docente e, por extensión, de toda a comunidade educativa, sendo o orientador/a un dinamizador deste proceso. A actividade orientadora debe ser tamén unha actuación planificada a nivel de centro, que logo será concretada a nivel de aula e individual, onde se especifiquen actividades, programas, recursos (persoais, materiais e organizativos: tempos e espazos).

Que sexa unha **actividade compartida** implica necesariamente a coordinación dos distintos órganos: de coordinación docente, como os departamentos didácticos, equipos de titores, DO, etc; órganos de goberno, onde a Xefatura de Estudos xoga un papel moi importante.

Recollendo a maioría das aportacións de autores como Lázaro e Asensi, Rodríguez Espinar e Bisquerra, o modelo de orientación caracterizarase polos seguintes **principios**: Planificación, prevención, sistematización, curricularidade, cooperación, desenvolvemento persoal e intervención social.

O **modelo teórico** no que nos apoiamos é o **modelo sociopedagóxico**, tratamos de centrar a nosa atención na institución educativa, na comunidade e no ámbito social no

que está emprazado o noso centro. A nosa intervención responde ao **modelo de programas** integrados no currículo potenciado polo modelo de **consulta colaborativa**.

O noso Plan de Orientación está orientado a acadar as seguintes **finalidades**: a **formación integral** do alumnado; contribuír ao logro das **capacidades** expresadas nos obxectivos das distintas etapas educativas e contribuír á adquisición por parte dos alumnos/as do ensino básico das **competencias clave**.

O presente Plan está deseñado para o presente curso escolar, seguindo as directrices establecidas pola CCP e tomando como referencia as necesidades detectadas no centro e as accións prioritarias sinaladas na circular 10/2010, así coma no D. 229/2011, tomando como referencia, polo tanto para a súa elaboración, o PXAD.

O presente plan de actuación está desenvolto para este **curso escolar** e **formará parte da PXA** contribuíndo a desenvolver os obxectivos establecidos nela. Terá un carácter emerxente, sendo susceptible de cambios en función das necesidades que vaian xurdindo. No seu deseño seguiremos a estrutura que establece a Orde do 24 de xullo de 1998 que regula a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **LEXISLACIÓN DE REFERENCIA:**

[?] Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

[?] Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

[?] Decreto 374/1996, do 17 de outubro polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos Centros de Educación Primaria.

[?] Orde do 22 de xullo de 1997, que desenvolve o Decreto anterior.

[?] Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a Orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

[?] Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da Orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

[?] Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos Centros docentes da C.A. de Galicia.

[?] Orde do 27 de decembro de 2002, pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en Centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con NEE.

[?] Orde do 6 de outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións curriculares nas ensinanzas de réxime xeral.

[?] Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos e alumnas con NEE asociadas a condicións de sobredotación intelectual.

[?] Orde do 31 de outubro de 1996, pola que se regula a avaliación psicopedagóxica do alumnado con NEE, que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.

[?] Orde do 20 de febreiro de 2004, pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.

[?] Decreto 330/2009, de 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade autónoma de Galicia.

[?] Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a avaliación no segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

[?] Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

[?] Circular nº 17/2003 da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa e da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional do ensino non universitario da Comunidade Autónoma no curso 2003-2004.

[?] Circular nº 20/2005 da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa e da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia para o

curso 2005-2006.

[?] Circular nº 17/2006 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia para o curso 2006-2007.

[?] Circular nº 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.

[?] Circular nº 10/2010 da Dirección Xeral de educación, formación do profesorado e innovación educativa, pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na C.A. de Galicia.

## 1.2 Contexto do Centro

O C.E.I.P. Barrié de la Maza conta este ano con 6 unidades de E.I., 12 unidades de Primaria, 3 aulas de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe e unha aula específica de Educación Especial. Tamén conta con aula de informática , Audiovivosuais e Biblioteca. Empregando tamén o Proxecto Abalar en 5º e 6º de EP. Funciona en réxime de xornada partida e a maioría do alumnado asiste ao comedor e conta con transporte escolar.

O alumnado distribúese coma se detalla a continuación:

ETAPA	CICLO/NIVEL	ALUMNADO	
EDUCACIÓN INFANTIL	2º ciclo	3 anos	40
		4 anos	39
		5 anos	48
EDUCACIÓN PRIMARIA		1º Curso	49
		2º Curso	49
		3º Curso	46



		4º Curso	48
		5º Curso	36
		6º Curso	38

Tendo en conta os datos do curso anterior, valoramos que haberá arredor de 40 alumnos e alumnas con necesidade específica de apoio educativo, dos que 8 presentan necesidades educativas especiais.

O centro conta con un cadro de persoal de profesorado (33), 8 de E.I., 19 de Primaria, tres especialistas en P.T. , dous en A.L e a xefa do departamento de orientación. A coordinación dos mestres establécese mediante reunións de niveis e de equipos de Dinamización da lingua galega, Actividades Extraescolares e Complementarias, Equipo de Biblioteca, Equipo de TIC, Equipo de Dinamización da Convivencia, Equipo de Seccións bilingües, Comisión de Coordinación Pedagóxica e Departamento de Orientación, atendendo aos horarios establecidos pola Xefatura de estudos.

A xornada escolar do centro é de mañá e tarde con servizo de comedor.

O concello conta con servizos de: Casa da Cultura, Biblioteca Municipal, que contan cunha variada oferta de actividades culturais e deportivas. Servizos Sociais (traballadora social. Educadora familiar, psicólogo) e Servizo de Atención Temperá.

### **Demandas e atención á comunidade educativa.**

A atención das necesidades educativas realízase por parte dos titores e o profesorado de apoio (PT, AL, Orientadora) e cóntase tamén coa colaboración dos docentes con dispoñibilidade horaria que prestan apoio ao alumnado doutras aulas.

O profesorado de apoio a infantil desenvolve un programa de estimulación da linguaxe oral nos distintos niveis do segundo ciclo da etapa infantil, que servirá como medida proactiva, compensatoria e de detección de dificultades.

Neste curso contamos cun elevado número de alumnos con necesidade específica de apoio educativo que presentan necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade (conTEA, con discapacidade sensitivo-motora, en modalidade de escolarización combinada coa aula específica do centro, alumnado con TDAH asociado a discapacidade) alumnado con desfase curricular, alumnado con dificultades da aprendizaxe; alumnado con TDAH, alumnado con alta capacidade intelectual, alumnado de incorporación tardía procedente de Marruecos e alumnado con condicións persoais ou de historia escola, sen prexuízo da necesidade de apoio educativo de reforzo que require unha boa parte do alumnado pola súa condición de diverso

Estase a procura da mellora da competencia dixital para seguir traballando as TIC dentro do centro, xa que estamos dentro do proxecto Abalar, e séguese a colaborar no fomento das novas tecnoloxías, concretamente impulsar o emprego do ordenador e da pantalla táctil, como outros recursos dentro da docencia. Emprego da páxina web do colexio para información á comunidade educativa. Tamén emprego de recursos como Redeiras, blogs diversos,...

O departamento tamén colabora na implementación do plan de convivencia escolar e o Plan de Igualdade.

Ao mesmo tempo, dentro do apartado de convivencia escolar plantéxanse actividades para a mellora da integración, de aceptación das diferencias persoais e culturais, do aprecio dun mesmo e dos demais, da socialización positiva,...etc,

Particípase no PAT ofrecendo recursos e fomentando a coordinación entre familias e titores; ao mesmo tempo plantexámonos ofrecer información aos pais sobre aspectos escolares e socioculturais que nos afectan. Acórdase dar información aos pais sobre os aspectos escolares e socio-culturais que nos afectan. Acórdase dar información escrita mediante dípticos e páxina web sobre temas de interese psicopedagóxico, un trimestral coincidindo coa entrega de notas. Tamén se acorda o fomento da escola de pais en

colaboración coa ANPA centrándonos este curso en tres temas: 1º trimestre: Lectura (fomento, comprensión lectora) 2º trimestre: Altas Capacidades, e 3º trimestre: Prevención acoso escolar.

O D.O tamén colabora na información e recursos materiais para exercitar aos alumnos en probas parecidas as da avaliación ao alumnado de 6º e na avaliación de 3º indicadas na LOMCE.

O D.O de Primaria do CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza está adscrito ao I.E.S. Terra de Xallas coordinándose co mesmo trimestralmente e seguindo coa coordinación entre as dúas etapas.

O Departamento elaborará os informes finais dos nenos con necesidade específica de apoio educativo.

Ao inicio da escolarización en infantil colabórase xunto coas titoras na revisión dos informes iniciais e valóranse aqueles casos necesarios.

Colabórase tanto cos servicios sociais, sanitarios e municipais nos eidos necesarios.

### **Composición do Departamento de Orientación**

Para o presente curso 2020-21, o Departamento de Orientación do CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza, queda constituído, seguindo o Decreto 120/ 1998 do 23 de abril, no seu artigo 4, co seguinte persoal docente:

- Especialistas en Pedagogía Terapéutica: Ana Mª Carro Méndez, Bienvenido Suárez Suárez, Mª de la Paz Pérez Gorgal e Rubén Gómez Prieto
- Especialistas en Audición e Linguaxe: Carmen Cancela Sánchez
- Coordinadora de Educación Infantil: Sandra Pais Gómez
- Orientadora: Ana María Carballeira Maceiras

### **3.OBXECTIVOS XERAIS**

Favorecer o desenvolvemento integral en coñecementos, destrezas e valores do alumnado, colaborando e apoiando ao centro e ás familias no ámbito psicopedagóxico e social nas etapas de Educación Infantil e Primaria para a formación de alumnos competentes.

Colaborar no desenvolvemento da LOMCE.

Colaborar no desenvolvemento das novas tecnoloxías.

Colaborar coas titorías coa mellora da calidade educativa e na avaliación e ensino do alumnado en xeral, e do alumnado con necesidades educativas.

Colaborar no desenvolvemento do Plan de Convivencia escolar favorecendo unha cidadanía activa, a igualdade de oportunidades e a cohesión grupal e social.

Favorecer a inclusión plena de todos os alumnos en xeral e dos que presentan necesidade específica de apoio educativo en particular.

Fomentar a colaboración da familia de cara ao desenvolvemento do alumnado, das súas capacidades.

### **3.1. Obxectivos referidos ao centro**

Organización e funcionamento do Departamento de Orientación.

Organizar os apoios ao alumnado con N.E.A.E.

Optimizar os recursos humanos e materiais de que dispoña o Centro, tendo en conta as novas necesidades educativas especiais.

Coordinar os distintos organismos que contribúan a mellorar a labor orientadora.

Desenvolver medidas proactivas, para a prevención e detección de dificultades , de avaliación, seguimento, así como de medidas que optimicen a resposta educativa.

Realizar as avaliacións psicopedagoxicas do alumnado con dificultades, especialmente ao inicio da etapa infantil e primaria..

- ☐ Colaborar na Avaliación, nas titorías de 3º, e na avaliación de 6º curso proposta pola LOMCE.
- ☐ Colaborar co titor nas medidas e recursos do PAT.
- ☐ Colaborar na elaboración e deseño de protocolos de avaliación inicial.
- ☐ Colaborar na elaboración e deseño de plan de estimulación da linguaxe oral I.
- ☐ Colaborar co profesorado, desenvolvendo e favorecendo o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Neste curso, seguimos a apoiar: a competencia dixital, , a mellora da convivencia no centro, revisión da resposta á diversidade, na avaliación por competencias, no axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares acomodándoas á nova lexislación.
- ☐ Mediar nas situacións de conflito que se dean na comunidade escolar.
- ☐ Deseñar e poñer en práctica actividades destinadas á convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos, mediante o desenvolvemento das habilidades sociais , a toma de decisións e fomento da igualdade.
- ☐ Colaborar nos plans Proxecta do centro: Donas de si, Xogade e Sustentabilidade e Paisaxe.
- ☐ Favorecer a colaboración cos servizos educativos e sociosanitarios externos que atenden ao noso alumnado.
- ☐ Facilitar a información que se demanda na aplicación drorienta, en forma e en prazo.

### **3.2. Obxectivos referidos ao ámbito socio-familiar.**

- ☐ Informar do departamento e das súas funcións aos pais do alumnado mediante a web do centro e en especial , personalmente aos pais con alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

- ❑ Facilitar á comunidade educativa o asesoramento e apoio necesario para afrontar etapas de maior dificultade: ingreso no centro, cambios de ciclo, apoios internos e externos diferentes aos ordinarios.
- ❑ Fomentar e facilita-la colaboración no proceso educativo ás familias. Fomenta-la coordinación familia-tito
- ❑ Fomentar e e impulsar a inclusión social dos alumnos con necesidades educativas e aqueles outros que o prescisen.
- ❑ Promover relacións de cooperación e participación no centro educativo de organismos oficiais ( Concello, Casa da Cultura,...). Reunións periódicas e eventuais.
- ❑ Busca de asesoramento e axudas externas a comunidade escolar nalgúns casos de neaes e dificultades educativas.
- ❑ Establecer contactos periódicos coas familias individualmente ou colectivamente.
- ❑ Programa de escola de pais : desenvolveranse accións puntuais en función das necesidades do centro.
- ❑ Asesorar ás familias do alumnado con neaes, incluídas as familias de alumnado estranxeiro.
- ❑ Asesorar ás familias sobre cuestións de hábitos, conductas, aprendizaxes...etc, mediante información na web, ou carteis, trípticos, etc.

## ➤ **PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS**

A s **estratexias de intervención** que se propoñen dende o Departamento de Orientación, son:

- ❑ Integrar o plan de orientación na actividade xeral do centro, afondando na coordinación entre o profesorado e o departamento.

- Intervir sen aplicación de medidas extraordinarias salvo en casos extremos, tomando como referencia o principio de normalización.
- Promover actuacións preventivas e recuperadoras se son precisas.
- Traballar en coordinación co equipo directivo.

## **ACCIÓNs PRIORITARIAS**

Seguindo a Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, este Departamento priorizará, dentro do seu marco de funcións e organización, as seguintes liñas de actuación:

### **1. Estratexias referidas ao alumnado**

Avaliación inicial do alumnado (ingreso en EI; inicio da Primaria a petición dos titores, 6º de primaria no caso de dificultades educativas especiais, e cursos que así o solicite o titor)

Integración dos novos alumnos ao centro (programa de acollida dos nenos de 3 anos e os que se incorporan doutros centros)

✓Inclusión de alumnado estranxeiro na escola (grupos de adquisición de lingua, integración social, respecto á diversidade...)

✓Detección, avaliación, seguimento e atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

✓Fomento e desenvolvemento de actividades empregando as novas tecnoloxías (emprego do ordenador e a pantalla táctil).

✓Fomento e desenvolvemento de actividades dentro do plan de acción tutorial.

✓Facilitar a participación do orientador do IES e X. de Estudos para dar a coñecer as características da etapa de Secundaria Obrigatoria.. Informar sobre o alumnado con

necesidade específica de apoio educativo que pasa a esa etapa.

- ✓Deseño de actividades para mellorar a convivencia escolar.
- ✓Continuidade co programa para Estimulación da Linguaxe oral.

## **2. Estratexias referidas ao profesorado:**

- ✓Apoiar a acción titorial.
- ✓Detectar e prever dar resposta ás condutas do alumnado que dificulten o proceso de ensino-aprendizaxe.
- ✓Detectar e prever conductas do alumnado que dificulten o proceso de inclusión do alumnado con necesidades educativas, . Fomentar condutas e actitudes dentro do alumnado para a aceptación, respecto e valoración positiva de si mesmos e dos outros.
- ✓Informar ao profesorado titor e especialista que actúa na aula de aspectos tales como: avaliación inicial do alumnado, alumnado con n.e.e, metodoloxías específicas e protocolos de atención..
- ✓Coordinar cos titores e asesorar en metodoloxías, organización .para atender ás dificultades que vaian xurdindo.
- ✓Establecer canles de comunicación estables cas familias para favorecer a súa implicación no proceso de ensino- aprendizaxe dos seus fillos e fillas.
- ✓Contribuír a optimizar o clima de convivencia do centro con programas específicos e recursos.
- ✓Fomentar o interese do profesorado pola aplicación e emprego das novas tecnoloxías (ordenador e pantalla táctil, web dinámicas, proxecto Abalar).
- ✓Colaborar no desenvolvemento das programacións con propostas de acción que



contribúan a consecución das competencias clave.

✓Colaborar na realización de ACS e algúns plans específicos de reforzo educativo e recuperación e outras medidas.

## **RECURSOS**

**Humanos:** profesorado do centro, alumnado, familias, EOE e servizos sociosanitarios externos..

### **Materiais:**

✓P.E.C., P.X.A., Concrecións Curriculares, Plan de Adaptación e Acolida, Plan de Convivencia, Plan Tic, Plan de Atención á diversidade.

✓Material escolar das diferentes aulas.

✓Bibliografía específica sobre diferentes ámbitos de intervención.

✓Expedientes do alumnado e informes varios.

✓Probas estandarizadas, material de creación ad hoc e produción académica..

✓ Recursos materiais, informáticos e metodolóxicos para atención á diversidade do alumnado.

## **METODOLOXIA:**

En canto á metodoloxía, preténdese que sexa variada, empregando múltiples instrumentos e técnicas adaptadas ás necesidades dos alumnos/as.

No caso das actividades programadas para pais/nais, contamos coa hora de atención semanal ás familias por parte do titor/a, actuacións por parte do orientador/a (entrevistas, reunións..)

## **COORDINACIÓN**

➤ Familias-titor, titor-alumnos.

- Reunións Departamentos, Niveis, equipos de traballo, CCP.
  - Claustro, Consello Escolar.
  - Orientador cos diferentes membros da Comunidade Educativa (pais, mestres...)
- (individual, grupal...)

Busca da participación activa de toda a persoa implicada nese proceso e bosquejo dun traballo cooperativo e estruturado.

## ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

<b>Actividades</b>	<b>Axentes</b>	<b>Temporaliz.</b>
Reunións do DO: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Plan Anual de Orientación</li> <li>- Plan de Convivencia escolar: información.</li> <li>- Revisión: actividades valores, plans acción tutorial ( sociogramas, normas de aula e centro, función de delegados, asambleas de aula, delegados e propostas de mellora, rincón de resolución de conflitos na aula...)</li> <li>- Contidos LOMCE (Programación, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliábeis, estratexias e instrumentos de avaliación e criterios de promoción)</li> <li>- Actividades para traballar as frases que marcaron a historia.</li> </ul>	Membros do DO	1ºT
Colaboración na avaliación inicial do alumnado	Titor/a, PT, AL, Or	1ºT
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Incorporación de alumnado novo e estranxeiro.</li> <li>- Desenvolvemento de alumnado con neas</li> <li>- Acción tutorial: reunións pais, titores.</li> </ul>	D.orientación, e mestres titores.	1º T
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Organización dos recursos materiais e humanos e máis os apoios ao alumnado con necesidades educativas e alumnado estranxeiro.</li> </ul>	PT, AL, O, Titores.	1ºT

<ul style="list-style-type: none"> <li>- Revisión de programas e AC para alumnado de dificultades educativas.</li> <li>- Revisión de programas de adquisición da lingua para o alumnado estranxeiro.</li> <li>- Fomento e desenvolvemento nas titorías de programas para o desenvolvemento do alumnado de altas capacidades.</li> <li>- Revisión de plans específicos de reforzo educativo e recuperación</li> </ul>	Titores, PT, AL, Or	1º T
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Enquisa de avaliación a cubrir polos pais de infantil 3 anos e de nova incorporación.</li> <li>- Análise e consideracións sobre a avaliación inicial de Infantil 3 anos e de nova incorporación.</li> <li>- Avaliación do alumndo conxunta cos titores dos alumnos que inician Primaria.</li> <li>- Avaliacións Psicopedagóxicas e Informes.</li> <li>- Reunión co Orientador do IES para o desenvolvemento de coordinación.</li> <li>- Reunións con dirección, pediatra, E. Familiar...</li> </ul>	Or.	1º T
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Reunións para os apoios realizados polos mestres dentro das aulas ordinarias.</li> </ul>	Or. Mestres X. Estudos	1ºT
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Revisión dos criterios para atención de dificultades.</li> <li>- Consensuar contidos e actividades do Plan de Convivencia.</li> </ul>	Mestres Orientadora PT AL	1º T
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Apoio aos alumnos con necesidades educativas e alumnado estranxeiro.</li> </ul>	Mestres Or.	1ºT
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Reunións de avaliación</li> </ul>	Mestres X.E. Or.	1ºT
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Plan Proxecta: Babot (formación:traballar por proxectos)</li> </ul>	Mestres DO	1ºT
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Díptico fomento e comprensión lectora.</li> </ul>	DO	1ºT
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Reunións do DO: revisión de neaes.</li> </ul>	DO	2ºT
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Apoio aos alumnos con neaes.</li> </ul>	Or Mestres PT AL	2ºT

- Reunións para avaliar e coordinar os reforzos realizados polos profesores dentro das aulas ordinarias.	X. Estudios, Orientador, Titor/a	2ºT
Programas de enriquecemento alumnado altas capacidades (se fora necesario)	Titor/a	2ºT
- Reunións pra traballar puntos do Plan de Orientación: contidos e actividades do Plan de Convivencia.	Titor/a, Orientador	2ºT
-Revisión de propostas educativas e horarios para alumnos con dificultades.	PT, AL, Or, Titores.	2ºT
- Reunións de avaliación	Profesorado, X.E., Or	2ºT
- Avaliacións psicopedagóxicas e informes - Reunión co Or do IES: coordinación. - Reunións con Dirección, E. Social.	Orientador	2º T
- Follas informativas: Altas Capacidades.	DO, Mestres especialistas	2ºT
Reunións DO: - Actividades para control emocional e habilidades emocionais. - Recoñecemento de necesidades físicas, emocionais, ou intelectuais dos outros. - Revisión de neaes, horarios. - Memoria do plan anual de Or. - Folla informativa a pais: prevención acoso escolar. - Actividades para traballar "Frases que marcaron a historia"	DO	3ºT
- Apoio aos alumnos con neaes, incluído ao alumnado estranxeiro.	Orientador, Titor/a, profesorado apoio	3ºT
-Reunións para avaliar e coordinar os reforzos realizados polos profesores dentro das aulas ordinarias.	Profesorado Orientador X. Estudios	3ºT
- Reunións para traballar puntos do Plan de Or: actividades para traballardentro do Plan de Convivencia.	Profesorado Orientador	3ºT
- Posta en práctica na aula de actividades para a convivencia.	Profesorado	3ºT
- Avaliacións psicopedagóxicas e informes - Avaliacións e informes finais do alumnado que pasa a E.S.O con n.e.e	Or.	3ºT

- Información ao alumnado sobre a E.S.O - Reunión coordinador do I.E.S: coordinación. - Reunións con Dirección, E. Social...	Titor/a Or. I.E.S Orientador	3ºT
- Reunións de avaliación ao remate do curso.	Mestres X.E. Orientador	3ºT
Dar a información que se demanda na aplicación informática drdoriente, en forma e prazo sinalados.	Or	3ºT
Plans Proxecta	Participantes	3ºT
Folla informativa Prevención Acoso Escolar.	DO, Mestres	3ºT
Avaliación do PO. Elaboración da memoria	Profesorado DO	3ºT

#### **HORARIOS DA ORIENTADORA**

	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>1ª HORA</b> 9.40-10.40 9.50-10.50 9.50-10.40	ORIENTACIÓN	GARDA TRANSPORT E	ORIENTACIÓN	ORIENTACI ÓN	ORIENTACI ÓN
<b>2ª HORA</b> 10.40-11.40 10.50-11.50 10.40-11.30	ORIENTACIÓN	ORIENTACI ÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACI ÓN	ORIENTACI ÓN
<b>3ª HORA</b> 11.40-12.30 12.20-13.30 11.30-12.20	ORIENTACIÓN	GARDA	ORIENTACIÓN	GARDA	ORIENTACI ÓN
<b>4ª HORA</b> 13.00-13.50 13.20-14.20 12.50-13.40	ORIENTACIÓN	ORIENTACI ÓN	ORIENTACIÓN	ORIENTACI ÓN	ORIENTACI ÓN
<b>5ª HORA</b> 13.50-14.40 16.00-17.00 13.40-14.30	ORIENTACIÓN	ORIENTACI ÓN GARDA TRANSPORT E	ORIENTACIÓN	ORIENTACI ÓN	LD

Reunións semanais do Departamento de Orientación e da Comisión Coordinación Pedagóxica o primeiro luns de cada mes.

#### **8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN.**

Seguindo o establecido no Decreto 120/1998 a avaliación do plan de orientación someterase a un proceso continuo de avaliación formativa, que culmina coa elaboración da memoria según a orde do 24 de xullo de 1998.

**PARA QUE:**

- Contribuír á mellora da calidade e equidade da educación
- Aumentar a transparencia e eficacia da acción orientadoras
- Valorar o grao de cumprimento de obxectivos en relación as necesidades
- Difusión dos resultados acadados
- Aportar información para elaborar unha proposta de mellora

**QUE:**

<b>CONTIDOS</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>
<b>CONTEXTO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Adecuación das estratexias e instrumentos utilizados</li> <li>✓ Nivel de participación da comunidade educativa na avaliación de necesidades</li> <li>✓ Nivel de participación do DO no análise do contexto</li> <li>✓ Grao de adecuación do plan ás necesidades detectadas</li> <li>✓ Análise dos resultados da avaliación inicial</li> </ul>
<b>DESEÑO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Participación e implicación na comunidade educativa</li> <li>✓ Coherencia entre o contexto, as necesidades, obxectivos, actividades propostas e recursos</li> </ul>
<b>PROCESO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Participación e implicación da comunidade educativa na implementación das actividades.</li> <li>✓ Existencia de recursos axeitados</li> <li>✓ Implicación e funcionamento do DO, titores, equipo directivo, CCP, equipos docentes, departamentos didac.</li> <li>✓ Grao de aplicabilidade</li> <li>✓ Se a proposta de temporalización se adaptou á realidade</li> <li>✓ Se se van modificando aspectos que non funcionan</li> </ul>

<b>PRODUCTO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Consecución dos obxectivos propostos</li> <li>✓ Grao de satisfacción dos implicados</li> <li>✓ Resultados da avaliación final.</li> <li>✓ Solucións propostas ás dificultades que xurdiron</li> <li>✓ Eficacia das intervencións orientadoras</li> </ul>
-----------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

**CANDO:**

- **Avaliación inicial:** trátase da avaliación de necesidades. Recolleranse propostas sobre este plan nas reunións do DO, na CCP, e na reunións cos titores/as, entre outros.
- **Avaliación continua:** Seguimento das actividades propostas no Plan. O seguimento levarase a cabo nas reunións do DO, nas reunións da CCP, reunións coa xefatura de estudos, etc.
- **Avaliación final:** implica avaliación dos resultados e eficacia do plan e incluírá as achegas dos distintos implicados neste, así como a autoavaliación do propio DO.

**QUEN:** O DO, a CCP, o equipo directivo, a orientadora e os participantes: o alumnado, profesorado, familias, e os outros axentes implicados nas accións orientadoras do centro.

**COMO:** Utilizaremos a complementariedade de técnicas, cualitativas e cuantitativas, dando preferencia ás máis cercanas á práctica educativa real.

Usaremos os seguintes instrumentos: observación participante, entrevistas, cuestionarios, análise de documentos, cadernos de titoría, protocolos cumplimentados, e programas específicos de intervención en distintos ámbitos.

O xefe do Departamento de Orientación elaborará unha memoria final, onde se incluírán os seguintes aspectos:

- x Modificacións introducidas no desenvolvemento do plan.
- x Valoración dos criterios de avaliación sinalados anteriormente
- x Dificultades atopadas
- x Propostas de mellora

A memoria será entregada ao equipo directivo para a súa inclusión na memoria final do centro, xunto ca memoria dos especialistas en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.

## **28. PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO**

### **1-INTRODUCCIÓN**

O proxecto lingüístico ampárase nos obxectivos que marca a lexislación vixente. Elabórase para catro anos formando parte do proxecto educativo do noso centro. Redactado por una comisión de profesorado, designada polo Equipo Directivo, oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica. Na composición da mesma tivo especial relevancia o Equipo de Dinamización Lingüística.

Tomouse como referencia para a elaboración do PLC o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, publicado o 25 de maio de 2010 no DOGA para a súa aplicación en todos os centros docentes.

Este decreto baséase no marco lingüístico establecido pola Constitución Española de 1978 e polo Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981. Ademais desenvolve a Lei 3/1983, do 15 de xuño de Normalización lingüística, no relativo ao uso do galego no ensino nos niveis non universitarios, a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e a Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Trátase de fomentar as dúas linguas oficiais de Galicia para que acaden a competencia lingüística.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia.

O artigo 14 desta lei indica que ao remate do ensino obrigatorio se garantirá a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais.

En canto ao Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo, no seu artigo 5º para a Educación Infantil, indica que o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, debendo ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira de forma oral e escrita, o coñecemento doutra lingua oficial de Galicia. (No noso centro a lingua predominante é o galego, determinado polo centro de acordo a unha enquisa efectuada aos pais/nais, titores legais do alumnado). Asemade, atenderase de xeito individualizado, tendo en conta a súa lingua materna.

No seu artigo 6º para a educación Primaria, garantírase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais.



Consideramos necesario facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu correcto e eficaz uso, erradicando especialmente o seu emprego sexista en todos os ámbitos e respectando, así mesmo, a situación sociolingüística en que se enmarca o centro.

Ademais, a realidade social europea en que vivimos, nun contexto de globalización e de mobilidade laboral, sitúanos nun espazo de plurilingüismo. Esta nova realidade esixe un marco educativo que atenda esta necesidade social posibilitando a capacitación efectiva do alumnado nas dúas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras, como establece a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio e a e a Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

## 2-ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA

O CEIP Barrié de la Maza de Santa Comba está situado no casco urbano da localidade, recibe ao alumnado da vila e de aldeas do Concello.

Un total de 383 alumnos veñen ao noso centro este curso. A meirande parte do noso alumnado ten o galego como lingua materna, e os que teñen como lingua materna o castelán proceden da mesma vila, ou son fillos de estranxeiros.

O noso alumnado aínda estando en contacto co castelán, é certo que as familias educan aos nenos e nenas maioritariamente en galego.

Contamos con alumnado procedente, de Hispanoamérica, pero maioritariamente brasileiros co que o achego ao galego é maior.

Durante longos anos estase a levar a cabo un traballo de normalización no noso centro a través do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, e os anteriores ENL, EDN e EDL. Con esta tradición no centro transmitiu a todo o centro e cada un dos sectores da comunidade escolar que a nosa lingua ten usos que podemos e debemos empregar en ámbitos da escola, a nivel oral, e a nivel da lingua escrita.

Tamén se abordou a recuperación de tradicións, o achegamento á cultura tradicional galega e a dignificación da mesma dándolle entrada no colexio a celebracións como o Entroido, o Magosto, xogos tradicionais, a música e a danza e ultimamente tamén ao Samaín, considerando que é preciso enmarcar unha lingua no seu entorno cultural.

Preténdese lograr xunto coa dinamización lingüística asociada ao efecto e ao sentimento de pertenza propia xunto coa dinamización lingüística asociada ao afecto e ao sentimento de pertenza propia xunto coa revalorización do noso contorno, do estudo, análise e coñecemento que nos dará o valor real de todo aquilo que por habitual e

próximo non valoramos adecuadamente.

### 3-MEDIDAS ADOPTADAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLC

#### *En Educación Infantil*

(Artigo 5 do Decreto 79/2010,do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia)

1. Na etapa de educación Infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumno adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou do ciclo.

2. A lingua materna predominante do alumnado será determinada polo centro de acordo cunha pregunta que se efectuará aos país, nais, titores legais ao inicio da etapa.

3. Atenderase de xeito individualizado ao alumnado tendo en conta a súa lingua materna.

A lingua estranxeira inglés, ofrécese ao alumnado de EI en dúas sesións, cun total de 1 hora semanal desde os 3 anos.

#### *En Educación Primaria*

(Artigo 6 do Decreto 79/2010,do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia).

1. Garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.

2. As materias de lingua impartiranse no idioma de referencia.

3. Impartiranse en galego a materia de Ciencias Naturais e Ciencias Sociais (no noso centro, en 6º curso, 2 horas impartiranse en inglés pola aprobación das sección bilingües, polo Consello Escolar e a Consellería).

4. A materia de Matemáticas impartirase en castelán.

#### Distribución horaria por materias

	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ
1º Ed Primaria	C Naturais C Sociais L galega	Plástica E Física Matemáticas

	Música Relixión/Valores	L Castelá
2º Ed Primaria	C Naturais C Sociais L galega Música Relixión/Valores	Plástica E Física Matemáticas L Castelá
3º Ed Primaria	C Naturais C Sociais L galega Música Relixión/Valores	Plástica E Física Matemáticas L Castelá
4º Ed Primaria	C Naturais C Sociais L galega Música Relixión/Valores Expresión e Comunicación	Plástica E Física Matemáticas L Castelá
5º Ed Primaria	C Naturais C Sociais L galega Música	E Física Matemáticas L Castelá

	Relixión/Valores Plástica	
6º Ed Primaria	C Sociais L galega Música Relixión/Valores Plástica Expresión e Comunicación	E Física Matemáticas L Castelá

#### 4- MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA UN CORRECTO USO LINGÜÍSTICO EDUCATIVO FOMENTANDO O PLURILINGÜISMO

- Os alumnos que o precisen recibirán as oportunas medidas de apoio e reforzo para un correcto uso lingüístico escolar e educativo, co fin de alcanzar o obxectivo xeral establecido na Lei de Normalización lingüística, na LOE e na LOMCE, no que afecta ao fomento do plurilingüismo.

- Traballaremos na mellora da competencia comunicativa en castelán e en galego, facendo fincapé na comprensión.

-Fomentarase o uso oral e escrito das diferentes linguas que se impartan no centro.

-Intentarase equiparar o material bibliográfico, fonográfico, multimedia, nas diferentes linguas: galego, castelán e inglés.

-Poñerase a disposición do profesorado o material inventariado.

-Proporcionaráselles aos membros da comunidade educativa información sobre as actividades, actos e institucións culturais relacionadas co seu contorno lingüístico e animaráselles a participar nelas.

-Traballaranse distintos aspectos da cultura tradicional, achegando a nosa cultura á xente que se incorpora á nosa comunidade educativa, a través dunha serie de accións encamiñadas a súa integración.

-Participarase en actividades complementarias que xurdan durante o curso en prol das dúas linguas oficiais, así como na lingua estranxeira, inglés.

-Implicaranse as distintas asociacións e/ou os servizos sociais no logro dos nosos obxectivos tentando buscar unha colaboración e unha corresponsabilidade na

consecución dos nosos obxectivos.

-Reforzarse a lecto-escritura nas diversas linguas .

-Dedicarase 20 minutos na sesión da tarde “ Á HORA DE LER”, na que o alumnado, dirixido ou libremente, practicará a lectura, na lingua que o mestre considere oportuna.

-Dende a biblioteca dinamizaranse actividades para a lectura. Apertura da mesma no recreo.

-Continuidade das sección bilingües este curso en 6º de Educación Primaria.

-Aceptar e valorar adecuadamente o noso entorno, as características da nosa zona, e lograr un mellor coñecemento de nós mesmos a través das distintas manifestacións artísticas, verbais e culturais propias.

-Establecer unha coordinación entre todos os equipos, e sectores do centro para aproveitar mellor todos os recursos.

-Empregarase a lingua galega nas comunicacións, na documentación administrativa e noutros documentos.

-Emprego da lingua galega nas comunicación escritas coas familias e con outras institucións.

#### 4- CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA PREDOMINANTE NO CONTORNO:

##### A observación directa en:

-Reunións coas nais e pais do noso alumnado.

-Utilización da lingua oral entre o alumnado na aula e no patio.

-Emprego da lingua escrita dirixida de nais, pais a profesores.

##### A observación indirecta:

-Enquisas ao alumnado e coas familias que permitan coñecer que idioma utilizan a cotío en diferentes contextos.

Aplicada a consulta ás familias na Educación Infantil podemos constatar que a lingua materna é o galego na maioría do alumnado.

Tamén nas conversas en titoría das nais e pais obsérvase que a lingua empregada maioritariamente é o galego.

#### 5-MEDIDAS ADOPTADAS PARA O ALUMNADO INMIGRANTE:

Na actualidade no noso centro temos alumnado inmigrante procedente doutros países ou doutras comunidades. Coñecen o galego ou o castelán maioritariamente.

Ao carecer o centro dun programa específico de inmersión lingüística, o alumnado inmigrante intégrase nas aulas correspondentes, á espera de ser avaliado o seu grao de coñecemento dalgunha das linguas oficiais.

Avaliación pola comisión de coordinación pedagóxica de solicitar profesores para apoio lingüístico.

Determinación polo departamento de orientación, da necesidade de recibir unha atención específica, ou no seu caso unha adaptación da programación para o logro paulatino das competencias lingüísticas nas linguas oficiais.

Apoio individualizado na aula do titor ou titora, utilizando no inicio da súa escolarización preferentemente unha das linguas cooficiais onde se sinta con máis soltura o alumno/a e progresivamente introducilo no uso das demais linguas do currículo.

Fomentar a súa integración e interacción co grupo-clase.

#### COMPETENCIAS DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

-Presentar, a través do claustro, propostas ao equipo directivo para a fixación dos obxectivos de dinamización lingüística que se incluírán no proxecto educativo do centro.

-Propoñer á Comisión de Coordinación Pedagóxica, para a inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para o uso do idioma, así como o plan específico para o fomento do galego.

Obxectivos xerais

-Fomentar o uso das linguas propias de Galicia, tanto a nivel oral como a nivel escrito, de transmisión e do coñecemento da súa cultura entre os distintos membros da comunidade educativa.

-Conseguir romper a idea de que o idioma galego e a cultura galega están irremediabilmente unidas ao pasado e ao mundo rural.

-Proporcionar aos membros da comunidade educativa información sobre actividades, actos e institucións culturais relacionadas coa realidade lingüística e participación nas mesmas.

-Informar ao profesorado de todas as actividades de formación que se oferten para mellorar as súas competencias lingüísticas.

-Implicar a toda a comunidade educativa na normalización do galego.

-Procurar a comunicación oral e escrita en galego cos interlocutores da nosa comunidade autónoma.

-Colaborar coas diferentes coordinacións e equipos do centro.

Todos estes obxectivos veñen contemplados e especificados no plan de fomento do uso do galego que se elabora anualmente. Asemade veñen desenvolvidas as actividades concretas para cada curso.

## **29. PLAN ESPECÍFICO DE APPCC PARA O COMEDOR ESCOLAR**

**Este plan deseñado polo centro pretende levar un control do comedor escolar, atendendo aos alimentos, ás instalacións, ás traballadoras e aos usuarios do mesmo.**

O desenvolvemento das accións levadas a cabo para o mesmo será o que segue:

### **1. *Formación dos manipuladores:***

As traballadoras da cociña, o persoal laboral axudante de cociña e cociñeira realizarán un curso de formación en hixiene alimentaria e manipulación de alimentos cada catro anos (como mínimo).

A Dirección do centro informará dos cursos que se leven a cabo e tamén dará unha charla a comezos do curso ao alumnado que se encarga de servir as mesas e ás colaboradoras de comedor por normas de hixiene.

### **2. *Control documental de materias primas e trazabilidade.***

Existirá unha folla de rexistro de provedores. Incluirase na mesma: nome, número de rexistro sanitario, teléfono e produto que se lle merca.

A cociñeira rexistrará cada un dos alimentos que chega a diario, anotándoos no libro de rexistro que se atopará na cociña. Este libro incluirá: data, produto, provedor, número de factura e/ou albarán e número de lote. A encargada do comedor e/ou a Dirección velarán polo control de este proceso. Comprobarase que se poida seguir a trazabilidade do produto.

### **3. *Plan de limpeza e desinfección.***

O obxectivo deste plan é asegurar un estado de limpeza e desinfección dos locais e utensilios para previr unha posible contaminación dos alimentos. A xefa de cociña será a encargada dun rexistro de limpeza e desinfección estrutural, maquinaria e útiles especificando na folla de control a frecuencia coa que se realiza a limpeza de cada un dos elementos presentes na cociña.

O persoal de cociña será o encargado de realizar a limpeza de tódalas superficies e elementos.

Os seguintes elementos limpanse coa periodicidade que se indica:

- 1- Chan: todos os días.
- 2- Paredes: cada quince días.
- 3- Mesas: todos os días.
- 4- Fogóns: todos os días.
- 5- Campá: cada quince días.
- 6- Fritadeira: todos os días.
- 7- Maquinarias: todos os días.
- 8- Frigoríficos: unha vez á semana.
- 9- Conxeladores: unha vez á semana.

Existirá folla de rexistros e ficha técnica dos produtos de limpeza que se usan.

#### **4. Plan de desratización e desinfección.**

Para evitar a existencia de calquera praga contratarase a unha empresa especializada que realizará este plan, neste caso é PLAGUIBER, empresa autorizada pola Xunta de Galicia. Os tratamentos faranse 3 veces no curso, coincidindo con períodos vacacionais (inicio de curso, Nadal e Semana Santa).

Existirá un plano de colocación de cebos e ficha técnica dos produtos que se usan no control de pragas.

#### **5. Guía de boas prácticas de hixiene persoal.**

*Hixiene manual:*

- Lavar as mans sempre antes de comezar a traballar e cada vez que as circunstancias o requiran.
- Manter as uñas cortas, coidadas e libres de suciedade.
- Protexer coidadosamente os cortes ou feridas das mans con apósitos impermeables, para evitar que entren en contacto cos alimentos.

*Cortes e feridas:*

- Os cortes e feridas na pel son o medio ideal para o desenvolvemento de bacterias, razón pola cal deben cubrirse con gasas, vendas, esparadrapos ou tiritas, pero estes á súa vez deben cubrirse con apósitos impermeables (guantes, dediles...) que se manterán sempre limpos.

*O pelo:*

- O persoal de cociña non debe tocar o pelo mentres traballa cos alimentos, en caso



de facelo ten que lavar as mans antes de volver tocar os utensilios ou produtos. O persoal debe levar o pelo recollido cun gorro ou cubrecabezas que evite que os cabelos caian nos alimentos.

*Xoias e obxectos persoais:*

- As xoias e obxectos persoais deben evitarse durante a manipulación dos mesmos.

*Roupa de traballo:*

- Está roupa debe ter as seguintes características:
  1. Estar sempre limpa
  2. Preferentemente sen petos nin cremalleiras.
  3. Ampla e adaptada aos movementos do persoal de cociña.
  4. Tecidos que absorban o suor e lavables ou desbotables.
  5. Con cubrecabezas efectivo.

Disporemos de taquillas para protexer a roupa de traballo. O calzado de traballo debe estar sempre limpo e ser diferente ao que se leva na rúa. Os guantes para manipular alimentos deben estar sempre limpos sen buratos nin roturas para evitar fugas. Serán preferibles os de só un uso.

*Educación e hábitos hixiénicos:*

- Informar á Directora e á encargada de comedor se sofre calquera enfermidade que poida orixinar a contaminación dos alimentos (vómitos, catarros diarreas, afeccións da pel...)

- Cumprir as normas de hixiene persoal: lavado de mans, protección de pelo, illamento das feridas, aseo persoal e actitudes hixiénicas en xeral.
- Levar a roupa de traballo axeitada e velar pola súa conservación e limpeza.
- Manter o posto de traballo limpo e ordenado, así como as ferramentas e equipos de traballo.
- Informar de calquera anomalía que poida alterar a calidade hixiénica dos alimentos.

## **6 Plan de eliminación de residuos e aceites.**

Do aceite residual xa utilizado encárgase da súa recollida a empresa RECIFLU.

O papel, cartón e vidro será depositado nos contenedores axeitados que están fóra do centro, nas inmediacións da cociña polo persoal da cociña.

Os restos de comida serán para animais(aquela comida que non sirva para o

consumo), encargarse de levala o persoal de cociña e tamén existirá unha recollida polo consumo, establecendo unha colaboración cos Servizos sociais do concello. Cada vez que sobre, chamarase a Protección Civil que pase a recollela para entregarlle ao servizo de Asuntos Sociais do Concello quen se farán cargo do reparto entre as familias que decidan.

### **7 Plan de termoconservación.**

O seu obxectivo é garantir a seguridade de aqueles alimentos que non poden conservarse a temperatura ambiente. Os dous frigoríficos e os dous conxeladores manteranse entre as seguintes temperaturas.

- Temperatura cámara frigorífica 1: entre 2 e 4 graos.
- Temperatura cámara frigorífica 2: entre 2 e 4 graos.
- Temperatura conxelador 1: entre 18 y 20 graos baixo cero.
- Temperatura conxelador 2: entre 18 y 20 graos baixo cero.

Existirá unha folia de rexistro de temperaturas onde se rexistrará a temperatura tódolos días a primeira hora da mañá (VER ANEXOS).

### **8. Rexistro de incidencias.**

No arquivo do centro atópanse os diferentes rexistros de incidencias.

## **30. PROXECTO DEPORTIVO DE CENTRO**

Os integrantes do equipo do PDC neste curso 2020/21 son: César Ramos Domínguez, José Luis Manteiga Pousa, Sandra Fraga Leis, Carmen Espasandín Vilariño, María Isabel Barrientos Romero, María del Carmen García Espasandín, Bienvenido Suárez Suárez, María Dolores Gerpe Castro, Sandra Teixido López, María Josefa Maroño Outeiro, María Dolores Pérez Cancela, Diego Blanco López, Mercedes Blanco Gerpe e María Dolores Nieto Caamaño

Tal como queda reflectido na solicitude do proxecto, as actividades incluídas no mesmo xirarán en torno a tres piares básicos:

1. Actividades relacionadas coa actividade física e o deporte e a súa relación coa saúde.
2. Actividades relacionadas coa alimentación saudable.
3. As tecnoloxías da información e a comunicación (TICs).

Acordamos que cada participante debe colaborar na organización de polo menos unha actividade do PDC, para así facilitar as labores e fomentar o traballo como equipo.

A fundamentación do proxecto é a seguinte:

PROXECTO DEPORTIVO DE CENTRO (PDC) é o proxecto no que levamos máis tempo traballando e que ten como finalidade coordinar, dinamizar e organizar diferentes actividades relacionadas coa actividade física e o deporte que implique a todos os axentes da comunidade educativa: alumnado, profesorado, familias, persoal de servizos do centro e contorna do centro educativo.

A súa finalidade será coordinar, dinamizar e organizar diferentes actividades relacionadas coa actividade física e o deporte que implicará a todos os axentes da comunidade educativa: alumnado, profesorado, familias, persoal de servizos do centro e contorna do centro educativo.

A finalidade deste proxecto será ampliar o tempo de actividade física e deporte de toda a comunidade educativa para gozar do tempo de lecer, tendo en conta a realidade actual e o contexto de crise sanitaria no que nos atopamos, dunha forma máis activa e saudable. Así mesmo tamén se organizarán actividades relacionadas coa saúde e calidade de vida: hábitos saudables, alimentación, posturais, exercicio físico, etc.

### **[?] ACTIVIDADES RELACIONADAS CO EXERCICIO FÍSICO OU ALIMENTACIÓN SAUDABLE**

- TENIS NA ESCOLA: xa está solicitado e aprobado. Consiste en que o centro disporá de material específico de tenis para as clases de Educación Física.
- RCP NA AULA: solicitouse de novo ao CAFI que enviaran o material para desenvolver a actividade. Se non o envían, o coordinador do proxecto dará unha charla para o profesorado relacionada co DESA e RCP.
- Material DAFIS. Acordamos que os encargados das medidas antropométricas, do mesmo xeito que cursos pasados, sexan as titorías (se algún/algunha non quere ou non pode, debe avisar e realizaríanas os mestres especialistas de EF). As demais probas pasaríanas os mestres de EF.
- BÁDMINTON BY TOYOTA. Solicitamos esta actividade que está aprobada pero aínda non coñecemos as datas. Consiste en que o centro disporá de material específico de bádminton para as clases de Educación Física.

- CONCURSO DE DEBUXO E REDACCIÓN DIVERTICAN. Este curso a temática principal será **deporte en tempos de COVID** , os debuxos gañadores serán incluídos en toda a información que se envíe as casas referente ao proxecto.
- DECÁLOGO DE ACTIVIDADE FÍSICA NO FOGAR.
- SAÍDAS SAUDABLES. Poden ser camiñatas pola nosa contorna ou algún tipo de actividade deportiva aproveitando as saídas. Cada grupo pediría a pancarta e sacaría unha foto cos nenos e nenas. Hai que prestar especial atención en que na foto garden as distancias de seguridade.
- OBRADOIRO GASTRONÓMICO. Como todos os anos conicidindo co 7 de abril, Día Mundial da Saúde, os grupos participantes elaborarán unha receita saudable. Este curso decidimos que os grupos participantes o fixeran na aula.
- OBRADOIRO DE IOGA. Decidiuse adaptar a actividade comezada o curso pasado á realidade actual. Falarase coa monitora e decidirase unha nova distribución de grupos/horas.
- CHARLAS INFORMATIVAS. Valorar realizar tres charlas informativas ao longo do curso coas seguintes temáticas: Coronavirus, Educación Sexual, sobre o cancro infantil e Hixiene. Decídese valorar o feito de gravalas e colgalas na web do colexio para que poidan ser difundidas ás familias.
- MOCHILAS VIAXEIRAS DEPORTIVAS. Decídese elaborar paquetes con material deportivo/recreación para que os nenos e nenas poidan levar á casa. O material que se valorou foi: patinetes, monopatíns, diábolo, raquetas, etc.
- EU MÓVOME NAS FINDES. Actividade para promover a actividade física en familia durante as fins de semana. O alumnado debrerá realizar algún tipo de ruta de sendeirismo coa familia e enviar unha fotografía ao centro. Esas fotografías expoñeranse nun mural e na páxina web, ademais cada participante daráselle un adhesivo ou chapa da actividade.

## **[?] ACTIVIDADES RELACIONADAS COAS TECNOLOXÍAS DE INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN**

- Continuación co blogue educativo onde se subirán fotos, videos e comentarios sobre todas as actividades realizadas. Tentar promocionar no alumnado para que teña moitas visitas.

<http://pdcbarriedelamaza.blogspot.com.es/>

## ➤ **31. PROXECTO DE XORNADA CONTINUADA**

### **Índice**

<b><u>CONTEXTUALIZACIÓN.....</u></b>	<b>165</b>
<b><u>PROPOSTA DE HORARIO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA.....</u></b>	<b>166</b>
<b><u>DISTRIBUCIÓN DO HORARIO.....</u></b>	<b>166</b>
<b><u>OBXECTIVOS.....</u></b>	<b>167</b>
<b><u>SERVIZO DE TRANSPORTE.....</u></b>	<b>168</b>
<b><u>SERVIZO DE COMEDOR.....</u></b>	<b>169</b>
<b><u>PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.....</u></b>	<b>169</b>
<b><u>ACTIVIDADES GRATUÍTAS OFERTADAS POLO CENTRO.....</u></b>	<b>169</b>
<b><u>ACTIVIDADES OFERTADAS POLA ANPA.....</u></b>	<b>170</b>
<b><u>ACTIVIDADES OFERTADAS POLO CONCELLO.....</u></b>	<b>170</b>
<b><u>ACTIVIDADES OFERTADAS POR OUTRAS ENTIDADES DEPORTIVAS.....</u></b>	<b>170</b>

---

**CONTEXTUALIZACIÓN**

---

Este proxecto xorde despois dos resultados da última votación do curso 2018/2019, onde se obtiveron os seguintes datos:

- Censo electoral: 316
- Votos necesarios (58% do censo): 183
- Votos emitidos: 248
- Votos a favor da xornada única: 159
- Votos en contra da xornada única: 86
- Votos nulos: 3

Ditos datos deron lugar á constituición dunha comisión formada por un grupo de mestras e mestres para deseñar o seguinte proxecto.

Este proxecto pretende responder á crecente demanda de familias e do profesorado de Educación Infantil e Primaria do centro, que solicita unha modificación no horario tratando de aproveitar mellor as horas de maior rendemento escolar, favorecendo a conciliación da vida familiar, procurando un horario semellante ao do noso centro adscrito IES Terra de Xallas que favoreza unha xestión educativa a longo prazo así como una continuidade na xestión actual do servizo de transporte e comedor.

*Seguindo a Orde do 29 de maio de 2008 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá ou mixta nas escolas de educación infantil e primaria, colexios rurais agrupados, centros públicos integrados, centros de educación infantil e centros privados concertados (DOG do 6 de xuño de 2008) os requisitos que se deben cumprir son os seguintes:*

1. Acordo do consello escolar por maioría dos tres quintos dos seus membros.
2. Acordo do claustro de profesores e profesoras por maioría dos tres quintos dos seus membros.
3. Informe favorable do Servizo de Transportes da delegación provincial.
4. Acordo favorable do 58% do total do censo das nais, pais ou titores/as legais do alumnado (para os efectos de establecer o total do censo computaranse a nai ou pai ou un dos titores/as legais do alumnado da etapa en que se pretende cambiar a xornada).
5. Plan específico de actividades extraescolares.

---

## PROPOSTA DE HORARIO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

---

LUNS a VENRES	
HORAS	SESIÓNS
9:30 – 14:30	Horario lectivo
14:30– 15:30	Comedor (unha única quenda)
<b>15:30</b>	<b>Transporte</b>
A partir das 15:30	Actividades extraescolares

Tendo en conta este horario, demartes a venres entre as 15:30 e as 17:30 permanecerán no centro dous mestres/as, que se encargarán da apertura e garda da Biblioteca Escolar. O profesorado de garda ostentará a representación oficial do centro e manterá en funcionamento a Biblioteca Escolar que estará a disposición do alumnado e das familias. Ademais, establecerase unha tarde semanal para levar a cabo todas as reunións do profesorado e titorías coas familias, que será as tardes dos luns de 15:30 a 17: 30 horas.

---

## DISTRIBUCIÓN DO HORARIO

---

### LUNS A VENRES:

SESIÓNS	HORAS
1 <sup>a</sup>	9:30 - 10:20
2 <sup>a</sup>	10:20 - 11:10
RECREO	11:10 - 11:40
HORA DE LER	11:40 - 12:00
3 <sup>a</sup>	12:00 - 12:50
4 <sup>a</sup>	12:50 - 13:40
5 <sup>a</sup>	13:40 - 14:30

A organización das saídas ao finalizar o horario lectivo será a seguinte:

- [?] Alumnado non usuario de comedor que non van a actividades extraescolares:**  
sairán ás 14:30 horas.

- ?** **Alumnado non usuario de comedor que volven a actividades extraescolares:** entrarán de novo no centro ás 15:25 horas.
- ?** **Alumnado transportado que non asiste a actividades extraescolares:** sairán ás 15:30 horas.
- ?** **Alumnado transportado que asiste a actividades extraescolares:** quedan no centro co monitor/a de cada actividade ata o remate da mesma, cando será recollido polas familias.
- ?** **Alumnado non transportado usuario de comedor que non asiste a actividades extraescolares:** sairán as 15:15 horas.
- ?** **Alumnado non transportado usuario de comedor que asiste a actividades extraescolares:** quedan no centro co monitor/a de cada actividade ata o remate da mesma, cando será recollido polas familias.

Con este horario garantiranse:

1. As 25 horas lectivas semanais.
2. O funcionamento dos servizos ofertados na actualidade: transporte e comedor escolar para todo o alumnado que o solicite.
3. O funcionamento do centro coas xuntanzas de Equipos docentes así coma a atención a nais, pais e familias.

---

## OBXECTIVOS

---

1. Mellorar a calidade de vida dos distintos sectores da comunidade educativa.
2. Potenciar ao máximo as aprendizaxes e a adquisición das competencias clave do noso alumnado, así como a formación permanente de todo o equipo docente.
3. Garantir unha xestión estable a longo prazo do centro educativo.
4. Asegurar a continuidade na organización actual do servizo de comedor.
5. Favorecer a continuidade de proxectos como o Plan Proxecta, Contratos-programa, e calquera outro proxecto que requira continuidade para o seu desenvolvemento.
6. Facilitar a conciliación familiar do conxunto da comunidade educativa.
7. Igualar o horario do noso centro ao resto de centros públicos do concello de Santa



Comba.

8. Posibilitar o descanso do alumnado despois de xantar, integrándoo como tempo de lecer, adiantando así o horario das actividades extraescolares.

9. Aumentar o tempo dispoñible do alumnado para participar nas actividades de educación non formal ofertadas no Concello e na comarca.

10. Manter un horario similar durante as diferentes etapas educativas (Primaria e Secundaria) que favoreza o paso dunha a outra.

11. Dinamizar o uso da Biblioteca Escolar ao permanecer aberta fóra do horario lectivo, facilitando a lectura, estudo, préstamos, consulta de materiais, uso de TIC... estando atendida polo profesorado do centro.

12. Reducir os conflitos que xorden no período de lecer do comedor, pois a sesión da tarde a maioría das veces dedícase á resolución destes conflitos, o cal prexudica ao normal desenvolvemento da área a traballar en dita sesión. Deste xeito acurtaríase en polo menos unha hora a estancia nos patios despois de xantar.

13. Ter o mesmo horario de centro de setembro a xuño e de luns a venres.

---

## SERVIZO DE TRANSPORTE

---

Mantéñense as mesmas rutas e número de autobuses nas entradas e nas saídas. As variacións serán as seguintes:

Mantense a hora de chegada de todas as rutas ás 9:20. Este horario sería o mesmo de setembro a xuño.

Adiántase a hora de saída do autobús ás 15:30.

O horario proposto é o trasladado polas empresas de transporte, pois este sería o horario ideal para as mesmas. **Cabe destacar que non se incrementa o custo de transporte.**

---

## SERVIZO DE COMEDOR

---

Coa xornada única de mañá mantéñense as mesmas prazas de usuarios de comedor:

425.

Coa xornada única manterase o servizo de comedor existente até o momento. O comedor seguirá xestionado polo propio centro, atendido por cinco persoas na cociña, dez familiares colaboradores/as, un/ha encargado/a e a dirección do centro.

O xantar levaríase a cabo ás 14:30 horas. Os/as colaboradores/as do comedor comerán xusto antes do servizo ao alumnado desde as 13:30 até as 14:10 horas. Seguidamente axudarían ao persoal da cociña na organización e atención a usuarios.

---

## PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

---

O inicio das actividades extraescolares sería ás 15:30 todos os días lectivos do curso, de luns a venres, agás o mes de setembro, como é costume no centro para a elaboración das listas de participantes e o deseño das actividades pola ANPA.

Todas as actividades caracterizaranse por:

- Ter carácter voluntario e non discriminatorio.
  
- Serán actividades abertas e de interese para todo o alumnado deste centro.

### ACTIVIDADES GRATUÍTAS OFERTADAS POLO CENTRO

O centro ofertará o servizo de Biblioteca Escolar de 15:30 a 17:30 de martes a venres atendida por profesorado do centro.

Tanto para a entrada como para a saída, o alumnado só poderá entrar ou saír do centro co pai, nai, titor/a legal ou persoa autorizada pola familia, que terá que asinar no libro de conserxería como de costume.

### ACTIVIDADES OFERTADAS POLA ANPA

A ANPA Xallas ofertará actividades, tal e como veu facendo nos cursos anteriores, co cal o cambio de xornada non lle afectará á oferta das mesmas. As actividades que se ofertarán serán as elixidas polas familias no mes de setembro, nunha lista proporcionada pola ANPA. Segundo a demanda, a ANPA poderá ampliar ou suprimir aquelas actividades que sexan necesarias. Estas actividades estarán vixentes desde outubro ata xuño.

Por outra parte, o **Plan Concilia** seguirá nas mesmas condicións que ata o momento. Así, durante as mañás o horario será de 7:30 á 9:30 horas e polas tardes de 15:30 a 20:30

horas.

### ***ACTIVIDADES OFERTADAS POLO CONCELLO***

O Concello tamén propoñerá actividades extraescolares intentando facer unha adaptación dos horarios para favorecer a todos os centros da localidade.

### ***ACTIVIDADES OFERTADAS POR OUTRAS ENTIDADES DEPORTIVAS***

Tamén cabe a posibilidade de que outras entidades deportivas oferten actividades a desenvolver no centro, as cales non interromperán o normal desenvolvemento das actividades ofertadas pola ANPA.

Asdo:

## **INFORME DO CONSELLO ESCOLAR.**

O Consello Escolar, en sesión extraordinaria celebrada o 31 de novembro de 2020, acordou emitir informe favorable á presente Programación Xeral Anual para o curso escolar 2020- 2021.

Santa Comba, 31 de novembro de 2020.

A Directora.

O Secretario

Asdo: M<sup>a</sup> Dolores Nieto Caamaño      Asdo: César Ramos Domínguez